Sobre o grao de cumprimento da normativa que regula as distancias das novas plantacións forestais respecto da rede viaria e a súa posible modificación no que atinxe ás especies máis problemáticas en caso de grandes incendios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26100 (12/POC-004235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne á planificación e á actualización da lexislación respecto da minaría en Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26106 (12/POC-004236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a información que prevé facer pública a Xunta de Galicia en relación coa ampliación do porto deportivo de Baiona e a prorroga da súa concesión á empresa Nauplia Capital

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26112 (12/POC-004237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre o cumprimento na Administración autonómica da lexislación que permite reducións da xornada laboral ao persoal con fillas ou fillos afectados pola diabetes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 26115 (12/POC-004238)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre a construción da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles no complexo medioambiental de Sogama

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26121 (12/POC-004239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o grao de cumprimento dos prestadores do servizo de transporte público por estrada no que atinxe ás súas obrigas relativas á accesibilidade das persoas con mobilidade reducida

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26127 (12/POC-004240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da prevención de inundacións nas zonas fluviais do concello de Pontevedra e os criterios que segue en canto ao principio de respecto e de colaboración institucionais nestas actuacións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26134 (12/POC-004241)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a procura da desestacionalización do turismo en Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26136 (12/POC-004242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre as liñas que inclúe o Plan director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027 para a consecución do seu desenvolvemento sostible

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26140 (12/POC-004243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda das familias de Melide, Toques e Santiso dunha cobertura estable da praza de pediatría no Centro de Saúde de Melide e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26147 (12/POC-004244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena



Sobre as medidas de impulso demográfico do Goberno galego para os vindeiros tres anos de lexislatura

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26150 (12/POC-004245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as necesidades na atención sanitaria de Oleiros no que atinxe á súa dotación de recursos humanos e as previsións que ten a Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26166 (12/POC-004246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as necesidades de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26172 (12/POC-004247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Carreira Pazos, Iria

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da xestión e do comportamento da dirección do Hospital da Mariña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26177 (12/POC-004248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o control que exerce o Goberno galego co obxecto de evitar incumprimentos da normativa aplicable ás vivendas de protección autonómica

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26180 (12/POC-004249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os datos referidos ás vivendas de protección autonómica e o control que exerce a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da normativa que lles atinxe

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26183 (12/POC-004250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o grao de cumprimento da Lei de normalización lingüística no vixente modelo educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26191 (12/POC-004251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26194 (12/POC-004252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación e as necesidades dos servizos de transporte público por estrada que se desenvolven no concello de Arzúa e as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa súa mellora

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26200 (12/POC-004253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as previsións do Goberno de España en relación co financiamento do Plan Corresponsables

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26202 (12/POC-004254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 9 máis

Sobre as consecuencias que a caída xeral do sistema eléctrico do 28 de abril tivo para a planta de Alcoa en San Cibrao

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de facer balance dun servizo promovido polo Goberno galego e pioneiro en España, que favorece o desenvolvemento da actividade das gandarías máis dispersas xeograficamente

É sabido que o sector gandeiro de Galicia conta con numerosas explotacións de pequeno tamaño, localizadas moitas delas en zonas de montaña –ás veces, de alta montaña–, afastadas dos grandes núcleos de poboación e situadas a grandes distancias dos matadoiros municipais.

Neste respecto, desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia vimos con moi bos ollos a presentación –en novembro do ano 2023– e posterior posta en marcha, por parte da Consellería do Medio Rural, dun servizo público de matadoiro móbil. Esta iniciativa contrarrestaría as dificultades que presenta a actividade naquelas localizacións máis afastadas dos matadoiros convencionais e facilitaría o acceso ao sacrificio de determinados animais, tales como ovellas, cabras e porcos.

Deste xeito, non só se melloraría a rendibilidade das explotacións reducindo os custes de transporte, senón que, ademais, aumentaría a calidade da carne e do benestar animal. Ademais, unha das prioridades está, tal e como especificou a Consellería do Medio Rural, en evitar o abandono das zonas rurais cuxas situacións representan unha complicación neste eido do desenvolvemento normal da actividade, resultando clave a dinamización e dotación de novos servizos, co fin último de provelas destes últimos e, por suposto, facelas máis atractivas.



Este matadoiro, con sede física no concello de Chantada (Lugo) –que permite o almacenamento con cámaras frigoríficas das pezas en canal e o mantemento e desinfección da unidade móbil, entre outras cuestións–, é totalmente pioneiro en España, erixíndose como unha actuación exemplar, cuxa actividade foi iniciada ao comezo de xaneiro de 2024.

Ao respecto, é importante facer balance deste servizo, desde o inicio da súa actividade, co obxecto de determinar se se están cumprindo, con efectividade, as melloras ás que prometía facer fronte a súa posta en funcionamento, favorecendo o desenvolvemento da actividade das gandarías máis dispersas xeograficamente.

É polo que, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- Que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha do matadoiro móbil de Galicia, así como da actividade que tivo ata o momento?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/05/2025 19:55:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2025 19:55:52

José Mato Díaz na data 22/05/2025 19:56:09

Juan Manuel Casares Gándara na data 22/05/2025 19:56:32

Enrique Barreiro Sánchez na data 22/05/2025 19:56:51

Cristina Campero Dorado na data 22/05/2025 19:57:08

Nicole Grueira Fernández na data 22/05/2025 19:57:26

Ángel Rodríguez Conde na data 22/05/2025 19:57:29

Cecilia Vázquez Suárez na data 22/05/2025 19:58:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26273
Data envío: 23/05/2025 14:17:59.098

Asinado o día 23/05/2025 ás 14:12
Por Alberto Pazos Co

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**, a tramitar polo **trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola decisión do Goberno de España de seguir aumentando as desigualdades entre as comunidades autónomas, dependendo de onde gobernen os seus socios e da necesidade de apoios parlamentarios.

No eido da dependencia transcendeu que o Executivo que preside o socialista Pedro Sánchez vén de comprometerse co País Vasco en achegar o 50% do financiamento dos servizos de dependencia, tal e como marca a lei, mentres que en Galicia a achega estatal, lonxe de aumentar vese reducida, baixando ao 40% ao 34,9% en só un ano.

Así a débeda acumulada polo Goberno de España cos galegos e galegas xa supera os 2.500 millóns de euros.

Desde Galicia non podemos consentir que, con estas decisións arbitrarias do Executivo de coalición, se establezan comunidades e dependentes de primeira e de segunda categoría e, todo iso, en base a repartir financiamento de xeito desigual e condicionado só por criterios políticos.

É polo que, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da decisión do Goberno central de achegar o 50% do financiamento dos servizos de dependencia só en favor do País Vasco e non cumprir esta esixencia legal con Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado o día 23/05/2025 ás 14:11
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 14:11:42
Paula Prado del Rio na data 23/05/2025 14:12:16
Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2025 14:12:31
Noelia Pérez López na data 23/05/2025 14:12:49
Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 14:13:12
María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 14:13:36
Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 14:14:16
Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 14:14:31
Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 14:15:13
Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 14:15:49
Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 14:16:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 14:18:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26273
Data envío: 23/05/2025 14:17:59.098

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, , relativa ás medidas a tomar para que a comarca do Salnés estea dotado dun servizo de urxencias terrestre extrahospitalario digno todo o ano.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social diante da situación do servizo de urxencias terrestre extrahospitalario na comarca do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e existe moita preocupación na comarca do Salnés de que a Xunta volva un ano máis a trasladar a ambulancia medicalizada con base no hospital do Salnés para Sanxenxo durante a época estival, na vez de reforzar este concello e Ogrobe con unha ambulancia distinta.

Deixar na práctica sen ambulancia unha parte moi importante da comarca, a empezar por un concello de case 40 mil persoas como é Vilagarcía é unha temeridade e ten consecuencias dramáticas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son xa moitas as ocasión en que se puxo en evidencia as consecuencias de que a ambulancia medicalizada non estea no hospital do Salnés e polo tanto non estea en disposición de prestar asistencia en 5 minutos na vez dos 25 ou 30 se ven desde Sanxenxo, ou que xa non se active.

A isto hai que engadir que á ambulancia medicalizada que ten a súa base no hospital do Salnés, o 061 estalle asignando maioritariamente os traslados de doentes ingresados no hospital do Salnés a outros hospitais, aínda que o traslado non sexa urxente e as persoas a trasladar non estean en situación crítica ou de risco.

É sorprendente esta decisión cando no hospital do Salnés hai unha UVI móbil destinada unicamente a este fin que permanece aparcada. Esta conta con material, persoal técnico, así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas,

Unha auténtica irresponsabilidade, xa que mentres realizan eses traslados de doentes non críticos, a ambulancia medicalizada non está dispoñíbel para atender as urxencias que xurdan na comarca.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

Esixímoslle rectificación ao PP, que priorice a saúde e a vida da veciñanza da comarca do Salnés e destine os recursos para que dispoñan dunha asistencia sanitaria digna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Considera que está garantindo unha atención axeitada ás persoas que precisan transporte sanitario terrestre na comarca do Salnés?

Vai rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas?

Cal é a razón para non estar realizando os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material, persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin?

Vai atender a demanda de que a ambulancia medicalizada, SVA, se manteña con base no hospital do Salnés os 12 meses do ano?

O vindeiro verán vai reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, os concellos de Sanxenxo e O Grove pola súa alta afluencia de visitantes?

A que agarda para dotar as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA), que só teñen un técnico na actualidade, con dous?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Ariadna Fernández González
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/05/2025 17:26:59

Iria Carreira Pazos na data 26/05/2025 17:27:12

Ariadna Fernández González na data 26/05/2025 17:27:24

Olalla Rodil Fernández na data 26/05/2025 17:27:36

Iago Suárez Fernández na data 26/05/2025 17:27:48





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 17 de maio conmemoramos o Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia, unha data histórica na que, en 1990, a Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde (OMS) eliminou a homosexualidade da lista de enfermidades mentais, poñendo fin á percepción institucionalizada da homosexualidade como unha enfermidade. En España, este día foi recoñecido oficialmente polo Goberno en 2009.

Os avances nos dereitos do colectivo LGTBI a nivel global nos últimos 35 anos foron notables, ampliando dereitos das persoas LGTBI en moitos países. Pero aínda no 2025 a diversidade sexual e de xénero está penada en moitos países coa cárcere e incluso coa morte.

España é un referente internacional grazas a leis como a do matrimonio igualitario (Lei 13/2005), a Lei integral para a igualdade de trato e a non discriminación (Lei 15/2022), a Lei para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI (Lei 4/2023), e normativas autonómicas como a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, impulsada polo PSdeG. Estas leis consolidaron avances significativos, pero a loita contra a LGTBIfobia require un compromiso continuo.





A nivel estatal, o Ministerio de Igualdade elaborou a Estratexia Estatal para a Igualdade de Trato e Non Discriminación das Persoas LGTBI+ (2025-2028), un plan cuadrienal con máis de 200 medidas para combater a LGTBIfobia e promover a igualdade real en ámbitos como a educación, o emprego, a saúde, a vivenda, o deporte e a cultura. Esta estratexia, desenvolvida baixo o mandato da Lei 4/2023, estrutura as súas accións en tres eixos: gobernanza e coordinación, sensibilización e prevención da violencia LGTBIfóbica, e acompañamento, inclusión e reparación. Entre as súas medidas destacan a formación de profesionais en delitos de odio, a promoción da educación afectivo-sexual, a atención sanitaria específica para persoas trans, plans de prevención do suicidio, e o recoñecemento da memoria histórica LGTBI+. A estratexia require a colaboración das comunidades autónomas, que deben aprobar o seu informe na Conferencia Sectorial de Igualdade, ofrecendo a Galicia unha oportunidade para liderar a implementación destas políticas.

A pesar dos avances lexislativos, a discriminación e os delitos de odio contra o colectivo LGTBI seguen sendo unha realidade. A nivel nacional, os casos incrementáronse significativamente nos últimos anos, e unha enquisa do Ministerio do Interior de 2021 revelou que preto do 90 % destes delitos non se denuncian, a miúdo por desconfianza nas institucións ou por un trato inadecuado ás vítimas.

En Galicia, a Xunta de Galicia ten a responsabilidade de complementar estas accións, integrando as medidas da Estratexia Estatal e reforzando as políticas autonómicas. A plena aplicación da Lei 2/2014, xunto cunha maior coordinación coas asociacións LGTBI e os concellos, é esencial para construír unha sociedade galega diversa, inclusiva e libre de LGTBIfobia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2025 11:49:44
Nº Rexistro: 25736
Data envío: 16/05/2025 11:49:44.773

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego integrar a Estratexia Estatal para a Igualdade de Trato e Non Discriminación das Persoas LGTBI+ (2025-2028) nas políticas autonómicas? En caso afirmativo, que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para dar cumprimento efectivo á dita Estratexia?
2. Ten pensado o Goberno galego reforzar os mecanismo de atención ás vítimas e prevención da LGTBIfobia?
3. Estase a garantir o cumprimento efectivo da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia?

Santiago de Compostela, a 16 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/05/2025 11:45:52

Elena Espinosa Mangana na data 16/05/2025 11:46:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para colaborar activa e decididamente na solución aos problemas de cobertura móbil e de internet de varios lugares de Palmés, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a medios dixitais instalouse na nosa sociedade como un elemento central para poder desenvolver a vida das e dos cidadáns, ata o punto de ser mesmo unha esixencia para a súa relación coas distintas administracións. É evidente que o acceso ás tecnoloxías e á comunicación dixital son un dos grandes avances dos nosos tempos. Porén, hai que ter en conta que ao tempo que os avances neste ámbito, concorren aínda numerosas dificultades e desigualdades derivadas ben da capacidade de acceso das persoas ou ben da accesibilidade segundo o lugar desde o cal se tente acceder.

Así as cousas, malia o desenvolvemento de importantes plans e investimentos, tanto a través de fondos europeos, como de fondos galegos ou estatais, fican no noso país numerosas zonas nas que non é posible un acceso mínimo a través de fibra óptica ou nas que, peor aínda, non é posible unha cobertura adecuada de teléfono e de datos móbiles que poidan paliar a desconexión dixital.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Após diversas iniciativas, como poden ser o Plan Galicia 5G da Xunta de Galiza, do ano 2018, ou o Plan de Banda Larga 2020, aprobado no 2015 e que asumía os obxectivos establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación, hai zonas mesmos próximas a grandes cidades, que arrastran enormes dificultades e o máis recente despregamento da fibra, no que moitas persoas e fogares tiñan depositadas as súas esperanzas, aínda arrastra importantes áreas sen fornecemento.

Desde hai anos a veciñanza de varios lugares de Palmés, no perímetro rural da cidade de Ourense, puxeron no coñecemento de distintas administracións os recorrentes problemas de falta de cobertura móbil e de internet nos lugares da Conchada e de Naves. Malia as respostas encamiñadas a confiar no despregamento da fibra óptica e na mellora da cobertura telefónica, a realidade é que ningún dos Plans acometidos pola Xunta de Galiza anteriormente ou polo goberno do Estado trouxeron solución a estes problemas. A este respecto a veciñanza remitiu cando menos desde o ano 2021 diferentes escritos tanto á Valedora do Pobo como ao Defensor del Pueblo sen conseguir aínda unha solución satisfactoria.

É preciso recordar que aínda que o desenvolvemento das tecnoloxías de comunicación veu acompañado dun progresivo acaparamento de competencias e plans por parte do Estado, que a Xunta de Galiza asumiu con compracencia, trátase dun ámbito tan transversal que o goberno galego ten capacidade para exercer un papel de liderado e interlocución neste tipo de problemas para as e os cidadáns.

Así, cómpre recordar que para alén das competencias exclusivas en materia de defensa das e dos consumidores, o goberno galego ten instrumentos como a AMTEGA, que nos seu estatutos ten, no artigo 9, entre as súas competencias, atribucións coma o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de tecnoloxías da información e as comunicacións ou a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galiza.

Na sociedade actual o acceso a unha rede de telefonía e de internet é un elemento básico e imprescindible para as e os veciños poderen desenvolver as súas vidas persoais e profesionais en condicións de igualdade de oportunidades. Non en balde, a propia Unión Europea consagrou en setembro de 2016 esta cuestión como un dereito fundamental. Xa que logo, poder ter unha mínima calidade de comunicación telefónica é directamente imprescindible.

Por estes motivos, atendendo ao deber do goberno galego de velar polos dereitos das e dos cidadáns, é preciso que favoreza a colaboración coas distintas administracións para propiciar o acceso dos cidadáns aos servizos dixitais, máis aínda no caso do Concello de Ourense que, segundo as informacións facilitadas desde a Valedora do Pobo, durante estes anos non se responsabilizou de demandar a inclusión destas zonas de Palmés nos diferentes plans.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego, no ámbito dos seus plans ou en colaboración con outras administracións, para que a veciñanza de Palmés en Ourense teña garantida unha suficiente cobertura no ámbito das telecomunicacións?

Vai impulsar o goberno galego unha mesa de traballo interinstitucional para acadar as medidas necesarias que solucionen o problema de illamento tecnolóxico de distintas zonas do Concello de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recibiu peticións ao respecto do Concello de Ourense? Cales e en que datas?
Con que resultado?

Dirixiuse á compañía telefónica, como institución, para esixir as melloras correspondentes?

Vai apoiar á veciñanza cos medios necesarios por parte de AMTEGA e da Xunta de Galiza ante esta situación?

Vai aproveitar para diagnosticar os problemas da comarca e impulsar as accións propias ou alleas precisas?

Recibira a Xunta de Galiza reclamacións particulares ou institucionais desta zona?

Considera o goberno galego que esta situación é compatíbel coa fixación de poboación e o desenvolvemento profesional para as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2025 12:02:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/05/2025 12:03:13

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/05/2025 12:03:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Noa Presas Bergantiños, Óscar Insua Lema, Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a actividade da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade da coñecida como Sociedade Impulsa Galiza ven sendo obxecto atención por parte do Grupo parlamentar do BNG. A importancia das tarefas e obxectivos que xustificaron a súa constitución, e sobre todo, o control político que sobre esta sociedade exerce a Xunta de Galiza explica esta atención e os intentos de control, en exercicio das nosas lexítimas competencias estatutarias e democráticas, que pretendiamos e pretendemos realizar.

Até en 3 ocasións levamos á Comisión 3ª deste Parlamento unha batería de preguntas para a súa resposta oral por parte do goberno. Nas dúas primeiras o daquela Director do IGAPE, Sr. Guldrís, esquivou sen disimulo absolutamente todas as preguntas, evitando informar e faltando ao deber de dación de contas do goberno. Na terceira, o Secretario xeral de industria, Sr. Vázquez Iglesias, contestou algunha delas parcialmente, outras con inexactitudes, outras deixounas novamente sen contestar, e finalmente remitiunos ao Rexistro mercantil para consultar as contas e memoria da Sociedade salientando o carácter privado da mesma.

Este carácter privado da Sociedade serviulle recentemente á Conselleira de economía, industria e innovación de parapeto fronte a demanda de información respecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do proxecto Altri realizada polo noso Grupo parlamentar a través dunha interpelación en Pleno, “non é un proxecto da Xunta”, dixo, “senón dunha Sociedade público privada”.

Estas manifestacións de diferentes representantes da Xunta foron desmentidas rotundamente polo Consello de Contas de Galiza, que en dous informes publicados o día 6 de maio, sobre sociedades mercantís autonómicas e sobre entes instrumentais respectivamente, dános a razón nas argumentacións esgrimidas reiteradamente desde o BNG cando esixiamos exercer a nosa labor de control sobre a actividade da Sociedade, e despexa calquer dúbida sobre a natureza desta Sociedade, poñendo o foco no control político que a Xunta exerce sobre ela a través dos dereitos de voto no Consello de administración, na localización da sede social no edificio do IGAPE, e exemplificándoo no feito de estar presidida pola propia Conselleira, Sra. Lorenzana, que viña precisamente de negar en sede parlamentaria ese control político.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1.- Por que un capital inicial de 5 millóns de euros? Como chegou a declarar un activo a 7,2 millóns de euros e uns beneficios de 224.000 euros no exercicio 2021?

2.- Cantas tarefas ou servizos realiza con persoal propio e cantas subcontrata? A que empresas subcontrata a prestación de servizos?

3.- Que volume da actividade da Sociedade Impulsa a realizan as sociedades que participan no seu capital? Están entre os servizos que realizan estas sociedades a elaboración de informes ou outros servizos de consultoría? Cantos contratos ou encargos deste tipo ten realizado e cantos están finalizados? Cal foi o seu custe?

4.- Cales as retribucións do Consello de administración, comité executivo e alta dirección?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- En cantos proxectos están traballando? Cal o grao de maduración dos diferentes proxectos?

6.- Cantas empresas están comprometidas cos diferentes proxectos e cales son?

7.- Por que a Xunta nega a natureza pública desta Sociedade?

8.- Pensa a Xunta de Galiza dar cumprimento á demanda do Consello de Contas de Galiza respecto da transparencia, dación de contas e control público da Sociedade Impulsa Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/05/2025 12:13:38

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2025 12:13:56

Rosana Pérez Fernández na data 16/05/2025 12:14:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 16/05/2025 12:14:50

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/05/2025 12:15:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego do Informe económico-financeiro das entidades instrumentais respecto do exercicio do ano 2022 e ás actuacións que valora impulsar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de maio o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego o seu Informe económico-financeiro das entidades instrumentais respecto do exercicio do ano 2022, un informe que pon de manifesto de forma reiterada os incumprimentos na materia do goberno galego e a súa desidia á hora de ordenar e transparentar este ámbito da nosa administración.

Así, o Consello de Contas sinala literalmente *“Transcorridos xa trece anos desde a aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galiza (Lofaxga), a Comunidade Autónoma continúa sen pór en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto nesta norma e no que se deberían inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente e no que se depositen as contas anuais para a súa remisión ao Consello de Contas. Este incumprimento obstaculiza a delimitación das entidades que, segundo a normativa vixente, deben ter a*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consideración de sector público autonómico e que deben estar sometidas aos procedementos e controis propios da xestión do sector público. Esta situación obriga o órgano de control externo a empregar a información recollida no Inventario de Entidades do Sector Público do Ministerio de Hacienda.”

É dicir, máis de trece anos despois da aprobación por parte do goberno galego da lexislación na materia, continúa sen aplicar a súa propia lei, incumpríndoa de forma reiterada e afondando na falta de transparencia, de dación de contas e arrastrando unha deficiente planificación e organización económica e orzamentaria.

Ademais, incumpre co propio Parlamento Galego, porque como recolle o propio informe “*Malia que o 25 de abril de 2023 o Pleno do Parlamento de Galicia incidíu nesta preocupación ao acordar por unanimidade instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma inmediata este rexistro, na data de aprobación deste informe tal feito segue pendente de se producir.*”

As entidades instrumentais (excluído o Sergas) dispoñían en 2022 aproximadamente o 17% do orzamento autonómico e supoñen, polo tanto, un volume importante da xestión dos recursos dos galegos e galegas, ao que se suman cuestións referentes aos riscos que presentan. Ademais, hai que sinalar que os informes do Consello amosan só unha parte da realidade porque se sinalan e advirten distintas limitacións ao alcance.

Este é un ámbito, polo tanto, fundamental, que debe ser reordenado con urxencia para garantir o control democrático, a transparencia e unha xestión económica e orzamentaria máis eficaz e útil aos intereses dos galegos e galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que vai facer o goberno galego para deixar de incumprir as súas propias leis aprobadas hai máis de 13 anos e garantir a transparencia e o control democrático e económico das súas entidades instrumentais?

Que valoración global fai o goberno galego das limitacións ao alcance sinaladas no Informe económico-financeiro das entidades instrumentais respecto do exercicio do ano 2022?

E do seu incumprimento das recomendacións emitidas anteriormente?

Que valoración lle merecen as novas recomendacións?

Vai poñer en marcha o rexistro das entidades dependentes prevista na Lofaxga algún día?

Vai actualizar a normativa de réxime financeiro e orzamentario en materia de control e regular o tipo de control aplicable ás distintas entidades?

Vai someter a auditoría contable as contas anuais dos organismos autónomos?

Vai aceptar as recomendacións que especificamente apuntan a Meisa, Sotavento e Impulsa Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2025 12:32:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/05/2025 12:33:09

Óscar Insua Lema na data 16/05/2025 12:33:20

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/05/2025 12:33:36

Rosana Pérez Fernández na data 16/05/2025 12:33:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Un operario de guindastre morreu após ser atropelado na noite da pasada terza feira mentres auxiliaba un vehículo avariado na autovía AG-56, no quilómetro 1.4, ao seu paso por Santiago de Compostela.” Así recollía o xornal Nós Diario o que até de agora é o último accidente laboral mortal na Galiza, onde entre o 17 de febreiro e o 2 de abril deste ano 2024 morreron 8 persoas mentres estaban a traballar, practicamente mes e medio.

Son datos da prensa, porque no momento en que formulamos esta iniciativa non existen datos oficiais posteriores ao mes de xaneiro, en todo caso contrastados a través de diversas fontes, que veñen constatar que a sinistralidade no noso país está instalada en cifras récord dun xeito estrutural sen que o goberno galego do Partido Popular faga absolutamente nada por mudar esta realidade.

Levamos moitos anos no podio da mortalidade laboral no estado español mentres a Xunta de Galiza abanea entre a pasividade e a autocompracencia, repetindo slogans sen contido real, sen medidas executivas efectivas e polo tanto sen resultados e sen mudar a situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos do ano 2023 non fan máis que reafirmalo, 53 persoas falecidas mentres traballaban, un índice de incidencia que practicamente duplica á media do estado español e que significa que unha persoa na Galiza cando sae cara o seu posto de traballo ten case o dobre de posibilidades de morrer que en outros territorios do estado español.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Como explica a Xunta da Galiza os niveis de sinistralidade do noso país?

Como valora a Xunta de Galiza a actuación da inspección de traballo no noso país?

Cantos expedientes sancionadores por infraccións en materia de Prevención de riscos laborais ten pechado a Xunta de Galiza durante os anos 2021, 2022 e 2023?

Considera a Xunta de Galiza que os medios, o persoal e as competencias do ISSGA son suficientes e funcionais para mudar os niveis de sinistralidade do noso país?

Que está a facer a Xunta de Galiza para mudar os niveis record de mortalidade laboral?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Noa Presas Bergantiños
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 16/05/2025 12:42:16

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2025 12:42:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores e Carmela González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Un operario de guindastre morreu após ser atropelado na noite da pasada terza feira mentres auxiliaba un vehículo avariado na autovía AG-56, no quilómetro 1.4, ao seu paso por Santiago de Compostela.” Así recollía o xornal Nós Diario o que até de agora é o último accidente laboral mortal na Galiza, onde entre o 17 de febreiro e o 2 de abril deste ano 2024 morreron 8 persoas mentres estaban a traballar, practicamente mes e medio.

Son datos da prensa, porque no momento en que formulamos esta iniciativa non existen datos oficiais posteriores ao mes de xaneiro, en todo caso contrastados a través de diversas fontes, que veñen constatar que a sinistralidade no noso país está instalada en cifras récord dun xeito estrutural sen que o goberno galego do Partido Popular faga absolutamente nada por mudar esta realidade.

Levamos moitos anos no podio da mortalidade laboral no estado español mentres a Xunta de Galiza abanea entre a pasividade e a autocompracencia, repetindo slogans sen contido real, sen medidas executivas efectivas e polo tanto sen resultados e sen mudar a situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos do ano 2023 non fan máis que reafirmalo, 53 persoas falecidas mentres traballaban, un índice de incidencia que practicamente duplica á media do estado español e que significa que unha persoa na Galiza cando sae cara o seu posto de traballo ten case o dobre de posibilidades de morrer que en outros territorios do estado español.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Como explica a Xunta da Galiza os niveis de sinistralidade do noso país?

Como valora a Xunta de Galiza a actuación da inspección de traballo no noso país?

Cantos expedientes sancionadores por infraccións en materia de Prevención de riscos laborais ten pechado a Xunta de Galiza durante os anos 2021, 2022 e 2023?

Considera a Xunta de Galiza que os medios, o persoal e as competencias do ISSGA son suficientes e funcionais para mudar os niveis de sinistralidade do noso país?

Que está a facer a Xunta de Galiza para mudar os niveis record de mortalidade laboral?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Carmela González Iglesias
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/05/2025 12:45:31

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2025 12:45:42

Carmela González Iglesias na data 16/05/2025 12:45:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego dos resultados do Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común para os e exercicios 2009-2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de maio o Consello de Contas facía público o Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común para os e exercicios 2009-2021, un informe emanado da vontade expresada polo Parlamento Galego no marco da Comisión permanente para a relación co Consello de Contas, toda vez que o financiamento do noso país é un asunto fundamental para o ámbito das finanzas públicas e do sostemento dos servizos públicos.

Tal e como recorda o informe, e como se ten denunciado reiteradamente desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, hai que recordar que o sistema de financiamento leva caducado desde o ano 2014, data desde a que se está a incumprir a previsión legal de revisións quinquenais e de avaliación de resultados.

O traballo elaborado polo Consello de Contas tivo como obxectivo verificar os resultados obtidos en Galiza, en termos de equidade e suficiencia, dos recursos do sistema para atender o gasto autonómico, en especial o gasto nos servizos públicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esenciais, servizos como o ensino, a sanidade ou a política social. Canto ao alcance temporal, este comprende os recursos do período de vixencia do actual modelo de financiamento, isto é, desde o seu inicio no ano 2009 até o ano 2021 debido ao marco temporal no que se iniciou o informe.

O Informe publicado recolle e avala con datos contundentes que Galiza perdeu con este sistema de financiamento e que pese aos reiterados discursos centralistas e interesados que cuestionan a capacidade do noso país, a realidade é que é esta inxusta relación económica co Estado a que limita a nosas capacidades e empobrece Galiza limitando, ademais, o exercicio do noso autogoberno. Asemade, tamén se sinala a manobra que daría unha maior capacidade fiscal, á que o goberno da Xunta ten renunciado por activa e por pasiva, tanto á hora de non desenvolverla como á hora de aplicar rebaixas fiscais insolventes e insolidarias.

Así, o Informe sinala que na asignación de recursos do sistema, Galiza presenta unha capacidade fiscal 6 puntos por debaixo da media das comunidades autónomas e unhas necesidades de gasto 7 puntos por encima da media daquelas. Así mesmo, se ben na maior parte do período de vixencia do modelo o exercicio da capacidade normativa serviu para incrementar os recursos facilitados polo sistema, nos exercicios 2021 e 2022 o exercicio das competencias normativas tributarias pola Comunidade Autónoma supuxo unha diminución deses ingresos ao superar os beneficios fiscais as medidas de incremento da recadación. Unhas medidas, ademais, que tal e como xa advertiu o Consello noutros informes, non contan coa debida fundamentación económica nin cunha avaliación rigorosa do seu retorno.

O sistema vixente supón para Galiza, por habitante real, un déficit medio anual de 559 euros (391 euros se excluimos outro financiamento adicional) e supón unha insuficiencia par atender os servizos públicos esenciais cun déficit de financiamento que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o Consello sitúa en 1.535 millóns de media anual (1.075 millóns se excluímos outro financiamento adicional para estes servizos, é dicir, computando só o gasto financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma).

Ademais, cabe sinalar que Galiza mantén durante todo o período analizado un financiamento per cápita tres puntos superior á media das CCAA, mais cunha tendencia decrecente respecto dos primeiros anos de vixencia do modelo (ano 2010) e hai que salientar que na senda de crecemento do financiamento autonómico que se mantivo ata o ano 2019, Galiza foi dos territorios que menos medrou. Así, en contra da dinámica xeral, a perda sistemática de poboación total e axustada, incidiu nesa liña. Como consecuencia, vemos que o peso relativo dos recursos de Galicia no SFA (a competencias homoxéneas) descendeu dun 7,1% no exercicio 2010 a un 6,6% no 2021.

As consecuencias das medidas centralistas e neoliberais acrecentadas a partir da crise financeira e as consecuencias dun sistema de financiamento lesivo para Galiza tiveron repercusións na vida dos galegos e galegas e no sostemento dos seus servizos públicos. Así, malia que os gobernos do Partido Popular triplicaron a débeda pública de Galiza, o Informe do Consello deixa ás claras que a forma en que se paliou a falta de financiamento estrutural non foi esta vía senón a do desinvestimento, sinalando que *“No período analizado, a insuficiencia de ingresos na nosa Comunidade Autónoma xestionouse recorrendo a niveis de gasto inferiores, por debaixo da media das CCAA, o que se traduciu nun déficit público inferior á media daquelas e unha débeda por habitante axustado tamén por debaixo desa media.”*

Tal e como alertaron outras voces e institucións, o informe recolle tamén a anomalía democrática de que a determinación das necesidades de gasto a financiar polo sistema non se realice en función do custo efectivo dos servizos e analiza pormenorizadamente as diferentes variables e a súa falta de axuste á realidade galega así





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como a proposta do Ministerio sobre a nova determinación da poboación axustada, que tampouco ofrece unha solución xusta para Galiza.

O Consello de Contas ofrece a Galiza un estudo rigoroso que ten que servir para que o noso país supere o bloqueo que aplicou o Partido Popular a este debate, obstaculizándoo desde o ano 2009 e, máis recentemente, bloqueando pola vía dos feitos a Comisión de Estudo do Parlamento Galego da XI lexislatura.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Vai impulsar o goberno galego, con base ao Informe sobre financiamento do Consello de Contas, unha posición de país para un financiamento xusto?

Que valoración lle merece o informe?

Asume a Xunta de Galiza que errou ao asumir un sistema inxusto e non abrir o seu debate nestes anos?

Vai colaborar o goberno galego en que haxa unha posición de país para garantir un sistema que cubra as necesidades dos servizos públicos?

Por que o goberno galego non fai unha avaliación rigorosa da súa política fiscal?

Por que o goberno galego paliou o infrafinanciamento dos servizos públicos recortando o investimento ao tempo que triplicaba a débeda pública de Galiza?

Que recomendacións do Consello asume?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2025 12:53:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/05/2025 12:54:08

Óscar Insua Lema na data 16/05/2025 12:54:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/05/2025 12:54:44

Rosana Pérez Fernández na data 16/05/2025 12:55:11





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A coñecida como “Variante de Portosín” é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia no termo municipal de Porto do Son, concibida como unha nova infraestrutura viaria destinada a aliviar a circulación na estrada AC-550 ao seu paso pola vila. O proxecto inicial contemplaba a construción dunha vía alternativa duns sete quilómetros de lonxitude, enlazando Taramancos coa circunvalación de Cans, cun investimento previsto de 37 millóns de euros.

A proposta tiña como obxectivo mellorar a fluidez do tráfico, especialmente durante os meses de maior afluencia turística, facilitar os accesos á vila e reforzar a seguridade viaria. Non obstante, dende o seu anuncio, a iniciativa foi obxecto de controversia e rexeitamento por parte de diversos sectores sociais e veciñais. Entre os argumentos esgrimidos contra a obra destacan a ausencia de retencións que xustifiquen unha intervención desta envergadura, o elevado custo económico, e o potencial impacto ambiental sobre montes e ecosistemas da contorna.





A pesar destas críticas, un dos puntos positivos que se podería considerar na reactivación deste proxecto sería a súa conexión con posibles zonas industriais ou de desenvolvemento económico no concello e arredores. A Variante de Portosín, reavaliada e adaptada á realidade actual, podería servir tamén para mellorar o acceso a chans industriais e outras áreas de actividade económica, potenciando o crecemento sostible e a dinamización do tecido produtivo local. Neste sentido, un redeseño do proxecto podería contemplar solucións máis específicas para este tipo de infraestruturas, facilitando a accesibilidade e mellorando a conectividade para as empresas.

A día de hoxe, o proxecto segue paralizado e sen avances significativos na súa tramitación. A Xunta de Galicia non retomou os pasos administrativos para a súa execución, e o goberno local mantén a súa aposta por solucións máis asumibles e adaptadas á realidade da zona.

Esta situación pon de manifesto a necesidade de reavaliar, con rigor técnico e consenso social, proxectos de grande impacto que non contan cun apoio cidadán nin cunha xustificación funcional clara. Fronte a actuacións que poden comprometer o territorio e o medio ambiente, cómpre promover alternativas máis sostibles, proporcionadas e acordes ás necesidades reais da veciñanza de Porto do Son e da comarca.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia retomar o proxecto da Variante de Portosín para mellorar a mobilidade, reducir o tráfico e favorecer o acceso a zonas industriais, respectando o medio ambiente e coordinándose coas autoridades locais?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 09:58:32
Nº Rexistro: 25803
Data envío: 19/05/2025 09:58:32.597

2. Vai a Xunta de Galicia revisar a viabilidade da Variante de Portosín, tendo en conta o impacto ambiental e a mellora do acceso ás zonas industriais?

Santiago de Compostela, a 19 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 19/05/2025 09:51:16

Carlos López Font na data 19/05/2025 09:51:27

CSV: BOPGDSPG-cjWFKSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86026

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

Neste contexto, é imprescindible prestar atención ás necesidades viarias e peonís do concello de Tomiño, particularmente naqueles lugares onde a falta de infraestruturas adecuadas supón un risco para a seguridade das persoas.

Un exemplo destacado é o lugar de Barro, atravesado pola estrada PO-344, onde numerosos veciños e veciñas vense na obriga de transitar pola calzada ante a inexistencia de beirarrúas ou espazos habilitados para peóns. Neste tramo ademais, atópase unha escola infantil case na curva, o que supón que as familias teñan que recoller en plena vía a nenos e nenas de 2 a 6 anos, co perigo que iso implica.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 10:18:13
Nº Rexistro: 25809
Data envío: 19/05/2025 10:18:13.426

Esta situación, ademais de comprometer a seguridade viaria, dificulta a mobilidade diaria, especialmente para colectivos vulnerables como persoas maiores, nenos ou persoas con mobilidade reducida.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a mellorar a seguridade viaria e peonil na estrada PO-344 no lugar de Barro en Tomiño?
2. Vai a Xunta de Galicia atender á demanda de construción de beirarrúas?
3. Preocúpalle á Xunta de Galicia a falta de seguridade viaria e peonil na estrada PO-344?

Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/05/2025 10:11:59

Carlos López Font na data 19/05/2025 10:12:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a presenza da lingua galega na adquisición de xornais para os centros de ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicou os convenios de colaboración, asinados en xaneiro, que subscribe para o primeiro cuadrimestre de 2025 para adquirir xornais destinados aos centros de ensino, dentro do programa de fomento de lectura da prensa escrita da Consellaría. A suma total destes convenios é de 297.000, desagregados do seguinte xeito:

Denominación do convenio	Achega da consellaría
Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade EPI Prensa, S.L.U.	14.124,17 €
Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade Faro de Vigo, S.A.U.	56.889,04 €
Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade La Opinión A Coruña, S.L.U.	5.100,40 €
Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade El Progreso de Lugo, S.L.	27.071,33 €
Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade Lérez Ediciones, S.L.U.	11.377,81 €
Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación,	1.569,35 €





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denominación do convenio

Achega da
consellaría

Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade Editorial La Capital, S.L.U. - Diario de Arousa.

Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade Editorial La Capital, S.L.U. - Diario de Ferrol. 2.746,37 €

Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade Editorial La Capital, S.L.U. - El Ideal Gallego. 3.138,71 €

Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade La Voz de Galicia, S.A. 149.873,18 €

Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade La Región, S.A. 21.578,60 €

Convenio de colaboración para o fomento da lectura da prensa escrita entre o alumnado dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos no ano 2025 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a entidade Rías Baixas Comunicación, S.A. 3.531,04 €

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece entre as medidas para a área de Medios de comunicación o de “Iniciar un proceso de incremento anual e constante do uso do galego nos medios de comunicación públicos e privados que supere a actual situación de marxinación e de confinamento no eido cultural”. O mesmo Plan Xeral establece “Promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega” entre as medidas para a área de ensino, o que entra en contradición co feito de excluír o único xornal que se edita integramente en galego dos convenios de fomento de lectura de prensa escrita.

Alén diso, a Lei de Normalización Lingüística dispón, no seu Artigo 123.2, “As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”.

Na práctica, o galego fica excluído da promoción da lectura de prensa escrita nos centros de ensino.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cal é o obxectivo do programa de fomento de lectura da prensa escrita en centros escolares da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional?
- A que se debe que non se inclúa o único xornal escrito en galego neste programa?
- Ten previsto a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cumprir co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega no programa de fomento de lectura de prensa escrita nos centros de ensino?
- Ten previsto a Consellaría incluír o único medio escrito publicado en galego no programa de fomento de lectura de prensa escrita nos centros de ensino?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 19/05/2025 10:22:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 19/05/2025 10:27:35





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martinez, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Patricia García González e Manuel Santos Costa ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta do 28 de abril de 2025 tomou razón da modernización da rede de medidas oceanográficas das augas pouco profundas mediante a instalación de 15 novos sensores para o rexistro en continuo da salinidade e de temperatura.

A Consellería do Mar está levando a cabo esta actuación a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) no marco do Observatorio Costeiro de Galicia.

Esta actuación afonda no proceso iniciado co proxecto Redecos I, desenvolvido no marco da rede de colaboración entre o sector pesqueiro e os centros de investigación de Galicia (Redemar) e que supuxo a posta en marcha da primeira fase piloto. Nesta etapa realizouse a compra e fondeo de 3 sondas en Lombos do Ulla, Barallobre e Miño, que achegaron información relevante sobre o manexo e a instalación destes dispositivos.

Agora, co desenvolvemento de Redecos II, financiada a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), acométese a instalación dos novos dispositivos.

Este plan supón unha mellora substancial no rexistro das variacións de salinidade e temperatura nas augas pouco profundas derivada do cambio da toma puntual de medidas fronte ao rexistro en continuo grazas ás melloras tecnolóxicas que presentan as novas sondas.

O obxectivo é ofrecer información máis útil ao sector, que tamén permita avaliar mellor os posibles efectos do cambio climático, avanzar no sistema de alerta de baixada de salinidade e aumento da temperatura, así como servir de apoio a proxectos científicos e de investigación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- Cal é o orzamento de esta actuación?
- Cal é o prazo de execución?

Santiago de Compostela, a 19 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/05/2025 10:39:02

Paula Mouzo Mas na data 19/05/2025 10:39:14

Maria Magdalena Perez Millares na data 19/05/2025 10:39:23

Manuel Santos Costa na data 19/05/2025 10:39:43

Jesús María Fernández Rosende na data 19/05/2025 10:40:24

María Deza Martínez na data 19/05/2025 10:40:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/05/2025 10:40:46

Patricia García González na data 19/05/2025 10:40:58

Raúl Santamaría González na data 19/05/2025 10:41:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O Plan Corresponsables foi elaborado pola Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade, en diálogo coas Comunidades Autónomas.

O obxectivo deste plan é o desenvolvemento, a través dos órganos autonómicos competentes en materia de igualdade, de actuacións e prestacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos de ata 16 anos, mediante a creación de bolsas de coidado profesional, a creación de emprego de calidade no sector dos coidados, a elaboración de plans de formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e a posta en marcha dun sistema de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou vías non formais.

Para iso, as comunidades e cidades autónomas desenvolven o Plan Corresponsables a través de cinco eixos de acción:

- 1.-Facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos menores de ata 16 anos de idade mediante a creación de bolsas de coidado profesional.
- 2.- Crear emprego de calidade no sector do coidado de nenas e nenos.
- 3.- Dignificar o traballo de coidados mediante a certificación da experiencia informal, así como mediante o establecemento de atención psicosocial e apoio ás persoas coidadoras.
- 4.- Sensibilizar en materia de corresponsabilidade de mulleres e homes.



- 5.- Elaborar un Mapa Estatal de Coidados que facilite o acceso á información en materia de coidados dispoñible na Administración Xeral do Estado e nas diferentes Comunidades Autónomas, así como a configuración dun banco de boas prácticas que facilite a orientación da política pública e o intercambio de experiencias.

Dende a súa primeira edición, no ano 2021, e ata este mesmo ano o Plan Corresponsables contou cunha dotación orzamentaria de 190 millóns de euros anuais para o conxunto de España. A distribución dos fondos entre as comunidades realízase mediante unha serie de variables e ponderacións como porcentaxe de poboación menor de 16 anos, dispersión da poboación, etc....

Na Comisión Sectorial de Igualdade celebrada este mes de maio, o Ministerio de Igualdade informou da súa intención reducir o orzamento deste plan, pasando dos 190 millóns de euros a os 142,5 millóns de euros. E non só iso, tamén quere que pase a ser cofinanciado polas comunidades autónomas, isto é 75% Estado e 25% as comunidades.

Dado o impacto negativo que esta medida vai supor para as familias, é polo que os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que suporá esta redución orzamentaria que o Goberno central pretende realizar no Plan Corresponsables para a nosa comunidade?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 19/05/2025 10:16:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/05/2025 10:16:42

Víctor Baladrón Lamas na data 19/05/2025 10:16:50

Nicole Grueira Fernández na data 19/05/2025 10:17:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/05/2025 10:17:15

Argimiro Marnotes Fernández na data 19/05/2025 10:17:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 **@gppgalicia** **@GrupoPopularGal**



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 10:59:30
Nº Rexistro: 25827
Data envío: 19/05/2025 10:59:30.879

Noelia Pérez López na data 19/05/2025 10:17:38

Ethel Vázquez Mourelle na data 19/05/2025 10:17:52

Maria Magdalena Perez Millares na data 19/05/2025 10:18:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A xuventude galega conta cada verán cunha oportunidade privilexiada para participar nunha ampla variedade de actividades promovidas pola Xunta de Galicia.

A Campaña de Verán constitúe unha iniciativa consolidada que permite ao mozos e mozas empregar o seu tempo libre en campamentos que contan con actividades de distinto carácter: educación non formal, con contidos lúdicos, culturais e deportivos, ao tempo que favorecen a convivencia, o respecto ao medio ambiente, a solidariedade e a participación activa.

No verán de 2025, a Xunta de Galicia volve apostar forte por esta campaña cunha oferta histórica de máis de 11.600 prazas, o que supón un novo récord que reflicte tanto o compromiso das institucións como a demanda crecente por parte da xuventude.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que novidades incorpora a Campaña de Verán 2025 respecto a edicións anteriores?
- 2.- Como valora o Goberno o incremento de prazas ata acadar un novo récord?
- 3.- De que maneira considera que esta campaña beneficia á xuventude galega?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 19/05/2025 10:21:57

Víctor Baladrón Lamas na data 19/05/2025 10:22:11

José Luis Ferro Iglesias na data 19/05/2025 10:22:22



Julio García Comesaña na data 19/05/2025 10:22:34

Patricia García González na data 19/05/2025 10:22:46

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/05/2025 10:23:01

Carmen Pomar Tojo na data 19/05/2025 10:23:14

María Felisa Rodríguez Carrera na data 19/05/2025 10:23:28

Raúl Santamaría González na data 19/05/2025 10:23:37

Cecilia Vázquez Suárez na data 19/05/2025 10:23:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os recortes no Programa 561A relativo ao Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos entregados ao Parlamento sobre os niveis de execución orzamentaria vemos como o Goberno do Partido Popular na Xunta recortou o 42% do orzamento previsto no Programa 561A – Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Así, dos 213.914.000€ orzados inicialmente, a Xunta reduciu 90.038.000 (-42,1%).

Trátase dun recorte orzamentario moi cuantioso que merma case a metade do investimento previsto no programa.

Cómpre lembrar que Galiza está lonxe do desexable en niveis de investimento en materia de I+D+i. Malia os incrementos dos últimos anos apenas representa o 1,25% do PIB sendo a media estatal do 1,4% e a europea do 2%.

Neste senso, é imprescindible non só incrementar o orzamento senón garantir a súa execución. De nada serve poñer algo no papel para logo recortalo desviando o diñeiro cara á outros programas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Por que recorta orzamento a Xunta de Galiza no Programa 561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2025 11:57:09

Daniel Castro García na data 19/05/2025 12:00:33





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martinez, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Patricia García González e Manuel Santos Costa ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar deu conta no Consello da Xunta do día 21 de abril de 2025 do desenvolvemento dun visor web de densidade larvaria de mexilla, un recurso mariño estratéxico para o sector acuícola da comunidade, no marco do proxecto Apromex, que está cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa).

O Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), dependente do departamento autonómico, puxo en marcha unha plataforma web que permite visualizar mediante paneis interactivos os datos de análise larvaria de moluscos, destacando as larvas de mexillón, que son actualizados semanalmente.

Esta ferramenta mellora a accesibilidade a estes datos e facilita a súa interpretación e consulta ofrecendo información de interese como a posición das estacións de mostraxe e permite coñecer a súa evolución temporal para os anos 2023, 2024 e 2025. Tamén inclúe un esquema do ciclo larvario do mexillón, así como comentarios da evolución observada recentemente en cada estación, entre outras observacións.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

- Cal é o obxectivo desta participación e cales son os medios prestados polo Cetmar?.
- Cal é a cantidade invertida pola Consellería do Mar no impulso de diferentes iniciativas para garantir a sustentabilidade e o desenvolvemento de mexilla?





Santiago de Compostela, a 19 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/05/2025 12:13:42

Maria Magdalena Perez Millares na data 19/05/2025 12:14:00

Manuel Santos Costa na data 19/05/2025 12:14:16

Jesús María Fernández Rosende na data 19/05/2025 12:14:28

María Deza Martínez na data 19/05/2025 12:14:42

Raúl Santamaría González na data 19/05/2025 12:14:57

Patricia García González na data 19/05/2025 12:15:12

Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/05/2025 12:15:28

Paula Mouzo Mas na data 19/05/2025 12:15:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Patricia García González e Manuel Santos Costa ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A actual Política Pesqueira Común non conseguiu cumprir cos obxectivos marcados ao tempo que necesita adaptarse aos novos requirimentos que demanda a política pesqueira actual.

Desde entón, Galicia traballa para que a futura PPC recolla ás demandas e necesidades do sector marítimo-pesqueiro galego.

Galicia, igual que a Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM) considera necesario levar a cabo unha profunda revisión da Política Pesqueira Común (PPC) para mellorar a súa gobernanza, a súa eficacia e abordar os retos existentes e emerxentes que afectan o sector marítimo-pesqueiro galego.

Debido á súa importancia capital para Europa e o sector, a avaliación da PPC é un exercicio complexo que require unha análise exhaustiva e profunda.

Galicia acolleu con satisfacción o procedemento de avaliación do Regulamento (UE) nº 1380/2013 posto en marcha pola Comisión Europea no ano 2024 mediante o lanzamento dunha convocatoria de datos, cuxa adopción está prevista no terceiro trimestre deste ano.

Un procedemento no que Galicia participou situando no centro do debate ás rexións e aos axentes socioeconómicos do sector, sinalando a súa preocupación pola adopción de decisións da UE, centradas en obxectivos ambientais, sen ter debidamente en conta as súas repercusións socioeconómicas.

A futura PPC deberá ser capaz de equilibrar o cumprimento dos obxectivos ambientais, sociais e económicos das súas decisións, enfocando a xestión dos recursos pesqueiros na mellora da viabilidade económica, a conservación ambiental, e o atractivo sociolaboral da profesión para garantir o necesario relevo xeracional.





Entre as actuacións destacadas neste senso está a elaboración dun decálogo de estratexia no cal se establecen as prioridades da comunidade ante o proceso aberto o ano pasado pola Comisión para a avaliación da PPC.

No Consello Galego de Pesca do pasado 4 de abril de 2025 consensuouse este documento que vén a reformular o ditame aprobado por unanimidade polo Consello no ano 2022 e recolle aspectos do informe sobre o impacto sobre o sector pesqueiro do conxunto de propostas legislativas e non legislativas da Comisión Europea, elaborado pola Fundación MarinnLeg por petición da Consellería no ano 2023.

O Consello da Xunta do día 5 de maio de 2025 deu o visto e praxe ao *Decálogo estratéxico de Galicia na defensa dos seus intereses ante a revisión da PPC*, documento que é o resultado conxunto entre a Administración autonómica e o sector, consensuado co Consello Galego de Pesca e sustentado en análises técnicas para establecer as prioridades ante a nova PPC de futuro.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cales son os puntos de dito decálogo e que obxectivos se pretenden conseguir con esta actuación?

Santiago de Compostela, a 9 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/05/2025 12:20:37

Patricia García González na data 19/05/2025 12:20:54

Raúl Santamaría González na data 19/05/2025 12:21:11

Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/05/2025 12:21:20

María Deza Martínez na data 19/05/2025 12:21:32

Maria Magdalena Perez Millares na data 19/05/2025 12:21:45

Manuel Santos Costa na data 19/05/2025 12:21:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Jesús María Fernández Rosende na data 19/05/2025 12:22:02

Paula Mouzo Mas na data 19/05/2025 12:22:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, Jose Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A praia de Samil, un dos principais atractivos turísticos e ambientais da cidade de Vigo e de Galicia, quedou este ano sen a distinción de “bandeira azul”, símbolo internacional de calidade ambiental, servizos e limpeza das augas de baño. Esta situación supón un retroceso na imaxe e oferta turística da cidade olívica e, polo tanto, require dunha resposta responsable por parte das administracións implicadas.

A pesar de que o Concello de Vigo ten coñecemento directo do estado da praia e conta cos medios para mellorar as condicións que lle permitan optar de novo á bandeira azul no vindeiro ano, optou por responsabilizar á Xunta de Galicia, cuestionando mesmo a fiabilidade das análises realizadas pola Administración autonómica. Cómpre lembrar que a avaliación que determina a concesión da bandeira azul é realizada por unha entidade independente —a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC)—, polo que resulta improcedente atribuírle á Xunta responsabilidades que non lle corresponden.

Cómpre tamén destacar que a Xunta de Galicia realizou un dos maiores investimentos da súa historia en infraestruturas hidráulicas coa construción da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Lagares, infraestrutura fundamental para garantir a calidade das augas da contorna.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia insta ao Concello de Vigo a abandonar a confrontación institucional, asumir as súas competencias e responsabilidades en materia de xestión ambiental, e traballar de maneira coordinada coa Xunta para acadar os estándares de calidade que permitan recuperar a bandeira azul na praia de Samil no ano 2026.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Como valora a Xunta de Galicia a xestión da depuradora de Samil en Vigo durante o apagón feita pola Alcalde de Vigo?





Santiago de Compostela, a 19 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/05/2025 12:54:28

Julio García Comesaña na data 19/05/2025 12:54:48

Patricia García González na data 19/05/2025 12:54:58

María Deza Martínez na data 19/05/2025 12:55:09

José Luis Ferro Iglesias na data 19/05/2025 12:55:19

Katherinie Varela Fernández na data 19/05/2025 12:55:29

Cristina Campero Dorado na data 19/05/2025 12:55:36

Roberto Rodríguez Martínez na data 19/05/2025 12:55:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/05/2025 12:56:00

Gonzalo Trenor López na data 19/05/2025 12:56:10

Carmen Pomar Tojo na data 19/05/2025 12:56:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a reprobación que o goberno galego debe facer dos comentarios racistas que o Secretario Xeral de Lingua proferiu en sede parlamentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio, máis concretamente o día catorce, o Secretario Xeral de Lingua, Valentín García, comparecía na Comisión 4ª para dar conta das medidas que o goberno galego ía tomar para fomentar o uso da lingua galega no noso país.

Nesa comisión e máis alá de que as medidas brillaron pola súa ausencia, o Secretario Xeral de Lingua mostrou actitudes próximas ao racismo que ningunha sociedade debe permitir, pero que en ningún dos casos pode mostrar un representante público.

Neste caso, o responsable de lingua recorreu, de novo, a argumentos racistas e falsos xustificando que a baixada de uso e competencia en lingua galega se debe en grande medida á chegada de inmigrantes.

Este argumento que moitos representantes do Partido Popular se empeñan en repetir e repetir, ademais de ser obxectivamente falso, contribúe a estigmatizar aínda máis ás persoas que chegan doutras latitudes e que evidentemente non son as culpables da baixada de galegofalantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, o señor García non quedou aí, senón que tamén se permitiu dicir frases como que “os refuxiados de Mali o 90% son analfabetos”. Ante este tipo de comentarios, afastados totalmente da realidade, desde o BNG vémonos obrigados e obrigadas a facer unha condena pública destes comentarios racistas que soamente serven para difundir bulos e odio contra persoas que fuxen da fame, da pobreza e das guerras e que non merecen ser cualificadas deste xeito por ninguén e moito menos por un membro do goberno.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Xunta de Galiza que este tipo de comentarios son aceptables por parte dun membro do goberno galego?
- Vai a Xunta de Galiza reprobar estes comentarios racistas do señor García?
- Vai a Xunta de Galiza desenvolver algún tipo de plan que favoreza a aprendizaxe do galego a todas aquelas persoas que veñan do estranxeiro?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 19/05/2025 13:17:45

Iria Taibo Corsanego na data 19/05/2025 13:18:09

Mercedes Queixas Zas na data 19/05/2025 13:18:25





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) é unha institución pública de referencia en Galicia, dedicada á investigación científica e tecnolóxica no ámbito agrogandeiro.

Cunha traxectoria que se remonta ao século XIX, o CIAM consolidouse coma un referente en Galicia polo seu traballo en áreas como a mellora de cultivos e razas animais, a xestión eficiente dos recursos naturais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías para o sector agroalimentario e a conservación do medio. Ademais, tamén desempeña un papel esencial na transferencia de coñecementos ao sector agrícola e gandeiro, axudando a modernizar as explotacións e a facer fronte a retos coma o cambio climático ou a competitividade do campo galego. Así pois, o CIAM representa un pilar fundamental para o desenvolvemento sostible do medio rural galego, contribuíndo activamente á modernización do sector agroalimentario e á resposta aos retos actuais e futuros do campo.

A pesar da importancia que ten o CIAM para a investigación pública no sector agrogandeiro, un sector que se atopa en pleno desenvolvemento e transformación, o centro encóntrase nunha situación de descoido e abandono cada vez maior. A existencia de graves problemas de xestión, xunto coa falta de inversións adecuadas para cubrir as necesidades do centro por parte da Xunta de Galicia, comprometen o desenvolvemento da investigación agraria en





Galicia, xa que non se poden cubrir as prazas de persoal investigador, de técnicos de laboratorio nin de persoal de campo que son necesarias para o desenvolvemento das liñas de investigación e para o funcionamento adecuado do centro.

Ademais, na xestión actual existen graves problemas de transparencia no relativo ás convocatorias de fondos para as adxudicacións de infraestruturas e de equipamento. As convocatorias non son publicadas nin se comunican tampouco as resolucións, polo que isto leva a que non se teña coñecemento da forma en que se asignan os recursos nin de quen son os beneficiarios.

Por todo isto, é necesario tomar medidas inmediatas que melloren as carencias actuais na xestión do CIAM, incrementando as inversións e mellorando a súa transparencia para que o centro poida atraer talento investigador e continúe sendo unha referencia da investigación agraria en España.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar medidas inmediatas para corrixir a situación de abandono do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), garantindo unha xestión eficiente e transparente, así como os recursos humanos e materiais necesarios para asegurar a continuidade e excelencia da investigación pública no sector agrogandeiro galego?
2. Considera a Xunta de Galicia que o persoal actual do CIAM, é suficiente para que o centro poida desenvolver as súas actividades nas mellores condicións?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 13:26:00
Nº Rexistro: 25856
Data envío: 19/05/2025 13:26:00,492

3. Ten pensado a Xunta de Galicia, incrementar os recursos económicos destinados ao CIAM para fortalecer ao centro e dotalo das condicións adecuadas para o desenvolvemento das súas actividades?
4. Está disposta a Xunta de Galicia a incorporar ao persoal do CIAM nos procesos de convocatorias de fondos, como forma de mellorar a transparencia na xestión do centro?
5. Que medidas ten previstas a Xunta de Galicia para apoiar a posta en valor do centro?

Santiago de Compostela, a 19 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 19/05/2025 13:12:44

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/05/2025 13:12:55

Silvia Longueira Castro na data 19/05/2025 13:13:05

Julio Abalde Alonso na data 19/05/2025 13:13:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as condicións laborais e salariais do convenio de Navantia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Navantia é unha empresa pública propiedade da SEPI dedicada á construción naval con centros de traballo na baía de Cádiz, Cartagena, Madrid e a ría de Ferrol, que pola súa historia, dimensión, capacidade construtiva e operativa, nivel tecnolóxico, clientes, facturación e volume de emprego é unha das grandes empresas industriais do seu sector no panorama mundial.

O seu papel como empresa tractora e motor económico dos territorios onde se sitúan os seus centros de traballo é recoñecido explicitamente por todos os sucesivos gobernos, sendo un dos principais instrumentos para a consecución de obxectivos das súas respectivas estratexias en materia de política industrial e económica.

O volume de emprego ao que nos referiamos de inicio chega na ría de Ferrol ao entorno dos 1.800 empregos directos por parte da propia Navantia, sen contar a industria auxiliar ou complementaria, o que nunha zona económica e demograficamente deprimida como a de Ferrol, coloca as condicións salariais do cadro de persoal de Navantia e a negociación do seu convenio colectivo como unha cuestión da máxima relevancia económica e social para toda a comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A negociación do convenio colectivo leva practicamente paralizada desde que rematou a vixencia do anterior, en decembro do ano 2021, un convenio, o último, negociado nunhas condicións moi diferentes as actuais en canto a carga de traballo e perspectivas de futuro, e totalmente vinculado por decisión empresarial a un proceso paralelo de renovación de cadros de persoal que desvirtuou en boa medida a negociación do propio convenio.

Na actualidade o proceso atópase en punto morto ante a negativa da empresa a atender as principais demandas da parte social. O grupo parlamentario do BNG, e desde o máximo respecto á autonomía das partes, queremos chamar a atención dos poderes públicos ao respecto destas demandas, na medida en que sen entrar ao detalle si que nos parecen un marco de discusión lexítimo e mesmo positivo do punto de vista da organización empresarial e das súas relacións laborais, con efectos positivos tamén para a economía da comarca de Ferrol.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- . Realiza a Xunta de Galiza algún seguimento da negociación colectiva de Navantia?
- . Coñece os termos nos que se está a producir a negociación?
- . Que opina do feito de se demorar o acordo por máis de 2 anos?
- . Que importancia ou efectos económicos lle atribúe a Xunta da Galiza ás condicións laborais e salariais do cadro de persoal de Navantia na comarca de Ferrol?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que opina a Xunta da Galiza da posibilidade de establecerse no convenio colectivo de Navantia un sistema de xubilación anticipada que permita a saída do seu persoal aos 61 anos sen amortización dos postos de traballo?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/05/2025 16:35:58

José Manuel Golpe Acuña na data 19/05/2025 16:36:26

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/05/2025 16:36:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o plan de emprego anunciado por Pedro Sánchez para Navantia durante o ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Navantia é unha empresa pública propiedade da SEPI dedicada á construción naval con centros de traballo na baía de Cádiz, Cartagena, Madrid e a ría de Ferrol, que pola súa historia, dimensión, capacidade construtiva e operativa, nivel tecnolóxico, clientes, facturación e volume de emprego é unha das grandes empresas industriais do seu sector no panorama mundial.

O seu papel como empresa tractora e motor económico dos territorios onde se sitúan os seus centros de traballo é recoñecido explicitamente por todos os sucesivos gobernos, sendo un dos principais instrumentos para a consecución de obxectivos das súas respectivas estratexias en materia de política industrial e económica.

O volume de emprego ao que nos referiamos de inicio chega na ría de Ferrol ao entorno dos 1.800 empregos directos por parte da propia Navantia, sen contar a industria auxiliar ou complementaria, o que nunha zona económica e demograficamente deprimida como a de Ferrol, coloca as condicións salariais do cadro de persoal de Navantia e a negociación do seu convenio colectivo como unha cuestión da máxima relevancia económica e social para toda a comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de marzo do pasado ano 2023 o presidente do goberno español, o Sr. Pedro Sánchez, anunciou a contratación de 1.500 traballadores e traballadoras para reforzar os cadros de persoal da empresa. Este anuncio foi saudado de inmediato pola representación legal do persoal, que ademais de celebrar o anuncio, instaba ao goberno a formalizar canto antes o foro onde concretar as condicións nas que se habían de producir esas novas incorporacións, basicamente prazos, distribución territorial, orgánica e funcional.

Este anuncio provocou na comarca de Ferrol algunha outra reacción, entre o estupor, a indignación e mesmo a preocupación, xa que ao contrario que nos demais centros da empresa, na ría de Ferrol, aínda non se completaron as incorporacións correspondentes ao anterior plan de emprego, estando pendentes un total de 100 novas contratacións.

Pois ben, a día de hoxe, aínda sen constituír ese foro demandado pola parte social, e aínda sen completar as incorporacións na comarca de Ferrol, xa se produciu a contratación de 100 novas persoas nos centros situados na baía de Cádiz, o que constitúe unha discriminación flagrante, en termos políticos, unha falta de respecto á representación legal do persoal, e unha gran torpeza empresarial, na medida en que significa desatender as necesidades de man de obra do principal centro produtivo e con máis carga de traballo da empresa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

. Que opina a Xunta da Galiza da promesa do Presidente do goberno español de incorporar ao cadro de persoal de Navantia 1.500 persoas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que opina a Xunta de Galiza de que aínda non se completaran na comarca de Ferrol as contratacións correspondentes ao anterior plan de emprego?

. Como deberían distribuírse en opinión da Xunta da Galiza esas novas 1.500 novas incorporacións?

. Que opina a Xunta da Galiza da demanda a este respecto dos comités de empresa de Navantia na ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2025 16:43:52

José Manuel Golpe Acuña na data 19/05/2025 16:45:51

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/05/2025 16:46:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a necesidade de atender as demandas de actualización do convenio colectivo dos traballadores e traballadoras do sector da dobraxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As profesionais do colectivo da dobraxe en Galiza levan meses facendo públicas as reclamacións das súas demandas laborais.

Segundo as súas denuncias públicas, nos últimos 18 anos estivo incumpríndose o convenio da dobraxe en Galiza, de ámbito estritamente autonómico, aprobado en 2006 e sen actualizar desde aquela.

A patronal do sector da dobraxe, lonxe de ir actualizando este convenio, neste tempo chegou a rebaixar até un 25% os honorarios que lles correspondían ás traballadoras e traballadores, segundo fora aprobado por convenio.

Un convenio incumplido desde 2006 por parte do empresariado do sector alegando a necesidade de seren competitivos e coaccionando os traballadores da dobraxe a aceptar estas rebaixas de salario a cambio de poder optar a ter traballo.

O proceso de negociación aberto recentemente para aprobar un novo convenio segue sen dar froitos, isto é, segue a reforzarse a precariedade laboral neste sector tan vinculado á creación e divulgación cultural na nosa lingua, nomeadamente a través dos medios audiovisuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A importancia deste sector cultural e o seu papel no desenvolvemento económico do noso país merecen atención e implicación do goberno da Xunta, con competencias en materia de cultura e da súa difusión a través da CRTVG.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- É coñecedora a Xunta das demandas dos traballadores e traballadoras do sector da dobraxe a respecto do incumprimento do seu convenio laboral?
- Como valora a Xunta que non se actualizase este convenio desde 2006?
- Ten mantido algunha reunión o goberno co sector da dobraxe que está a demandar a negociación dun novo convenio?
- Dado que o marco negociador actual é o Consello Galego de Relacións Laborais, que valoración fai a Xunta do actual proceso negociador?
- Como valora o goberno a situación de bloqueo por parte da patronal da negociación do novo convenio da dobraxe?
- Que está a facer a Xunta para desbloquear esta situación que condena á precarización os traballadores e traballadoras da dobraxe?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/05/2025 17:00:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2025 17:01:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Iria Taibo Corsanego deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o impacto económico do almacén de Zara loxística en Sabón e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza para preservalo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio saltaron todas as alarmas no almacén que de Zara que a empresa Inditex ten no polígono de Sabón. O cadro de persoal, formado por 1.300 persoas, recibiu unha comunicación da empresa na que se lles informaba dunha modificación unilateral do calendario para o día 1 de maio. A causa alegada pola empresa foi a escasa carga de traballo.

Na rolda de prensa posterior, o comité de empresa explicaba que era a primeira vez en 20 anos que se producía semellante situación, e que procedían a convocar unha serie de paros e mobilizacións, como a manifestación 11 de maio, que percorreu varios lugares da Coruña.

Debido a esta presión social, a empresa aceptou negociar co comité de empresa do almacén unha serie de medidas que se concretaron en dous acordos, un de emprego que obriga á empresa até o ano 2027, e outro sobre carga de traballo até o ano 2030.

Malia a sinatura destes acordos entre empresa e comité, a redución da actividade no almacén é notoria. A propia modificación unilateral realizada pola empresa deixa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constancia deste feito, así como a diminución das horas realmente traballadas polo cadro de persoal nos últimos anos, e no mesmo sentido o número de prendas facturadas.

Ao mesmo tempo, e tamén dun xeito público, a aposta da empresa é clara polas plataformas loxísticas de Zaragoza e Países Baixos, o que fai lembrar o proceso de deslocalización da actividade industrial de confección, un proceso aínda en fase de finalización, que provocou a perda de miles de empregos na comarca da Coruña, e nas máis próximas de Ferrolterra ou Bergantiños.

O coñecemento ou memoria deste proceso e das súas graves consecuencias en termos económicos fica escurecido, non sen intención, polo medre doutras actividades experimentado no universo laboral de Inditex durante estes anos.

Mais fariamos mal, desde as institucións políticas galegas, non prestando a debida atención ao que está a acontecer na loxística desta grande empresa e á chamada de atención que a representación sindical destas 1.300 persoas veñen de realizar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Como valora o impacto en termos económicos e de emprego da actividade loxística que realiza INDITEX no seu almacén de Sabón?
2. Coñece a Xunta e Galiza a redución de actividade neste centro?
3. Ten realizado algún contacto coa empresa ou co comité de empresa a este respecto?
4. Ten a Xunta de Galiza algunha planificación para mellorar a capacidade loxística do noso país e das empresas con centros de traballo e produción na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Iria Taibo Corsanego

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/05/2025 17:09:03

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/05/2025 17:09:09

Iria Taibo Corsanego na data 19/05/2025 17:09:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Rosana Pérez Fernández deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No prazo de 15 días entre o 6 e o 20 de agosto tivemos noticia a través dos medios de comunicación de 4 novas mortes no traballo na Galiza.

Son datos da prensa, contrastados a través de diversas fontes, que nos colocan diante dunha nova vaga de mortalidade laboral no noso país e que veñen constatar que a sinistralidade na Galiza está instalada en cifras récord dun xeito estrutural sen que o goberno galego do Partido Popular faga absolutamente nada por mudar esta realidade.

En iniciativas anteriores denunciámos a pasividade e a autocompracencia da Xunta no ámbito da seguridade e a saúde laboral. A última resposta escrita que recibimos por parte do goberno galego ás nosas preguntas sobre sinistralidade, este pasado mes de xullo, é unha boa mostra desa autocompracencia, así como dunha falta de iniciativa política absoluta, e esta nova vaga de mortalidade laboral, por causas e en sectores recorrentes, deixan á vista os dramáticos resultados.

Os datos oficiais do ministerio de traballo a día de hoxe non chegan máis que até o mes de xuño, mais debemos lamentar que a esa data xa se produciran no noso país 30 mortes no traballo, as mesmas que na mesma altura do ano 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de xuño tivo lugar o naufraxio nas Malvinas do Argos Georgia, buque que non levaba bandeira española e no que morreron 4 compatriotas que non figurarán nas estatísticas, e agora, nun período de apenas 15 días 4 persoas máis perderon a vida mentres facían o seu traballo. Novamente as caídas desde tellados e o sector forestal como protagonistas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Como explica a Xunta da Galiza os niveis de sinistralidade laboral no noso país?
2. Como valora a Xunta de Galiza a actuación da inspección de traballo no noso país?
3. Cantos expedientes sancionadores por infraccións en materia de Prevención de riscos laborais ten pechado a Xunta de Galiza durante os anos 2021, 2022, 2023 e no que vai de 2024?
4. Considera a Xunta de Galiza que os medios, o persoal e as competencias do ISSGA son suficientes e funcionais para mudar os niveis de sinistralidade do noso país? Como valora o ISSGA o resultado das súas campañas?
5. Que está a facer a Xunta de Galiza para mudar os niveis récord de mortalidade laboral?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/05/2025 17:15:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/05/2025 17:15:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/05/2025 17:15:28

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2025 17:15:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Noa Presas Bergantiños deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a negociación do convenio da empresa que presta o servizo da ITV.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa SyC APPLUS ten a concesión da Xunta de Galiza do servizo de Inspección Técnica de Vehículos desde o ano 1987. Nos últimos meses o persoal desta empresa ven realizando manifestacións e mesmo varias xornadas de folga no marco da negociación do seu convenio colectivo de aplicación, mobilizacións que xa trouxeron diante da sede deste Parlamento no que ademais rexistraron unha solicitude de reunión dirixida aos diferentes grupos parlamentarios.

Recentemente, este luns 26 de agosto, o persoal vén de acordar en asemblea a convocatoria dunha nova xornada de folga para o venres 6 de setembro, acompañada dunha concentración ás 11:30h diante das instalacións da Xunta de Galiza, e adiantan a posibilidade de chegar a convocatoria de máis xornadas de folga se a empresa non avanza na negociación do convenio.

Curiosamente unha das cuestións que a representación legal do persoal da empresa ven denunciando publicamente é a negativa tanto da empresa como da propia Xunta a entregarlles os pregos de contratación da concesión e a documentación relativa ás sucesivas prórrogas, cuestión que atenta dun xeito directo e flagrante, por parte da empresa, contra a obriga de negociar de boa fe que teñen as partes, o que significa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debidamente informadas, mais que no caso da Xunta de Galiza representa unha negativa sen xustificación ningunha na medida en que esta documentación debería estar dispoñíbel para o público na plataforma dixital de contratos públicos da Xunta de Galiza. O feito de non estar e sobre todo, a negativa explícita da Xunta a entregar esta documentación á representación legal do persoal non se pode explicar máis que desde a hipótese de compartir a estratexia negociadora da empresa de ocultación de información básica.

Evidentemente o lexítimo exercicio da dereito de folga está a provocar prexuízos ás persoas usuarias deste servizo dependente da Xunta de Galiza, polo que o goberno galego debería preocuparse de procurar unha solución áxil do conflito.

Neste sentido, a Xunta como titular do servizo e coñecedora das condicións económicas, sociais e materiais nas que se presta, así como na súa condición de autoridade laboral na Galiza, podería xogar un papel máis proactivo na negociación do convenio, na transmisión de información relevante entre as partes e na consecución dun acordo para mellorar as condicións de traballo do persoal da empresa SyC APPLUS, que só na Galiza obtén uns beneficios de 22 millóns de euros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza as demandas do persoal que traballa nos centros das ITVs?
2. Por que os pregos de contratación do servizo da ITV non están dispoñíbeis na plataforma de contratos públicos da Xunta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Por que a Xunta se negou a entregar estes pregos á representación legal do persoal da empresa concesionaria?

4. Estaría disposta a Xunta de Galiza a participar dun xeito proactivo na consecución dun acordo entre as partes negociadoras?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/05/2025 17:23:44

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/05/2025 17:23:55

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2025 17:24:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o acordo asinado polo Ministerio de Seguridade Social e os sindicatos españois relativo á colaboración das mutuas cos servizos de saúde autonómicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de xullo deste ano 2024 o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións anunciou a través da súa páxina web un acordo da Mesa de Diálogo Social de Seguridade Social para “flexibilizar a xubilación, involucrar mellor ás mutuas nos tratamentos sanitarios e regular as profesións penosas”, aínda que no relativo á participación das mutuas nos tratamentos sanitarios non se perciben diferenzas respecto do comunicado xa no mes de febreiro pola Dirección Xeral de Incapacidade Temporal a través dunha nota informativa.

A intención do goberno español recollida nestas notas informativas, que agora conta cos parabéns da CEOE, CEPYME, CC.OO e UGT, é a sinatura duns convenios de colaboración entre os diferentes sistemas públicos de saúde autonómicos coas mutuas, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e máis o Instituto Nacional da Seguridade Social para que as mutuas poidan realizar cos seus medios probas diagnósticas e tratamentos a persoas en situación de Incapacidade temporal por continxencias comúns afectadas por unhas determinadas patoloxías musculoesqueléticas, cando a xestión económica da súa prestación corresponda ás propias mutuas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As notas avanzan algunha cuestión sobre como sería o procedemento para que as mutuas poidan efectivamente realizar esas probas ou tratamento, como por exemplo que o Servizo público de saúde manterá a determinación da diagnose e será quen emita os partes de baixa, confirmación e alta, que será preceptivo o consentimento previo da persoa, que as mutuas poderán denegar a solicitude de asistencia recibida mais sempre que atendan unha porcentaxe mínima de derivacións, que cando acepten a derivación notificarán no prazo de 5 a cita con día, lugar e hora para a realización da proba, que deberán poñer a disposición do Servizo público un informe sobre a situación médica da persoa doente a través do visor de historia de saúde dixital das mutuas, e que no prazo de 1 semana desde a realización da proba os servizos de atención primaria e especializada do servizo público de saúde realizará o “adequado seguimento asistencial do interesado”.

Esta proposta do actual goberno español, que evidentemente desistiu de ser o máis progresista da historia, non deixa de ser unha constatación de como as deficiencias do sistema público de saúde son empregadas sempre como coartada para aumentar o desvío de fondos e recursos públicos ao sector privado, e non para reforzar o propio sistema público que padece esas deficiencias combaténdoas, alimentando así unha espiral e unhas dinámicas que son as que están a provocar esas deficiencias.

Poderíamos citar varias mais vamos facer referencia exclusivamente a unha que vén sendo utilizada dun xeito desvergoñado tanto polo presidente da Xunta como polos sucesivos conselleiros de Sanidade, a escaseza de profesionais e nomeadamente de médicos.

Esta proposta de aumentar as derivacións cara a sanidade privada implica necesariamente que os asinantes contan con que a escaseza de medios e médicos non afecta en igual medida ao sector privado, o que en si mesmo xa rebate o argumento da non existencia de médicos “no mercado”, senón que implica tamén mellorar a posición





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do sector privado como competidor do sistema público á hora de contratar médicos especialistas, en radioloxía por exemplo, grazas ao aumento das derivacións cara a sanidade privada da realización destas probas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza o contido deste acordo da Mesa de diálogo social da Seguridade Social?
2. Coñece o modelo de convenio que o goberno español pretende que asinen os Servizos públicos de saúde das CC.AA?
3. Cantas persoas hai actualmente na Galiza en situación de IT por algunha das patoloxías recollidas no acordo? Cantas superan os tempos óptimos do manual do INSS? Que estimacións ten a Xunta de Galiza sobre número potencial de persoas doentes que poderían verse afectadas por este acordo?
4. A que se debe en opinión da Xunta de Galiza que haxa ese número de persoas superando eses tempos óptimos do manual do INSS?
5. Considera a Xunta de Galiza que as mutuas teñen recursos para realizar as probas e dar os tratamentos que o noso sistema público non ten? Por que?
6. Cal é a porcentaxe mínima de derivacións que deben atender as mutuas para facer efectivo o Acordo?
7. Cal sería o custo para o noso sistema público de saúde da sinatura deste convenio, ou como se calcularía?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2025 17:30:41

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2025 17:30:52

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2025 17:31:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a capacidade de aforro das familias galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cifras do risco pobreza ou exclusión social no noso país acadaron en 2023 dous puntos porcentuais máis que no 2022, chegando esa situación de emerxencia ao 25,5% da poboación galega segundo a enquisa de condicións de vida do INE. Con datos recollidos na renda de 2022 o INE indica tamén, que un 19,4% dos galegos e galegas estaban nese momento en risco, de maneira que os datos empeoran dende o período anterior, deixando ver unha situación crítica para as familias do país, evidenciándose nas carencias severas de material que aumentaron en dous puntos porcentuais dende 2022 ao pasado ano, acadando o 8,2% da poboación.

A pesares de que a renda media neta anual de Galiza por persoa subiu ata os 13.147 euros no pasado exercicio, esta continúa case mil euros por debaixo da do Estado español, que medrou un 8,3% a comparación coa nosa, cun discreto 6,4%. Os períodos vacacionais non son unha opción economicamente viable no caso do 40% das familias galegas, que non teñen capacidade para gozar nin sequera dunha semana de vacacións ao ano, así coma da incapacidade para facerlle fronte a gastos imprevistos do 29%, coa inseguridade que deriva desta situación para quen a vive a diario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A todos os datos anteriores únese un estudo recente que desvelou, neste pasado mes de agosto, que máis de un de cada catro fogares galegos son incapaces de aforrar parte dos seus salarios, indicador que empeorou con respecto á anterior análise, sen esquecer que un 7,5% de fogares galegos vive en baixa intensidade de traballo en Galiza. O mes de setembro, co inicio do curso escolar e as actividades asociadas propias da rutina, supón un sobrecusto para as familias, que chegan a situacións económicas críticas ao afrontar o pago de libros, materiais, actividades extraescolares, roupa, etc. das súas crianzas, coa alza de prezos actual, que non está debidamente acompañada por a subida salarial.

Un ano atrás a capacidade de aforro das familias chegaba ao 75,9% da poboación mentres, segundo os datos aportados recentemente e que amosan ese empeoramento, sitúan as aforradoras nun 73%, tres puntos porcentuais menos. A cantidade dos ingresos reservada en Galiza para o seu aforro é peor que a do resto do estado, alcanzando un 16%, dous puntos menos que no exercicio anterior, o que evidencia o estado económico dos fogares galegos, dos cales recoñecen ter dificultades para chegar a fin de mes o 54,5% segundo datos do IGE do primeiro trimestre de 2024. Os gastos da cesta da compra, transporte, gas, luz ou electricidade, entre outros, son os que máis preocupan en canto a situación financeira dos fogares, que se reduciron nun 19,4% das familias no 2023, evidenciando a gravidade da situación, cambiando hábitos de consumo no 33,1% dos fogares, coma por exemplo na cesta da compra, onde os produtos de marca branca gañaron espazo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que conclusións extrae a Xunta da Galiza da incapacidade de aforro dun 27% das familias galegas?
2. Que conclusións saca a Xunta de Galiza de que case o 40% das familias galegas non teñan capacidade de gozar de unha semana de vacacións?
3. Considera a Xunta de Galiza positivo o dato de que o 29% das familias galegas non teñan capacidade de afrontar gastos imprevistos?
4. Que medidas propón a Xunta de Galiza para paliar a situación de necesidade económica das familias que se agrava en setembro derivado dos gastos asociados ao comezo do curso escolar das crianzas?
5. Cal é a contía destinada por parte da Xunta para sufragar os gastos dos libros de texto no curso 24/25 e cantas familias accederán a ditas axudas?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 19/05/2025 17:40:14

Cristina Fernández Davila na data 19/05/2025 17:40:26

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2025 17:40:47

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2025 17:41:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o novo centro de día do concello de Teo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade dun centro de día no concello de Teo está constatada desde hai máis dunha década. Deste xeito, este proxecto para a construción dun centro de día en Campos de Mirabel, na parroquia de Calo, xa se atopaba en fase de licitación no ano 2009 cando o Partido Popular accedeu de novo ao goberno da Xunta de Galiza. O executivo liderado por Núñez Feixóo tomou a decisión de que Teo non debía contar con esta infraestrutura, polo que anulou o convenio asinado e deixando en dique seco todo o traballo realizado ata daquela.

Desde aquela, o BNG ten desenvolvido unha campaña pola dotación deste servizo chave para o benestar da poboación, incluíndo a recollida de sinaturas, cunha ampla participación, ou a presentación de mocións no pleno do concello, chegando a ser aprobadas unánimemente por toda a corporación. Mais isto a negativa da Xunta de Galiza mantívose estancada durante máis dunha década ata hai escasos meses.

En setembro de 2024, o presidente da Xunta de Galiza e a alcaldesa anuncian o compromiso do goberno galego de apoiar a construción dun centro de día en Teo. Para iso, o concello inicia o trámite de adquisición directa dun inmovible para a dotación dese centro de día, solicitándolle con este fin 180.000€ ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Ademais da sorpresa que pode supor o cambio de criterio da Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

após terse producido un relevo na alcaldía de Teo, tamén resulta sorprendente o inmovible escollido para este servizo: unha única planta dunha nave industrial abandonada e dividida horizontalmente uns meses antes da compravenda, rodeada doutras naves industriais, nunha rúa estreita pouco accesíbel e con eivas urbanísticas claras.

Desde o BNG temos clara a necesidade dun concello coma o de Teo de contar cun servizo tan importante como é un centro de día, e deste xeito o ten defendido durante máis dunha década. Mais esta dotación ten que pasar por un servizo de xestión pública, axeitado para as necesidades da poboación, nun edificio ben dotado, e sobre todo, realizado de xeito completamente legal e transparente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– Cal é o motivo que valorou o goberno galego para apoiar agora a dotación dun centro de día en Teo? En que datos obxectivos se apoia ese cambio de postura?

– En base a que se xustifica a adquisición directa deste inmóbel? Considera o goberno galego que este edificio é o idóneo para un centro de día? Considera o goberno que este inmovible reúne as peculiaridades da necesidade a satisfacer nun centro de día?

– Informaron por escrito o persoal técnico ou algún cargo da Xunta de Galiza ou da Consellería de Política Social sobre se o inmovible a comprar e destinar a un centro de día reunía as condicións peculiares a satisfacer ou sobre a súa idoneidade, antes ou despois de asinar o convenio co concello de Teo para o financiamento da súa compra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/05/2025 17:54:00

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2025 17:54:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o estado xeral da residencia da terceira idade de Laraxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na parroquia de Laraxe (Cabanas) existe unha residencia de maiores de titularidade pública xestionada por unha empresa privada.

Esta residencia localízase nun edificio con sesenta anos da antigüidade que amosa os efectos do paso do tempo en moitos das súas instalacións e servizos. De feito o pasado 18 de abril avariou un dos ascensores de servizo, o que deixou ao centro cun único elevador de pequenas dimensións, dado que o outro dos ascensores está fora de servizo dende o mes de setembro de 2024.

Esta situación deuse en pleno venres santo, data festiva, motivo que parece ser o culpable de que ninguén acudise sa reparar este ascensor ata a seguinte semana.

A situación derivada desta avaría, xunguida a deixadez da dirección do centro na dilixencia necesaria para por en servizo o segundo ascensor, provocou que as profesionais do centro tivesen que autoxestionarse para poder dar os servizos aos residentes do mellor xeito posible; utilizando as escaleiras para subir e baixar roupa, útiles, ou mesmo comida.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A organización das comidas, das visitas, ou dos paseos, recae no persoal da residencia, véndose abocadas todas elas a facer un sobreforzo para manter unhas condicións mínimas na atención das persoas usuarias.

Por desgraza, isto non é nada novo, a situación provocada polas avarías dos ascensores súmase a diferentes problemas en cociña e outros servizos.

A toda esta marea de problemas tamén se suma a situación das traballadoras, inmersas no proceso de negociación do novo convenio colectivo. Até o momento, non houbo acordo coa patronal do sector toda vez que a representación sindical e as propias traballadoras non ven na proposta formulada polas empresas unha mellora das súas condicións laborais.

Cómpre lembrar que as condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas son profundamente precarias, así a modo de exemplo e partindo de casos reais, hai traballadoras con contratos indefinidos e antigüidades superiores a dez anos que non perciben nin sequera o Salario Mínimo Interprofesional. Así mesmo, os complementos por nocturnidade ou festivos son pírricos tendo en conta o traballo que deben desenvolver.

Malia que se trata de empresas privadas a práctica totalidade delas reciben importantes cantidades de diñeiro público pola vía da concertación de prazas, un feito que esixe a implicación decidida da Xunta de Galiza na garantía dunhas boas condicións laborais e salariais das traballadoras.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Coñece a Xunta as continuas avarías que sofren os equipos de elevación de persoas e utensilios nesta residencia?
- Canto persoal asistencial hai adscrito, por familia profesional, á residencia de Laraxe?
- Cal é o prezo que paga a Xunta por cada usuario na residencia de Laraxe?
- Cando caduca a concesión da actual empresa?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza das condicións laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas?
- Que medidas adoptou ou pensa adoptar o Goberno galego para garantir unhas condicións laborais dignas destas traballadoras?
- Non cre a Xunta que os fondos públicos que perciben estas empresas esixen unha maior implicación do goberno galego na garantía de mellores condicións laborais e salariais destas traballadoras?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Ramón Fernández Alfonso

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2025 18:10:23

José Manuel Golpe Acuña na data 19/05/2025 18:10:27

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2025 18:10:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a sentenza de 12 de xuño de 2024 do TXUE e as eventuais compensacións ás traballadoras públicas vítimas de abuso da temporalidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolvendo diversas cuestións prexudiciais elevadas en maio de 2022 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.17 de Barcelona, o día 13 de xuño de 2024 ditou sentenza na que, interpretando a cláusula 5ª do Acordo Marco sobe o Traballo de Duración Determinada, celebrado o día 18 de marzo de 1999 e que figura como anexo da Directiva Comunitaria 1999/70 do Consello de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, UNICE e o CEEP; entre outros pronunciamento, estableceu que:

A Cláusula 5 do Acordo Marco sobre o Traballo de Duración Determinada, celebrado o 18 de marzo de 1999, que figura no anexo da Directiva 1999/70, á luz dos principios de proporcionalidade e de reparación íntegra do prexuízo sufrido, debe interpretarse no sentido de que se opón a unha xurisprudencia e a unha normativa nacionais que contemplan como medidas para sancionar a utilización abusiva de sucesivos contratos ou relacións de emprego de duración determinada, respectivamente, o mantemento do empregado público afectado ata a convocatoria e resolución de procesos selectivos pola Administración empregadora, a convocatoria de tales procesos e o abono dunha compensación económica cun dobre límite máximo en favor unicamente do empregado público que non supere ditos procesos, cando esas medidas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non sexan medidas proporcionadas nin medidas suficientemente efectivas e disuasorias para garantir a plena eficacia das normas adoptadas en virtude da devandita Cláusula 5.

A sentenza que, máis unha vez, reconece a primacía do Dereito Comunitaria, malia sinalar que a súa aplicación non pode vulnerar normas esenciais do dereito interno de cada Estado, abre a porta a indemnizacións máis altas das actuais, por considerar que non son abondo disuasorias, nin cumpren cos principios de proporcionalidade e reparación íntegra. O dobre límite máximo establecido nas compensación vixentes non permite, a xuízo do TXUE, nin unha reparación proporcionada e efectiva nas situacións de abuso que superen unha determinada duración, nin unha reparación íntegra dos danos derivados de tales abusos.

Indemnización que por outra banda non debe circunscribirse ás traballadoras que non logaran a estabilización na praza.

A referida sentenza, que resolve cuestións prexudiciais e non é de aplicación directa aos casos concretos aos que se refire, cuestiona a procedencia das indemnizacións previstas na lei estatal 20/21 e na lei 5/2022 do Parlamento de Galiza provocando unha situación de inseguridade xurídica e de incerteza, tanto para as traballadoras como para as propias administracións públicas

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cónstalle á Xunta de Galiza o número e antigüidade das traballadoras do sector público autonómico en situación de abuso da temporalidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que unha indemnización de 20 días por ano traballado cun límite de 12 mensualidades é abondo disuasoria para evitar as situacións de abuso da temporalidade, e suficientemente compensatoria para as traballadoras?

No seu caso, como debería determinarse a compensación?

Considera a Xunta de Galiza que a compensación debería limitarse ás traballadoras que non lograsen a estabilización da praza?

Cal é o importe das indemnizacións satisfeitas a traballadoras por abuso da temporalidade?

Cantas solicitudes de compensacións por sufrir abuso de temporalidade recibiu a Xunta de Galiza?

Ten realizado algunha valoración do alcance económico que suporía o recoñecemento dunha compensación de 33 días por ano traballado á todas as traballadoras do sector público autonómico vítimas de abuso da temporalidade?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/05/2025 09:35:56

Óscar Insua Lema na data 20/05/2025 09:37:59





Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

A estrada OU-533, que conecta A Rúa con A Gudiña, atravesando diversos concellos da comarca de Valdeorras, representa unha das principais vías de comunicación no leste da provincia de Ourense. A pesar da súa importancia para o tráfico local, intercomarcal e mesmo rexional, o estado actual desta infraestrutura presenta deficiencias graves no trazado, con numerosas curvas de radio reducido, tramos con visibilidade escasa e ausencia de carrís de adiantamento entre Viana do Bolo e A Gudiña e nas proximidades do Alto do Covelo.

Ademais, o firme presenta un grao notable de deterioración ao longo de moitos treitos da vía, poñendo en risco a seguridade viaria e prexudicando o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 10:13:02
Nº Rexistro: 25902
Data envío: 20/05/2025 10:13:02.127

desenvolvemento económico dunha zona que xa sofre un acusado despoboamento.

Resulta imprescindible avanzar cara unha mellora integral da vía, co obxectivo de garantir a seguridade viaria, reducir tempos de desprazamento e mellorar a calidade de vida da poboación da comarca.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a executar un proxecto de mellora integral do trazado da estrada OU-533?
2. Vai a Xunta de Galicia a crear carrís de adiantamento entre Viana do Bolo e A Gudiña?
3. Vai a Xunta de Galicia a ampliar os carrís de adiantamento nas proximidades do Alto do Covelo?
4. Vai a Xunta de Galicia a reafirmar a totalidade dos tramos?

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/05/2025 10:01:55

Carlos López Font na data 20/05/2025 10:02:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86093

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego respecto da súa planificación e execución orzamentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra desde hai máis dunha década recorrentes eivas que non son abordadas con dilixencia, malia ser evidentes á luz de cada período executado e á luz dos distintos informes que o Consello de Contas vén elaborando, singularmente os referidos á Conta Xeral.

Así, se atendemos ao seu Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma respecto do exercicio do ano 2022, observamos novamente eivas como o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital, as cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, a falta de concordancia do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inventario de inmovilizado material, a falta de elaboración do rexistro de entidades malia o mandato legal, financiamentos non permitidos polos remanentes, utilización recorrente das ampliacións de crédito que constata unha deficiente orzamentación, dado que se reiteran as mesmas partidas todos os anos, etc.

Por outra banda, salienta, ano a ano, a falta de execución de importantes contías orzamentarias. Por exemplo, no último exercicio económico do que temos datos pechados, o 2023, deixou sen executar 1.051 millóns de euros no total de seccións e aquelas con menor nivel de execución relativo son recorrentes en exercicios precedentes. Tamén, no ámbito orzamentario, salienta negativamente o escaso resultado dos teóricos esforzos anunciados para impulsar o gasto en investimentos reais, que no 2023 deixaron atrás arredor de 500 millóns de euros. Finalmente, cómpre lembrar que canto á execución por programas, hai numerosos programas que ano a ano non superan un nivel de execución do 50%, o cal amosa unha debilidade na planificación que non pode escusarse cun ano concreto nin cunha conxuntura específica.

Mellorar a planificación orzamentaria e afondar na transparencia son aspectos fundamentais para mellorar a calidade democrática e para mellorar na eficiencia da xestións dos recursos públicos, algo esencial en xeral e máis aínda nun contexto de profundas transformacións económicas, inestabilidade política e volta á senda centralista e neoliberal do déficit e da limitación de gasto e do exercicio do noso autogoberno.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar que a súa deficiente planificación orzamentaria furete capacidade económica para enfrontar as necesidades da sociedade e dos sectores produtivos?

Que mecanismos prevé ou vai prever para mellorar a execución global dos orzamentos?

E daquelas áreas de gasto que recorrentemente arrastran unha baixa execución orzamentaria?

Que vai facer o goberno galego para deixar de orzar como imprevistos aqueles gastos correntes e previsibles, coma os destinados ao pagamento de nóminas?

Vai aplicar sen máis dilación as recorrentes recomendacións do Consello de Contas que se reiteran ano a ano e cada unha das Contas Xerais?

Que medidas vai impulsar para afondar na transparencia orzamentaria, singularmente canto ás modificacións impulsadas ao longo do exercicio económico?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2025 10:24:22

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2025 10:24:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2025 10:24:47

Óscar Insua Lema na data 20/05/2025 10:24:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/05/2025 10:25:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonzo e Noa Presas Bergantiños deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a mellora no servizo concesionado de Inspección Técnica de Vehículos e a súa repercusión na sociedade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A inspección técnica de vehículos periódica e obrigatoria foi aprobada no Estado español nos anos 80 e diversos estudos coinciden en que contribuíu a mellorar a sinistralidade. É o Estado o que establece que hai que revisar nos vehículos, pero a competencia sobre as entidades revisoras é de cada comunidade.

Na Galiza a Inspección Técnica de Vehículos (ITV) é un servizo público competencia do Goberno Galego que leva concesionado dende o ano 1987 a través das empresa SyC - Supervisión y Control, hoxe denominada SyC APPLUS após a compra en 2017 do 80% das accións da empresa SyC pola empresa Applus a través da súa filial Applus Iteuve Galicia SLU por valor de case 90 millóns de euros e, finalmente, o 20% restante por valor de 18 millóns de euros no ano 2022.

Este servizo público é un servizo esencial para as galegas e galegos que queiran poder circular co seu vehículo xa que están obrigadas a manter actualizada a ITV periódica dos seus vehículos nos prazos estipulados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de monopolio dunha soa empresa xestionando o servizo de ITV é algo anómalo no conxunto do estado, só dous territorios xunto a Galiza teñen esta situación, coa diferenza de que o monopolio en Galiza está en mans dunha empresa privada.

Alén da crítica que se poida facer sobre esta situación, que non é motivo desta iniciativa, está a opacidade pola cal é difícil de coñecer cales son as condicións do prego de concesión do servizo por parte do Goberno á empresa concesionaria. Máis aínda cando hai un conflito laboral aberto das traballadoras e traballadores das ITV que, entre as súas demandas, piden coñecer este prego que rexe a concesión.

Non é novo que o pagamento deste servizo está deixando cifras récord de facturación para a empresa que ostenta a concesión, onde o pasado ano 2022 facturou en Galiza 54 millóns de euros segundo a súa memoria económica o que converteu a ITV galega na segunda máis rendible da empresa só por detrás da ITV irlandesa, o pasado ano 2023 a facturación foi de 22 millóns de euros que para 26 estacións de ITV supón case 900.000 euros por estación.

A concesionaria recibiu no ano 2022 por parte do goberno galego o visto e prace para a prórroga da concesión até 2027 coa condición dunha rebaixa nas taxas que pagaban as persoas usuarias de menos de 1,5%, o que a efectos prácticos para a meirande parte de vehículos e inspeccións supuxo menos de un euro.

Mais esta situación non se correspondeu nos vindeiros anos onde a inspección de vehículos de motor tanto gasolina como diésel incrementáronse un 5,2% e o de motocicletas máis dun 61%, situándose as tarifas no ano 2024 para, por exemplo, estes vehículos do seguinte xeito:

- Turismos gasolina (con catalizador): 41,96€ (dos que 31,22€ son tarifa da Xunta)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Turismos diésel MMA≤3.500kg: 50,12€ (dos que 37,97€ son tarifa da Xunta)
- Motocicletas: 36,95€ (dos que 27,08€ son tarifa da Xunta)

Referíndonos á presión que este servizo supón para as persoas usuarias, o prezo das inspeccións periódicas en Galiza está por riba da media do estado, a cal se sitúa, por exemplo, en 45,02€ para turismos diésel, para un territorio que no ano 2023 sufriu un aumento do IPC con respecto do ano anterior do 3,1%, a cifra máis alta de todo o estado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Pensa o Goberno Galego dar conta do prego de condicións do contrato de concesión do servizo de ITV á empresa SyC APPLUS?
2. Cre o Goberno Galego que é excesivo o prezo que pagan as galegas e galegos polo servizo de ITV?
3. Ten pensado o Goberno Galego diminuír a tarifa da Xunta no prezo da ITV para o ano 2025?
4. Por que o Goberno Galego non convocou un novo concurso para a concesión do servizo de ITV nos últimos anos?
5. Ten pensado o Goberno Galego mediar no conflito laboral coa empresa SyC APPLUS? Como valora o Goberno Galego as demandas das traballadoras e traballadores das ITV?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/05/2025 10:44:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2025 10:44:56

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2025 10:45:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para a mellora das infraestruturas viarias titularidade da Xunta de Galiza no Concello de Cangas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, a Axencia Galega de Infraestruturas, anunciou a reposición do firme nas tres rotondas da PO-551. Sendo evidente a necesidade de mellora do firme nestes tramos da PO-551, non deixan de ser parches que non solucionan a situación desastrosa de toda a estrada de titularidade autonómica ao seu paso polo concello de Cangas.

A propia Xunta reconece a urxencia de melloras nas estradas de titularidade autonómica cando publica as actuacións preferentes en toda a provincia de Pontevedra e, seguindo o criterio de puntuación da AXI, tan só un tramo en Vilagarcía supera as estradas de Cangas no índice de prioridade.

Aínda así, ningunha das actuacións que a AXI considera prioritarias se leva adiante, nomeadamente as previstas nos tramos A Madalena-Ximeu, Rozabales, O Cunchido ou San Cibrán-Vilariño. A continuada discriminación e retraso nas melloras das vías de titularidade autonómica é xa insostible, cando se ve que as obras rematan sempre no límite no termo municipal de Cangas.

É por isto que é fundamental que a Xunta de Galiza deixe de marxinar ao Concello de Cangas no que ten que ver cos investimentos en infraestruturas de todo tipo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e leve a cabo actuacións urxentes e integrais para mellorar a seguridade viaria tanto de peóns como do tráfico rodado, soportando moitos destas vías unha considerable cantidade de tráfico diario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza para rematar coa discriminación que sofre o Concello de Cangas en materia de infraestruturas de titularidade autonómica?

. Que previsión de execución ten a Xunta de Galiza para as actuacións consideradas prioritarias pola AXI no Concello de Cangas?

. É coñecedora, a Xunta de Galiza, do estado das infraestruturas viarias de titularidade autonómica situadas no Concello de Cangas?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/05/2025 11:53:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 20/05/2025 11:56:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o control de especies invasoras en área de Rede Natura no Concello de Cangas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2024, a Xunta de Galicia iniciou actuacións de erradicación de especies invasoras na Zona entre Nerga e Donón. Aínda que a actuación permitiu limpar unha cantidade considerable de diferentes especies invasoras, resulta claramente insuficiente, sobre todo no que se refire ás acacias.

A acacia de espigas estase estendendo por todo o complexo dunar, avanzando con gran rapidez e supón xa a maior ameaza para a zona da Rede Natura no Concello de Cangas. Hai miles de exemplares desta especie, que se estenden afogando o resto de especies e poñendo en perigo todo o ecosistema dunar.

A Xunta de Galicia está a destinar cada vez máis recursos ao control e erradicación desta especie, como se fixo por exemplo na zona do Parque Natural do Monte Aloia, cunha inversión de case 200.000 euros.

No caso do Complexo Dunar de Barra, son tres as administracións que deben colaborar nestes traballos, a Xunta, o Goberno Central, e o propio Concello. A administración local xa manifestou a súa vontade para traballar conxuntamente no control destas especies, mais é fundamental que o resto de administracións se comprometan para reverter esta grave situación, que pode rematar cun entorno natural de grande valor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así pois, é necesario que as distintas administracións cheguen aos acordos correspondentes e traballen de xeito coordinado para lograr este fin.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza do actual estado de degradación dos espazos de Rede Natura situados no Concello de Cangas por mor da propagación de especies invasoras?

2. Entende necesario, a Xunta de Galiza, preservar espazos dun grande valor natural como o Complexo Dunar de Barra, a súa contorna e a extensión da área de Rede Natura no Concello de Cangas?

3. Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza para controlar e eliminar as especies invasoras presentes no Complexo Dunar de Barra e no conxunto dos espazos de Rede Natura situados no Concello de Cangas?

4. Está disposta a Xunta de Galiza a traballar conxuntamente coa administración local e a administración do estado para acadar un control real das especies invasoras nestas áreas protexidas?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/05/2025 11:57:22

Luis Bará Torres na data 20/05/2025 11:57:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para reforzar os servizos sanitarios no Concello de Cangas durante a época estival.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O municipio de Cangas conta cunha poboación empadroada de 26.676 habitantes, segundo datos do INE (2024). Porén, durante os meses de verán, esta cifra pode superar os 60.000 residentes efectivos, debido á chegada masiva de turistas e á ocupación de segundas vivendas, cámpings e establecementos hostaleiros.

Esta duplicación da poboación non vai acompañada dun reforzo proporcional dos medios asistenciais, o que provoca unha sobrecarga dos servizos sanitarios existentes: longas esperas nos centros de saúde, saturación nos puntos de atención continuada e tempos de resposta excesivos nas urxencias extrahospitalarias.

A situación vese agravada pola ausencia dun reforzo que aumente o número de ambulancias existentes durante todo o ano, pola negativa a dotar ao Centro de Saúde cun reforzo de persoal de medicina e enfermería durante o verán (coñecido como reforzo de costa) e sobre todo pola non substitución de baixas e permisos durante o verán no persoal do Punto de Atención Continuada (PAC)

Segundo datos do Consello Económico e Social de Galicia, o tempo medio de espera nun punto de atención continuada en áreas costeiras durante o verán pode duplicarse respecto ao resto do ano. Ademais, a media galega de ambulancias de servizo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urxente por habitante continúa pese á nova ambulancia que presta servizo 12 horas en Moaña, por debaixo das recomendacións do Ministerio de Sanidade e organizacións científicas. Todo isto, evidencia unha carencia estrutural nos dispositivos de urxencia.

Organizacións como a CIG e a Plataforma A Voz da Sanidade de Cangas, leva anos denunciando esta situación, reclamando unha sanidade pública digna e adecuada á realidade do territorio.

Os datos e a experiencia de pasadas épocas estivais fan necesarios a reclamación deste reforzo dos servizos sanitarios, do que gozan outros Concellos galegos en situacións totalmente similares. É por iso que a Xunta de Galiza debe deixar de castigar á veciñanza de Cangas e a do conxunto do Morrazo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Ante o importante incremento de poboación en época estival no Concello de Cangas, que medidas de reforzo vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir unha atención sanitaria de calidade?

. Considera a Xunta de Galiza que a veciñanza de Cangas e do conxunto do Morrazo non ve afectados os seus servizos sanitarios durante a época estival?

. Entende a Xunta de Galiza, necesario un reforzo sanitario no PAC de Cangas ao ter o servizo de urxencias de Moaña desprazado e duplicando a poboación do Concello de Cangas durante o verán?

. Vai a Xunta de Galiza a poñer unha ambulancia de reforzo no PAC de Cangas durante o verán?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/05/2025 12:15:48

María Montserrat Prado Cores na data 20/05/2025 12:15:57





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A febre aftosa é unha enfermidade causada por un virus que pode afectar a numerosas especies animais dos ganados bobino, ovino, porcino e caprino. Esta enfermidade maniféstase por febre alta e aparición de úlceras pequenas na boca e vesículas e feridas tanto nas mucosas como na pel.

Unha das principais preocupacións arredor desta doenza non é tanto a súa letalidade, que adoita ser baixa salvo nos animais máis novos, senón a súa alta capacidade de contaxio e a facilidade coa que se propaga entre explotacións. O período de incubación adoita situarse entre os 2 e os 14 días na maioría dos casos. Isto fai que o control sanitario sexa especialmente complexo.

A febre aftosa está presente de xeito habitual en distintas rexións do planeta, como África, partes de Asia, América do Sur e o Oriente Medio. Nestes territorios considérase endémica, o que supón unha ameaza constante para outras áreas libres da enfermidade, como o conxunto da Unión Europea.

Esta enfermidade non é só un problema sanitario, senón tamén un desafío económico e de xestión para os sistemas agroalimentarios. A súa gravidade económica reside non só nos efectos directos sobre os animais, senón tamén nas consecuencias das medidas de contención, que inclúen restricións ao movemento de gando, o sacrificio preventivo dos exemplares afectados e o peche temporal de mercados nacionais e internacionais. A posibilidade de exportar produtos de orixe animal queda anulada automaticamente ante a detección dun brote.





Ademais, cómpre destacar que a cepa do virus pode variar, e algunhas mutacións teñen unha capacidade de difusión moito maior ou poden afectar a algunhas especies con maior severidade. Recentemente notificouse a aparición dunha variante exótica nunha das zonas endémicas, o que volve poñer en alerta ás autoridades veterinarias de todo o mundo.

En resposta ao brote desta enfermidade, o ministro de agricultura español, asegurou que España está coordinada a través do Comité Veterinario Europeo, e que as autoridades alemás xa puxeron en marcha as medidas necesarias para conter a situación. Ademais, o ministro español cualificou o virus como “tremendamente perigoso”, mais subliñou que, por agora, está circunscrito ao territorio alemán e confía en que as accións emprendidas sexan eficaces para frear a súa expansión.

Por outra parte, dende a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, recomendase non traer gando dende Alemaña. Polo que, ata que non se coñeza a extensión do foco, débese evitar calquera movemento de animais dese país, para así poder previr que a enfermidade entre en Galicia.

Ata o momento, a situación actual da febre aftosa en Galicia permanece sen casos confirmados, pero as autoridades sanitarias manteñen unha vixilancia activa e reforzada debido a que este brote está a afectar a varios países europeos en este 2025, considerado o peor dende o ano 2001. Así pois, a colaboración entre administracións e sector gandeiro é esencial para preservar a sanidade animal e evitar impactos económicos negativos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a avaliación actual da Xunta de Galicia respecto ao risco de entrada da febre aftosa no territorio galego?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 12:21:05
Nº Rexistro: 25926
Data envío: 20/05/2025 12:21:05.310

2. Que medidas concretas se están a aplicar para previr a chegada do virus ás explotacións da comunidade, tendo en conta os recentes brotes detectados en países da UE, como Alemaña?

3. Ten previsto a Xunta de Galicia elaborar e difundir protocolos específicos de actuación fronte á febre aftosa dirixidos ao sector gandeiro galego, incluíndo medidas preventivas e procedementos en caso de contaxio?.

Santiago de Compostela, a 20 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 20/05/2025 12:17:11

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/05/2025 12:17:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as axudas económicas recibidas pola Cámara Oficial Mineira de Galiza no ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo transcendeu nos medios de comunicación, tras as denuncias de Ecoloxistas en Acción por irregularidades na xestión de fondos públicos, a Cámara Mineira foi esixida a reintegrar o importe da subvención de xeito inmediato por non ter presentado a documentación solicitada e ao non xustificar o cumprimento das condicións requiridas.

A Cámara Oficial mineira de Galiza obtivo en 2023 financiamento a través da sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, presidida daquela pola actual Conselleira de Economía e Industria. Financiamento público para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PERTE), financiado pola Unión Europea.

A realización das accións formativas do convenio foi motivo de denuncia ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Consellería de Emprego e Igualdade, interposta por Ecoloxistas en Acción ao ter constancia de varias irregularidades na súa xestión dos fondos realizada pola Cámara mineira oficial de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza. Irregularidades que suporían o incumprimento dos requisitos de execución do convenio entre a Cámara mineira e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

A denuncia destes feitos interposta pola organización ecoloxista ocasionou a apertura dun expediente de auditoría en 2024 sobre a xustificación dos 192.150 € que figuraban no convenio asinado entre a Cámara e a Consellería.

Ecoloxistas en Acción ven de recibir notificación da conclusión do proceso de inspección, que tivo como resultado requirir á Cámara Mineira o reintegro da subvención de xeito inmediato. Unha vez realizadas as comprobacións dos feitos, a Cámara mineira non presentou a documentación esixida nos requirimentos e non puido xustificar o cumprimento das condicións estipuladas no convenio coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cal foi o importe das axudas recibidas vía convenio, pola cámara oficial Mineira de Galiza en 2023.
2. Existiron outras axudas nominativas ou de concorrência aberta?
3. Cal era o obxecto destas axudas?
4. Que medidas de control e fiscalización contempla o convenio?
5. Executáronse esas medidas? En que datas?
6. Cal foi o resultado das comprobacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Considera a consellería cumpridos os obxectivos do convenio?
8. Que medidas vai adoptar a consellería para que non se repitan estes feitos?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonzo
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 20/05/2025 12:27:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2025 12:27:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta se comprometer coa comunidade educativa do CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o 9 de outubro de 2024 desde o grupo parlamentario do BNG preguntámoslle ao Conselleiro de Educación, Román Rodríguez, se o goberno da Xunta ía comprometer nos orzamentos de 2025 a partida necesaria para resolver as importantes deficiencias que presenta o CEIP Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

Preguntabamos, en definitiva, polo incumprimento dos compromisos acadados nas últimas eleccións municipais co centro: o arranxo da cuberta do edificio e a construción dun novo Instituto de Ensinanza Secundaria, unha demanda xustificada pola tensión derivada do aumento da poboación neste concello e pola demanda social de ensanchar a oferta académica a Bacharelato e Formación Profesional neste concello.

A inconcreción do conselleiro na súa resposta confirmouse posteriormente na aprobación dos orzamentos da Xunta para 2025 que non recollían partidas específicas para resolver as deficiencias estruturais que tanto tempo leva reclamando a comunidade educativa de Miño nin tampouco para acometer a construción dun novo centro educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que non executou a Xunta as obras comprometidas para resolver deficiencias estruturais como o arranxo da cuberta do edificio?
- Por que incumpriu o compromiso público de construír un novo instituto no concello de Miño?
- Que medidas está a impulsar o goberno da Xunta para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña)?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/05/2025 12:49:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 20/05/2025 12:50:12





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

O núcleo urbano de Cee vese afectado diariamente polo tránsito de vehículos pesados que se desprazan dende o polígono empresarial ata o porto de Brens. Este tránsito, que atravesa o centro do concello, supón un risco evidente para a seguridade viaria, ademais de afectar negativamente á calidade de vida da veciñanza, provocando problemas de ruído e contaminación.

A construción dunha variante que conecte directamente o polígono empresarial co porto de Brens permitiría desviar este tráfico pesado fóra do centro urbano, eliminando un volume importante de vehículos de gran tonelaxe das rúas principais de Cee. Esta actuación melloraría de maneira substancial a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 12:54:49
Nº Rexistro: 25938
Data envío: 20/05/2025 12:54:49.112

seguridade viaria, especialmente nos accesos á vila, e contribuíría a unha mobilidade máis sostible e ordenada.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a construír unha variante viaria que conecte directamente o polígono empresarial de Cee co porto de Brens?

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 20/05/2025 12:52:22

Carlos López Font na data 20/05/2025 12:52:31

CSV: BOPGDSPG-cjWFKSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86121

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a idoneidade das liñas de axuda destinadas ao conxunto do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector industrial da automoción foi declarado como estratéxico polo goberno galego o 29 de febreiro de 2024, polo cal foi anunciado o Plan Director para o mesmo, infelizmente houbo que agardar máis dun ano a que se aprobara o mesmo, non foi definitivo até o 17 de marzo de 2025.

As supostas apostas polo sector que leva anunciando o goberno galego, até o de agora, limitáronse a diferentes liñas de axuda e/ou subvencións para o sector, que non teñen demostrado ter unha contrapartida social constatada.

Como exemplo disto pódense analizar os datos de axudas públicas destinadas ao sector da automoción e o seu impacto no emprego, en 2024 só nas liñas de axudas extraordinarias (con códigos IG300I – IN422P) desembolsáronse 11.483.854,70€ e pola contra no mesmo período destruíronse en Galiza 1.200 empregos no sector.

Polo tanto, non se está a conseguir un reforzo do emprego no sector a través das subvencións que está a destinar o goberno da Xunta. Do mesmo xeito segue sen se paliar o efecto da deslocalización nin da aplicación de expedientes de regulación de emprego onde, segundo os últimos informes elaborados por sindicatos, en febreiro de 2025 había preto 15.000 emprego en ERTE dun total de 24.000 do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Faise preciso pois que as medidas despregadas polo goberno galego realmente sexan idóneas para o fortalecemento do sector, ao mesmo tempo que garantan a xeración de emprego de calidade e de longa duración.

Exemplificando a falta de idoneidade de certas axudas públicas para o sector, nomeadamente das empresas auxiliares, están as axudas extraordinarias de 2024, onde houbo unha previsión inicial orzamentada de 10 millóns de euros para a liña A (de inversións e modernización) e 8 millóns para a liña B (eficiencia enerxética e enerxías renovables).

Durante o proceso de solicitude, e ante a falta de solicitudes das empresas na liña B, efectúase unha modificación de crédito de 2 millóns de euros dende a liña B até a liña A. Así e todo, dentro da liña B, só foron concedidos 392.850€ (quedando dúas solicitudes sen apoio).

Este feito é relevante debido a necesidade da industria de reducir os seus custos enerxéticos, de facer as empresas enerxeticamente máis eficientes e, en definitiva, de favorecer a súa competitividade. Polo tanto é canto menos preocupante que de 8 millóns de euros iniciais só se acabaran subvencionando algo menos de 400 mil euros.

O que demostra é que, a pesar de se gabar o goberno galego de diálogo co sector, non se está facendo un deseño das liñas de subvención adecuadas ás súas necesidades.

Outra mostra de falta de diálogo son as axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción de Galicia, das cales as súas bases reguladoras atópanse nun proceso contencioso-administrativo. Outra mostra máis do desacordo entre o goberno galego e parte do sector da automoción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No entanto, debe establecerse necesariamente un foro permanente de diálogo co sector para artellar as ferramentas que realmente precisan para facer fronte aos grandes retos do futuro e se garanta un emprego de calidade e duradeiro.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Como valora o goberno galego a falta de interese das empresas para acceder á liña B das axudas extraordinarias á automoción de 2024? Por que quedaron solicitudes sen apoio?

2. Por que se interpuxo un recurso administrativo sobre as bases reguladoras das axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción de Galicia?

3. Por que non se facilita dito recurso ou a temática que o motiva aos grupos parlamentarios?

4. Cre o goberno galego que o diálogo mantido co sector é o axeitado?

5. Que pensa facer o goberno galego para corrixir a debacle na cantidade, calidade e temporalidade do emprego no sector?

6. Considera o goberno fraudulentos os ERTES que como norma se aplican no sector? Pensa instar ao Goberno do Estado para endurecer as condicións para poder aplicar ERTES?

7. Por que o sector esta perdendo patentes propias e quedando relegado ás actividades intermedias da cadea de valor?

8. Por que o goberno non constitúe unha mesa sectorial permanente na automoción que avalíe as necesidades do sector de xeito continuado? Por que non a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aproveita para a propia avaliación e corrección do Plan Director dun xeito máis dinámico do previsto?

9. Cal é o retorno social das diferentes axudas despregadas ao sector da automoción?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/05/2025 13:19:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2025 13:22:36





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 20/05/2025 15:06:37.136

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto do porto deportivo de Baiona ten unha longa traxectoria marcada pola falta de planificación urbanística, a opacidade institucional e unha clara orientación cara a intereses privados. As primeiras conversas comezaron entre 1991 e 1995, nun contexto político de colaboración entre a administración local, autonómica e estatal (todas gobernadas polo PP), o que favoreceu modelos de desenvolvemento intensivo sen os necesarios estudos de impacto urbanístico.

En 2001, Portos de Galicia concedeu a explotación do porto á empresa Ronáutica, que presentou o proxecto máis ambicioso entre os presentados. Executouse unha primeira fase (rematada en 2003) que incluíu 316 amarres e un recheo de 5.400 m². A segunda fase, prevista en 2007, non puido levarse a cabo por falta dun Plan Especial que lle dera cobertura legal, provocando o bloqueo da concesión e a frustración entre os usuarios.

Foi en 2015 cando se aprobou finalmente o Plan Especial para o porto deportivo. Esta aprobación foi polémica, ao non contar cos estudos ambientais actualizados nin co consenso político e social necesario.





Nos anos seguintes, Ronáutica cedeu a concesión a COPASA, que tampouco levou a cabo a ampliación prevista. A situación mudou en 2023, cando a empresa Nauplia Capital asumiu a concesión e obtivo unha prórroga de 23 anos por parte de Portos de Galicia.

A nova ampliación e as obras previstas non contan cunha avaliación ambiental actualizada nin cunha comunicación oficial clara dos seus impactos, nin tampouco foi informada a veciñanza afectada.

É un modelo que responde a intereses privados que, baixo unha concesión pública, avanza sen garantías ambientais nin urbanísticas, e sen transparencia.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1 Vai a Xunta de Galicia a encargar un novo Estudo de Impacto Ambiental (EIA) da ampliación do Porto Deportivo de Baiona?
- 2 Vai a Xunta de Galicia a paralizar de forma inmediata calquera inicio de obra relacionada coa ampliación do Porto Deportivo de Baiona ata que se realicen os estudos ambientais pertinentes e se informe adecuadamente á cidadanía?
- 3 Vai a Xunta de Galicia a facer pública a documentación relativa á prórroga da concesión outorgada a Nauplia Capital, incluíndo informes técnicos, xurídicos e ambientais que xustifiquen a decisión?
- 4 Vai a Xunta de Galicia encargar á Universidade de Vigo ou a un organismo independente a elaboración dun novo Estudo de Impacto





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 20/05/2025 15:06:37.136

Ambiental (EIA), que analice os efectos ambientais, costeiros e urbanísticos derivados do recheo inicial (2001-2003) e as consecuencias previsibles da nova ampliación?

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 20/05/2025 15:02:19

Julio Abalde Alonso na data 20/05/2025 15:02:32

Carlos López Font na data 20/05/2025 15:02:42

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86128

@PSdeG





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 17:28:03
Nº Rexistro: 25964
Data envío: 20/05/2025 17:28:03,283

Asinado o día 20/05/2025 ás 17:26
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Ariadna Fernández González e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falta de prazas nas Galiñas Azuis da comarca de Ferrol.

Asinado o día 20/05/2025 ás 17:26
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Veñen de publicarse recentemente as listas de persoas admitidas nas escolas infantís xestionadas polo Consorcio galego de igualdade e benestar para o curso escolar 2025/26.

Na comarca de Ferrol este baremo deixa sen praza a 5 persoas en Ares, 5 en Barallobre (Fene), 3 en Perlío (Fene), 9 en Caranza (Ferrol), e 20 en Esteiro (Ferrol), o que fai un total 42 persoas.

A falta de prazas de escolas infantís na Galiza contrasta co feito de que a Xunta devolve 22,3 millóns de euros dun total de 34 millóns procedentes de fondos europeos para a creación de prazas de escolas infantís.

Mais resulta especialmente grave se poñemos o foco nas escolas infantís da rede Galiñas Azuis xestionadas polo Consorcio, unha rede constituída no seu día como un proxecto pedagóxico innovador que fixo do noso país unha referencia. Un proxecto que chegou a consolidarse co tempo e a gozar dun enorme éxito se atendemos ao grao de satisfacción das familias.

Asinado o día 20/05/2025 ás 17:25
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O modelo pedagóxico da rede de Galiñas Azuis ven sendo boicoteado polo Partido Popular desde o primeiro goberno de Feijoo, e continúa na actualidade co goberno Rueda, que moi disciplinadamente afonda no desmantelamento do proxecto.

O sistema de acceso ao emprego, a formación continua, a parella educativa.... todo o que facía das Galiñas Azuis centros de atención á infancia con unha clara vocación pedagóxica e superadora do vello concepto de gardería está no punto de mira do Partido Popular.

O feito de que se devolva diñeiro público que podía destinarse a aumentar as prazas nesta rede de escolas infantís é un exemplo evidente, mais non queda aí o boicot do Partido Popular, xa que agora ven de eliminar as horas que as traballadoras da escolas dedicaban á organización e coordinación do traballo fora do horario de atención directa ás crianzas.

A ANPA da Galiña Azul de Esteiro (Ferrol) manifestou publicamente un sentir moi maioritario entre as familias usuarias de toda a comarca, o goberno galego debería reforzar o modelo, e non desmantelar todo aquilo que o facía eficiente e recoñecible.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que consideración lle merece á Xunta de Galiza o modelo pedagóxico das Galiñas Azuis?

Considera a Xunta de Galiza que ese modelo pedagóxico pode manterse reducindo os horarios das traballadoras sen tomar medidas adicionais para que poidan realizar os traballos de planificación, coordinación e organización fora do horario de atención directa ás crianzas?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por que non aumenta o número de prazas das Galiñas Azuis da comarca de Ferrol?

Ten pensado a Xunta de Galiza reducir os horarios de atención directa ás crianzas?

Por que non se integran as Galiñas azuis e as escolas infantís no sistema educativo galego e na Consellaría de educación?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 20/05/2025 17:25:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2025 17:26:16

Ariadna Fernández González na data 20/05/2025 17:26:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 17:28:03
Nº Rexistro: 25964
Data envío: 20/05/2025 17:28:03,283

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 17:28:03
Nº Rexistro: 25964
Data envío: 20/05/2025 17:28:03,283

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/05/2025 17:28:04

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir coa realización das obras comprometidas co CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI Castro Baxoi, situado no concello de Miño (A Coruña), presenta dende hai anos deficiencias estruturais na cuberta do patio, o que condiciona negativamente o desenvolvemento das actividades educativas e deportivas do alumnado, especialmente en condicións meteorolóxicas adversas. Trátase dunha infraestrutura básica que require dunha intervención para garantir unhas condicións dignas e seguras para o conxunto da comunidade educativa.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten coñecemento desta situación. Así o recoñeceu en xullo de 2023 o Secretario Xeral Técnico da Consellería, Manuel Vila, que afirmou publicamente: "Por parte da unidade técnica si que se está analizando os problemas que dá esa cuberta do patio. Polo tanto, imos facer algunha actuación de mellora nesa cuberta. A unidade técnica adoptará este verán as melloras que precise."

Porén, desde aquela data non se acometeu ningunha intervención, nin no verán de 2023 nin no de 2024, desaproveitando dous períodos non lectivos nos que este tipo de obras poden executarse sen interferir na actividade académica. A maiores, tampouco se

Asinado o día 20/05/2025 ás
18:01
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 20/05/2025 ás
18:01
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

anunciou ata o momento ningunha actuación futura nin se informou sobre os resultados das análises técnicas realizadas.

En outubro de 2024, durante unha interpelación en pleno, o propio Conselleiro de Educación, Román Rodríguez, evitou confirmar se os orzamentos da Xunta para 2025 recollerían unha partida específica para acometer esta actuación, o que incrementa a incerteza e a preocupación da comunidade educativa.

Tendo en conta que a Consellería admitiu publicamente a necesidade de melloras na cuberta e que non se actuou nos dous últimos exercicios, resulta imprescindible obter información clara sobre as previsións do Goberno galego para dar resposta a esta demanda lexítima e urxente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Ten previsto o Goberno galego acometer no verán de 2025 as actuacións necesarias na cuberta do patio do CPI Castro Baxoi de Miño?

Por que razóns non se executaron as obras comprometidas pola Consellería nos veráns de 2023 e 2024, malia admitir a existencia de problemas estruturais?

Cal foi o resultado da análise realizada pola unidade técnica da Consellería no ano 2023 sobre a cuberta deste centro educativo? Existe un informe técnico? En caso afirmativo, en que termos se pronunciaba?

Recollen os orzamentos da Xunta para o ano 2025 unha partida específica para atender esta actuación? En caso negativo, por que motivo non foi incluída?

Ten previsto o Goberno galego incluír esta obra nunha programación plurianual ou considera que pode ser executada nun único exercicio orzamentario?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 18:02:42
Nº Rexistro: 25967
Data envío: 20/05/2025 18:02:42.553

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/05/2025 18:01:44

Cristina Fernández Davila na data 20/05/2025 18:01:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 18:02:42
Nº Rexistro: 25967
Data envío: 20/05/2025 18:02:42.553

CSV: BOPGDSPG-cjWFKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 18:02:42
Nº Rexistro: 25967
Data envío: 20/05/2025 18:02:42.553

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/05/2025 18:02:44

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a viabilidade do sector do serrado en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O monte galego enfróntase a unha importante regresión dos piñeirais, xa que nos últimos 15 anos perdéronse 140.000 hectáreas (9.300 hectáreas/ano), segundo se desprende dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia.

E, a escaseza da madeira de piñeiro en Galiza, leva ao punto no que a viabilidade dos serradoiros galegos está comprometida. Posto que para os serradoiros galegos, os pinos son a súa materia prima por excelencia, xa que representan o 95% da madeira que procesan, mentres eucaliptos e frondosas caducifolias son anecdóticas, limitados a destinos puntuais para os que se adaptan.

O sector dos serradoiros en Galiza está integrado por 120 empresas que sostén 7.400 empregos directos. Nos últimos días vemos como un grupo de 66 serradoiros que representan o 90% da transformación de piñeiro en Galiza uníronse para advertir que, "nun prazo non superior a 10-15 anos", haberá déficit desta especie, e temen polo seu futuro.

O sector sinala dúas grandes ameazas para a "subministración estable" de madeira de piñeiro. Unha delas son as pragas que se ceban coas masas desta especie,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atacadas pola banda marrón ao norte de Galicia e polo nematodo ao sur. O sector pide "medidas fitosanitarias efectivas".

O outro factor sobre o que poñen o foco é o avance do eucalipto, ao constatar que fixo "minguar" as existencias de piñeiro e solicitan prorrogar a moratoria para novas plantacións, tendo en conta que a actual finaliza a finais deste ano. Defenden que "debería manterse vixente" como medida para "potenciar e protexer" as plantacións de piñeiro.

Os serradoiros teñen un papel ben importante no rural galego. As 120 empresas que o integran transforman 3,5 millóns de metros cúbicos de madeira dos montes, dos cales o 95% son piñeiros que se destinan a produtos necesarios para as industrias do taboleiro, a carpintería, o mobiliario, a construción e o consumidor final.

Tamén prové a outros sectores produtivos, coas caixas de madeira para a pesca, as bateas para o sector do mexillón ou a embalaxe para pezas industriais.

O sector produce o 40% da madeira serrada de toda España, pola que os propietarios forestais perciben máis de 100 millóns de euros. É unha cadea que ten o seu primeiro elo no bosque e necesita que todas as engrenaxes funcionen.

A industria dos serradoiros naceu en Galiza fai mais de 180 anos e foise desenvolvendo grazas ao compromiso co rural das sucesivas xeracións de empresas familiares que ampliaron as instalacións industriais alí onde naceron e, nalgúns casos, os serradoiros van pola cuarta ou quinta xeración.

O 52% dos serradoiros están situados en concellos da provincia da Coruña, o 20%, en Lugo, o 15% en Ourense e o 13% restante na provincia de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Que medidas ten prevista a Xunta de Galiza para combater as bandas marrón e vermella?

Que explicacións da a Xunta de Galiza a estas afeccións das bandas que está fora de control e afecta cada vez mais as masas de piñeiro de Galiza?

Que medidas ten prevista a Xunta de Galiza para combater as zonas afectadas polo nemátodo?

Vanse deseñar políticas de mitigación da perda de piñeiros inmediatas, que proporcionen alternativas ao Piñeiro radiata, nas zonas afectadas pola praga da banda marrón e vermella, e as zonas de piñeiro afectado por nemátodo?

Dado que as plantacións de eucalipto fixeron "minguar" as existencias de piñeiro, vai a Xunta prorrogar a moratoria para novas plantacións de eucalipto?

Considera a Xunta de Galiza perigosa a advertencia que está a dar o sector sobre o grave problema a curto prazo da falla de piñeiro?

A escaseza da madeira de piñeiro en Galiza, leva a poñer en perigo a viabilidade dos serradoiros galegos, que van a facer desde a Consellería cando estes quedan sen materia prima posto que os nosos montes van a quedar sen piñeiros nuns 10 anos, tal como denuncia o propio sector?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/05/2025 09:50:51

Luis Bará Torres na data 21/05/2025 09:52:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/05/2025 09:53:15

Secundino Fernández Fernández na data 21/05/2025 09:53:48





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

O núcleo urbano de Cee vese afectado diariamente polo tránsito de vehículos pesados que se desprazan dende o polígono empresarial ata o porto de Brens. Este tránsito, que atravesa o centro do concello, supón un risco evidente para a seguridade viaria, ademais de afectar negativamente á calidade de vida da veciñanza, provocando problemas de ruído e contaminación.

A construción dunha variante que conecte directamente o polígono empresarial co porto de Brens permitiría desviar este tráfico pesado fóra do centro urbano, eliminando un volume importante de vehículos de gran tonelaxe das rúas principais de Cee. Esta actuación melloraría de maneira substancial a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 11:05:50
Nº Rexistro: 25990
Data envío: 21/05/2025 11:05:50.922

seguridade viaria, especialmente nos accesos á vila, e contribuíría a unha mobilidade máis sostible e ordenada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a construír unha variante viaria que conecte directamente o polígono empresarial de Cee co porto de Brens?

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/05/2025 11:04:26

Lara Méndez López na data 21/05/2025 11:04:34





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No pasado Pleno do mes de maio, dende o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia preguntabámoslle ao conselleiro sobre o acordo verbal ao que se chegara coa empresa de Sargadelos. Logo dunha pregunta feita polo Grupo Socialista sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante a situación que se está a vivir na fábrica de Sargadelos, a resposta foi:

“A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a entidade Sargadelos, acadaron un acordo verbal para o reinicio da actividade en Sargadelos, tras días de negociación.

Unha vez reanudada a actividade da planta de Sargadelos en Cervo e co total das persoas traballadoras incorporadas aos seus postos de traballo, desde o Goberno galego seguimos mantendo un seguimento constante da situación, no marco do compromiso da cooperación para garantir a continuidade dunha fábrica que representa un emblema histórico, cultural, económico e emocional da nosa terra.

Así, tendo en conta que as deficiencias detectadas na inspección realizada son subsanables e que se dan as condicións para garantir a seguridade do persoal, reiteramos o apoio institucional para levar a cabo nas instalacións -declaradas Ben de Interese Cultural- todas as melloras necesarias para a protección da saúde das persoas traballadoras, solicitando á Inspección de Traballo á máxima flexibilidade posible dentro da legalidade vixente.”





Na resposta da Xunta de Galicia manifesta que o total de traballadoras son incorporadas ao seu posto de traballo, resposta que se nos deu o 24/04/25, ao día seguinte o 25/04/25 foron despedidas tres traballadoras. O que pon de manifesto que ou ben non está a facer ese labor de seguimento da situación, tal e como nos trasladou, ou ben ese seguimento non é nin efectivo nin veraz.

O conselleiro vén de realizar unha visita á planta de Sargadelos dentro do proceso de seguimento da situación da empresa, coa finalidade de pechar a crise.

Dende o PSdeG-PSOE, estamos preocupados pola situación da fábrica tanto en termos de continuidade, empregabilidade, así como o que atinxe á saúde das propias traballadoras. O feito que dende a Consellería cualifiquen a visita como “visita interna” non xera ningunha confianza. Como non o fixo o “acordo verbal” a mostra do aquí comentado.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia dar conta do resultado da “visita interna” feito polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, e dos acordos alcanzados coa empresa?
2. Está a Xunta de Galicia a traballar nunha folla de ruta que garanta o futuro da empresa?

Santiago de Compostela, a 20 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 11:59:35
Nº Rexistro: 25995
Data envío: 21/05/2025 11:59:35.631

Lara Méndez López na data 21/05/2025 11:45:09

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/05/2025 11:45:17

Elena Espinosa Mangana na data 21/05/2025 11:45:25

CSV: BOPGDSPG-cjWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86147

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Dende o Grupo Socialista de Galicia apostamos polo concepto de transversalidade de xénero, que xorde por mor da III Conferencia Mundial sobre as Mulleres (Nacións Unidas, Nairobi, 1985).

Esta forma de abordar o traballo pola equidade entre os sexos trata de complementar a política específica de igualdade con outras medidas de acción positiva dirixidas ás mulleres incorporando a perspectiva de xénero en todas as fases da actividade política: diagnóstico, planificación, execución e avaliación das diferentes políticas públicas da Xunta de Galicia como, por exemplo, nos orzamentos xerais da comunidade autónoma, na contratación pública, na concesión de subvencións, nos procesos de selección e captación de talento feminino de sectores infrarrepresentados; asemade, no impulso e promoción de medidas de corresponsabilidade entre as persoas empregadas públicas, así como incorporar a representación paritaria de mulleres e homes na política, na composición dos órganos estatutarios, na Administración autonómica e na Administración instrumental do sector público autonómico.

O Goberno autonómico debe incorporar a perspectiva de xénero en todas as súas políticas e accións, de modo que establezan en todas elas o obxectivo xeral de eliminar as desigualdades e promover a igualdade de mulleres e homes. Integrar a perspectiva de xénero, de forma activa, implica valorar as diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, incorporando actuacións específicas dirixidas a eliminar desigualdades





e promover a igualdade en todas as políticas e accións, a todos os niveis e en todas as súas fases de planificación, execución e avaliación da elaboración dos orzamentos públicos.

O orzamento público é unha ferramenta nuclear e un medio para lograr a igualdade de xénero. Adóitase considerar que a política macroeconómica é neutral desde o punto de vista de xénero. Con todo, as decisións no marco destas políticas afectan de maneira distinta a mulleres e homes debido ás diferentes posicións que ocupan na economía, tanto no mercado laboral (ámbito produtivo) como fóra del (ámbito reprodutivo).

A modo de exemplo, os recortes orzamentarios que reducen o gasto social poden incrementar a demanda de traballo doméstico non remunerado, ou a renuncia da muller a traballar profesionalmente por ter que atender ao coidado de ascendentes ou descendentes a cargo, unha tarefa que recae fundamentalmente nas mulleres, que cobren co seu tempo e traballo as carencias da rede social pública.

Para que os orzamentos públicos da Xunta de Galicia se fagan con perspectiva de xénero, é necesario aplicar unha serie de medidas políticas que permitan identificar, reducir e eliminar as desigualdades entre homes e mulleres.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comprométese o Goberno galego a que nos vindeiros orzamentos públicos se integrará a perspectiva de xénero en todo o ciclo orzamentario: planificación, execución e seguimento?
2. O Goberno galego vai publicar informes anuais sobre o impacto dos orzamentos na igualdade de xénero, e establecer mecanismos de control e fiscalización para garantir o cumprimento dos mesmos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 12:01:17
Nº Rexistro: 26002
Data envío: 21/05/2025 12:01:17.286

3. O Goberno galego vai potenciar a participación de organizacións feministas e de mulleres no proceso orzamentario, establecer mecanismos de consulta e diálogo social con enfoque de xénero, crear unha unidade de igualdade orzamentaria na Consellería de Facenda, así como reforzar o papel do Instituto Galego da Muller como asesor en materia de orzamentos con perspectiva de xénero?

Santiago de Compostela, a 20 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/05/2025 11:50:15

Paloma Castro Rey na data 21/05/2025 11:50:26

Elena Espinosa Mangana na data 21/05/2025 11:50:32

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86150

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Dende o Grupo Socialista de Galicia apostamos polo concepto de transversalidade de xénero, que xorde por mor da III Conferencia Mundial sobre as Mulleres (Nacións Unidas, Nairobi, 1985).

Esta forma de abordar o traballo pola equidade entre os sexos trata de complementar a política específica de igualdade con outras medidas de acción positiva dirixidas ás mulleres incorporando a perspectiva de xénero en todas as fases da actividade política: diagnóstico, planificación, execución e avaliación das diferentes políticas públicas da Xunta de Galicia como, por exemplo, nos orzamentos xerais da comunidade autónoma, na contratación pública, na concesión de subvencións, nos procesos de selección e captación de talento feminino de sectores infrarrepresentados; asemade, no impulso e promoción de medidas de corresponsabilidade entre as persoas empregadas públicas, así como incorporar a representación paritaria de mulleres e homes na política, na composición dos órganos estatutarios, na Administración autonómica e na Administración instrumental do sector público autonómico.

O Goberno autonómico debe incorporar a perspectiva de xénero en todas as súas políticas e accións, de modo que establezan en todas elas o obxectivo xeral de eliminar as desigualdades e promover a igualdade de mulleres e homes. Integrar a perspectiva de xénero, de forma activa, implica valorar as diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, incorporando actuacións específicas dirixidas a eliminar desigualdades





e promover a igualdade en todas as políticas e accións, a todos os niveis e en todas as súas fases de planificación, execución e avaliación da elaboración dos orzamentos públicos.

O orzamento público é unha ferramenta nuclear e un medio para lograr a igualdade de xénero. Adóitase considerar que a política macroeconómica é neutral desde o punto de vista de xénero. Con todo, as decisións no marco destas políticas afectan de maneira distinta a mulleres e homes debido ás diferentes posicións que ocupan na economía, tanto no mercado laboral (ámbito produtivo) como fóra del (ámbito reprodutivo).

A modo de exemplo, os recortes orzamentarios que reducen o gasto social poden incrementar a demanda de traballo doméstico non remunerado, ou a renuncia da muller a traballar profesionalmente por ter que atender ao coidado de ascendentes ou descendentes a cargo, unha tarefa que recae fundamentalmente nas mulleres, que cobren co seu tempo e traballo as carencias da rede social pública.

Para que os orzamentos públicos da Xunta de Galicia se fagan con perspectiva de xénero, é necesario aplicar unha serie de medidas políticas que permitan identificar, reducir e eliminar as desigualdades entre homes e mulleres.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comprométese o Goberno galego a que nos vindeiros orzamentos públicos se integrará a perspectiva de xénero en todo o ciclo orzamentario: planificación, execución e seguimento?
2. O Goberno galego vai publicar informes anuais sobre o impacto dos orzamentos na igualdade de xénero, e establecer mecanismos de control e fiscalización para garantir o cumprimento dos mesmos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 12:01:29
Nº Rexistro: 26003
Data envío: 21/05/2025 12:01:29.458

3. O Goberno galego vai potenciar a participación de organizacións feministas e de mulleres no proceso orzamentario, establecer mecanismos de consulta e diálogo social con enfoque de xénero, crear unha unidade de igualdade orzamentaria na Consellería de Facenda, así como reforzar o papel do Instituto Galego da Muller como asesor en materia de orzamentos con perspectiva de xénero?

Santiago de Compostela, a 20 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/05/2025 11:50:45

Paloma Castro Rey na data 21/05/2025 11:50:54

Elena Espinosa Mangana na data 21/05/2025 11:51:01

CSV: BOPGDSPG-cjWFKSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86153

@PSdeG





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as actuacións que ten que realizar o Sergas para garantir a asistencia sanitaria na época estival.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e o nivel de preocupación é máximo entre profesionais e poboación, porque os déficits da sanidade pública galega xa cronificados se vexan multiplicados neste período estival.

Preocupación máis que xustificada, porque a Xunta non ten posto en marcha ningunha medida, máis alá de parches e ocorrencias, para solucionar os gravísimos problemas, e polo tanto facendo o mesmo, non parece intelixente agardar resultados diferentes.

Temor porque o afán do Partido Popular na Xunta de Galiza por dar a imaxe de “normalidade” o leve a seguir actuando como si nada pasara, a non planificar e a deixar os centros en cadro.

Porque en atención primaria sigue sen substituír aos profesionais nin por vacacións nin baixas nin permisos, prazas estruturais que seguen sen cubrir durante anos, consultorios pechados, eliminación das quendas de tarde, axendas pechadas.

Miles de nen@s que non teñen pediatra asignado, o que significa que só teñen consulta de patoloxía aguda. A actividade non urxente, como as revisións periódicas,

Asinado o día 21/05/2025 ás
12:03
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 21/05/2025 ás
12:02
Por María Montserrat Prado Cores





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

controis de saúde, calendarios vacinais, están sendo relegadas, aprazadas constantemente, cada vez por períodos máis longos de tempo.

Preocupación porque centros que teñen un aumento exponencial de poboación no verán (Sanxenxo, O Grove, Cambados, Baiona, Nigrán, Pontevedra, Vigo, a Barbanza, a Mariña...) xa non é que vaian ter aumento de persoal, que sería o normal, senón que teña que atender ao dobre ou triplo con menos persoal, o que levará a que se atenda só a patoloxía aguda e que a non atención leve a saturar os PACs e servizos de urxencias hospitalarias.

Temor a que os déficits estruturais dos servizos de urxencias hospitalarias, de camas inoperativas e as case 360 mil persoas en listas de espera leven á saturación e o colapso.

Estamos iniciando a época estival e todo indica que a situación límite vivida nos veráns pasados se vai repetir. Non coñecemos que a Xunta estea poñendo en marcha medidas para garantir a atención sanitaria da poboación que non sexa que @s profesionais se multipliquen e asuman o traballo de tod@s @s que estean ausentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cal é a planificación do Sergas para evitar os colapsos na sanidade pública galega na época estival?
2. Que medidas ten arbitradas para que non se repita a situación de saturación de veráns pasados?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Que medidas está poñendo en práctica para que a atención primaria poida dar resposta á demanda de asistencia da poboación e que non teñan que acudir aos servizos de urxencias?

4. Coida que @s profesionais poden desenvolver a súa labor e prestar unha boa calidade asistencial na situación de sobrecarga e presión na que traballan?

5. Que recursos ten previsto mobilizar para que non se produzan colapsos?

6. Que tipo de reforzo vai realizar nas zonas de aumento de poboación no verán?

7. Van manter operativos todos os recursos hospitalarios para evitar a saturación tanto de urxencias como de hospitalización?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2025 12:02:59

Iria Carreira Pazos na data 21/05/2025 12:03:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 12:06:26
Nº Rexistro: 26007
Data envío: 21/05/2025 12:06:26.376

CSV: BOPGDSPG-cjWFKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/05/2025 12:06:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 12:06:26
Nº Rexistro: 26007
Data envío: 21/05/2025 12:06:26.376

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as axudas agroambientais no período 2023-2027, a súa execución orzamentaria e o “desvío” dos fondos destas axudas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC, coñecida como PEPAC, para o período 2023-27, para o que as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as *axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader*. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

a) Intervención 65012 Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de cultivos sostible.

- *Subintervención 65012.02: extensivos.*
- *Subintervención 65012.03: leñosos.*
- *Subintervención 65012.04: economía circular.*

b) Intervención 65013 Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos.

Subintervención 65013.01: extensificación de prados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Subintervención 65013.02: extensificación pastos arbustivos e arborizados.*
- *Subintervención 65013.03: complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza*

de grandes carnívoros.

c) Intervención 65014 Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Apicultura para a biodiversidade.

- *Subintervención 65014.01: apicultura para a biodiversidade.*

d) Intervención 6503 Compromisos agroambientais en agricultura ecolóxica.

– *Liña: cultivos agrícolas ecolóxicos.*

- *Subintervención 65030.17: conversión de cultivos agrícolas ecolóxicos.*

- *Subintervención 65030.18: mantemento de cultivos agrícolas ecolóxicos.*

– *Liña: viñedos para vinificación ecolóxica.*

- *Subintervención 65030.19: conversión de viñedos para vinificación ecolóxica.*

- *Subintervención 65030.20: mantemento de viñedos para vinificación ecolóxica*

– *Liña: gandería ecolóxica.*

- *Subintervención 65030.21: conversión de gandería ecolóxica.*

- *Subintervención 65030.22: mantemento de gandería ecolóxica.*

– *Liña: apicultura ecolóxica.*

- *Subintervención 65030.23: conversión de apicultura ecolóxica.*

- *Subintervención 65030.24: mantemento de apicultura ecolóxica.*

e) intervención 65051 Compromisos de conservación de recursos xenéticos SIXC.

a. Subintervención 65051.01: razas gandeiras autóctonas en risco de erosión xenética.

b. Subintervención 65051.02: conservación de variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética.

Son axudas moi importantes para o mantemento, viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas; sobre todo as profesionais, e afectan a explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O montante económico previsto anualmente pola Xunta de Galiza para estas axudas estaba nos 27 M €; financiado nun 80% por fondos europeos do Feader. Unha cantidade que supuña unha diminución con respecto ao período anterior e a pesares desta diminución non se está executando na súa totalidade “desaparecendo” parte deste diñeiro ao non ir as explotacións agrarias

Unhas axudas que no seu día supuxeron unha diminución importante na liña de compromiso de *fomento e xestión sostible de pastos Subintervención 65013.01: Extensificación de prados*, a mais solicitada e máis importante para explotación gandeiras de Galiza, que lles fixo reducir nalgúns caso o 50 % a axuda recibida. Esta diminución da axuda non tivo explicación de ningún tipo.

Neste período tamén se puxo de relevo unha nova limitación para as superficies das explotacións agrarias galegas. Efundofsta limitación chamada degresividade afecta gravemente as nosas explotacións. Esta degresividade fai que unha explotación profesional non pode cobrar o 100% da axuda nas súas terras, ao ter unha redución significativa a partires das 20 primeiras has.

A pesares da situación, a convocatoria do ano 2024 e 2025 tampouco se abriu a novas solicitudes nin tampouco a ampliar os compromisos das solicitudes existentes; polo que supomos que tampouco se cubrirá a totalidade de crédito existente para este tipo de axudas e que está consignado no PEPAC 2023 – 2027. Nestas dúas convocatorias non se eliminou ou se modificou a degresividade que limita o cobro da totalidade da axuda as nosas explotacións, principalmente as gandeiras.

En definitiva, dos datos que se derivan das convocatorias das ordes de axuda do 2023, 2024 e 2025 vese que non se executaron os orzamentos previstos até o de agora; polo que os fondos dispoñíbeis están sendo desviados ou simplemente non se executan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Grupo Parlamentar do BNG non entendemos que se sigan poñendo limitacións se hai crédito orzamentario para estas axudas. Non comprendemos a actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Canto diñeiro quedou sen executar nas anualidades 2023 e 2024 nas axudas con compromisos agroambientais e de preservación de recursos xenéticos?
- Cal é o montante económico que non se executará nos anos de duración da PEPAC 2023-2027 nas axudas con compromisos agroambientais e de preservación de recursos xenéticos?
- A que quere destinar a Xunta de Galiza o diñeiro “sobrantes” destas axudas?
- Cal é o motivo polo que se sigue aplicando a degresividade nesta liña si hai diñeiro non executado?
- Vai a Xunta de Galiza abrir a novas solicitudes no ano 2026 para que estas partidas non adxudicadas se podan distribuír entre as explotacións?
- Vai a Xunta de Galiza abrir a novos compromisos das solicitudes no ano 2026 para que estas partidas non adxudicadas se podan distribuír entre as explotacións ?
- Vai a Xunta de Galiza cambiar os criterios da degresividade ou eliminala nas solicitudes no ano 2026?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Secundino Fernández Fernández

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 21/05/2025 12:28:21

Sonia Vidal Lamas na data 21/05/2025 12:31:28

Ariadna Fernández González na data 21/05/2025 12:31:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ariadna Fernández González, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falta de prazas públicas en escolas infantís na comarca do Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Veñen de publicarse recentemente as listas provisionais de admitidas e admitidos nas escolas infantís e con elas constataron que centos de nenas e nenos van ficar sen praza nunha escola infantil pública competencia do Goberno galego.

No caso concreto da Comarca do Baixo Miño vense a constatar a falta de oferta pública para as crianzas menores de 3 anos, agravado naqueles concellos de carácter máis rural que son quen maiores dificultades teñen para o acceso aos servizos públicos.

A cantidade de nenas e nenos que quedan sen praza por concello, segundo os datos provisionais son de 10 prazas en Oia, 13 prazas no Rosal, 28 prazas na Guarda, 40 prazas en Tomiño e 18 prazas en Tui, facendo un total de 109 crianzas de 0 a 3 anos sen praza nunha escola infantil pública no Baixo Miño.

Resulta canto menos rechamante que a falta de prazas de escolas infantís na Galiza contrasta co feito de que a Xunta devolve 22,3 millóns de euros dun total de 34 millóns procedentes de fondos europeos para a creación de prazas de escolas infantís.

É preciso lembrar, que no caso da comarca en cuestión, igual que no resto do país, ano tras ano dende que se implantou a gratuidade para todas, hai sempre crianzas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que fican sen a súa praza, demostrando que son insuficientes de xeito evidente, sen que se aumente a oferta de xestión pública para facerlle fronte á demanda, cada vez maior, deste servizo de conciliación.

Isto prodúcese ao tempo que moitas nais e pais teñan que recorrer a escolas privadas, nun modelo que, alén de non supoñer un custo para as familias, supón destinar cartos públicos ao sector privado en detrimento do público.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Por que motivo non se utilizaron os fondos europeos para aumentar a oferta de prazas de escola infantil de carácter público na comarca do Baixo Miño, sendo coñecedores de que son insuficientes ano tras ano?
2. Como vai solucionar o goberno da Xunta de Galiza a insuficiencia de prazas para o curso próximo nesta comarca?
3. Cantas prazas de escolas infantís públicas se crearon na comarca do Baixo Miño os últimos anos?
4. Considera o Goberno Galego que se está a prestar un suficiente servizo de escolarización infantil 0-3 na comarca do Baixo Miño?
5. Cantas prazas de carácter privado se ofertan actualmente na comarca citada e cantas de xestión pública?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/05/2025 12:50:37

Ariadna Fernández González na data 21/05/2025 12:52:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonso e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o depósito de produtos de escavación no piñeiral da Madalena, no concello de Cabanas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Augas de Galiza licitou o 13 de xullo do ano 2021, as obras de mellora do saneamento de Cabanas e Pontedeume, fase III. Colectores xerais.

A actuación enmárcase dentro do programa operativo no obxectivo temático 6 «Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos»; prioridade de investimento 6.2 «O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos ditos requisitos»; obxectivo específico 6.2.1 «Culminar os requisitos da Directiva marco da auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga»; actuación 6.2.1.2 (segundo o documento Criterios e procedementos de selección de operacións (CPSO) «Reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas»; operación «Mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Pontedeume». Unha maneira de facer Europa. Polo que recibiu un 80% de fondos FEDER.

Os traballos, que contaron cun investimento de 1,4 M€, correspóndense coa 3ª fase das obras de mellora no saneamento da ría de Pontedeume, con actuacións neste caso no concello de Cabanas, consistentes na execución de varios colectores de maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamaño que os actuais. Segundo manifestou nunha vista ás obras da delegada territorial da Xunta, Martina Aneiros, o obxectivo das obras é o de optimizar o funcionamento do sistema de tratamento de augas residuais que comparten os concellos de Pontedeume e Cabanas.

Na execución das obras dos colectores de saneamento, os produtos de dita escavación foron depositados no piñeiral da praia da Madalena, nun espazo a carón da vía do tren, adicado a aparcadoiro.

Logo dun ano, após do remate das obras, os refugallos aínda seguían ocupando un espazo vital para o concello de Cabanas, ata que no mes de maio do ano 2025 unha contrata comezou a esporexer estes refugallos polo piñeiral da praia.

Compre sinalar o alto valor ecolóxico, paisaxístico patrimonial e turístico que ten este piñeiral, sendo un espazo de dinamización social con múltiples usos.

Descoñecendo cal é a xustificación desta acción sobre o piñeiral, descoñecendo se o material de escavación, que agora conforma o chan do piñeiral da Madalena, é apropiado para este fin, o sentido común dinos que a transformación agresiva dun ecosistema tan fráxil como este piñeiral non pode ser de todo positivo.

A procedencia dos refugallos, a súa custodia e o método de selección, cribado e esporexido, fan pensar que, canto menos, que non existe xustificación algunha para facer estes traballos do xeito que se están a desenrolar.

A chegada dos meses de verán trae ao concello de Cabanas milleiros de visitantes que focalizan o entorno da praia da Madalena como principal punto de lecer. Este feito indícanos a necesidade dunha toma de decisións urxente, pero ben razoada e fundamentada en principios científicos e técnicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Quen decidiu estender os produtos da escavación dos colectores das obras de mellora do saneamento de Cabanas e Pontedeume, fase III?
2. Que informes avalan o uso destes produtos no piñeiral da Madalena?
3. Existe algún estudo do impacto ambiental destas accións?
4. Cal é o obxectivo de estender estes produtos no piñeiral?
5. Que resultados agarda Augas de Galiza logo de espaxer os produtos da escavación dos colectores de saneamento no piñeiral da Madalena?
6. Cal é o plan que ten Augas de Galiza para desentullar a zona da praia da Madalena, afectada na construción dos colectores do saneamento?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 21/05/2025 13:26:44

José Manuel Golpe Acuña na data 21/05/2025 13:26:49

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/05/2025 13:26:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/05/2025 13:27:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o benestar das persoas coidadoras informais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai 6.154 coidadoras informais ou non profesionais de persoas en situación de dependencia que contan con convenio especial coa Seguridade Social ao abeiro da Lei de Dependencia. Así se desprende do último informe publicado polo IMSERSO.

Trátase de mulleres na súa práctica totalidade (83%), nais (36%) ou fillas (31%) das persoas dependentes, con idades comprendidas entre os 50 e 64 anos no 46,4% dos casos.

En que condicións coidan? Que repercusión ten sobre as súas vidas coidar? Que impacto ten ese coidado sobre a súa propia saúde?

Coidar de quen coida é, para o Bloque Nacionalista Galego, un obxectivo principal e estratéxico das políticas en materia de dependencia. Por ese motivo, botamos en falta medidas concretas dirixidas a garantir o benestar das persoas coidadoras, quer profesionais a través dunhas condicións laborais xustas para as traballadoras das residencias de maiores, dos centros de día e do Servizo de Axuda no Fogar mais tamén das coidadoras informais ou non profesionais.

Neste senso, a Xunta de Galiza apenas despregou dúas medidas dirixidas a estas persoas:

Dunha banda, unha prestación económica vinculada ao coidado na contorna familiar (bono coidado) de 416 euros ao mes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra, o programa Respiro Familiar dirixido a promover a conciliación permitindo dispor duns días de descanso a través do financiamento de gastos de atención puntual no domicilio, un centro de día ou unha praza en residencia de maiores até un máximo de 1.000-1.500 euros por persoa beneficiaria/ano.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego é preciso despregar unha batería de medidas que:

- a) promovan a corresponsabilidade social e a igualdade rachando cos roles de xénero que aínda cargan sobre o lombo das mulleres as tarefas de coidados
- b) melloren as condicións de vida e o benestar das persoas coidadoras non profesionais garantindo o exercicio do dereito a conciliar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o benestar das persoas coidadoras informais

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2025 13:59:58

Ariadna Fernández González na data 21/05/2025 14:00:01





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Desde inicios de 2024 o Goberno galego anuncia a creación en O Porriño, dun novo centro especializado en atender a mulleres vítimas de violencia machista con algún trastorno aditivo.

Dende a Xunta defenderon de forma reiterada a necesidade deste centro especializado, xa que ter algún trastorno aditivo grave provocaba que estas mulleres tiveran máis dificultades para ser acollidas nas casas ou vivendas existentes.

Para isto o Concello de Porriño asinou un Convenio de Colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade para o desenvolvemento e execución do “Plan España te protege contra la violencia machista” no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea. Programa NEXT GENERATION”.

Os fondos tiñan un importe de 999.736,60 € e no mes de Outubro de 2024 adiantáronse por pagamento anticipado o 80 %.

Por parte do Concello escolleuse para este fin, por un procedemento negociado, un inmoble situado nun extremo do casco urbano do Porriño, nunha zona residencial e de servizos.





Un inmoble cuxa execución foi interrompida pola crise inmobiliaria do ano 2008 e dende esa data non fora reiniciada e con envergadura suficiente para albergar polo menos 10 vivendas.

Polo Concello tramítase o expediente de contratación nº 3788/2024 adxudicándose en data 19/11/24 á empresa Sociedad de Gestión de activos procedentes de la reestructuración bancaria S.A. por importe de 492.504,60 € correspondentes á parte de adquisición do inmoble.

Pois ben, hai uns días coñecíamos que finalmente esta adxudicación fora anulada porque a propietaria do Inmoble, non tiña o 100 % da titularidade, o que produciu que dende o Concello se tiveran que devolver os fondos adiantados.

Dende o Grupo Socialista cremos que isto supón un erro inaceptable e que provoca a perda duns fondos necesarios para dotar de recursos asistenciais ás vítimas de violencia nun momento no que estamos a vivir un incremento notable das denuncias e das solicitudes de protección derivadas de delitos de violencia de xénero.

Pedimos ao goberno da Xunta que inicie novamente e con urxencia un procedemento para a construción dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia con trastornos psiquiátricos ou aditivos, no Concello de Porriño ou noutro Concello no que exista un inmoble coas características axeitadas para este fin.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26051
Data envío: 21/05/2025 15:43:51.287

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como xustifica este goberno o acontecido en relación ao procedemento para a construción dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia machista con trastornos psiquiátricos ou aditivos, no Concello de Porriño?
2. Que vai facer este goberno ante a anulación deste procedemento?

Santiago de Compostela, a 20 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/05/2025 15:38:40

Silvia Longueira Castro na data 21/05/2025 15:38:46

Carlos López Font na data 21/05/2025 15:38:53





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O pasado 19 de maio de 2025 publicouse unha noticia en distintos medios de comunicación, na que se asegura que a Cámara Mineira de Galicia debe devolver 192.150 euros dunha axuda que lle concedeu a Xunta de Galicia no ano 2023.

En concreto, indícase que a Cámara Mineira foi requirida para reintegrar o importe da subvención de forma inmediata por non presentar a documentación solicitada e ao non xustificar o cumprimento das condicións requiridas.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia obtivo en 2023 financiamento a través da firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, presidida por entón pola actual conselleira de Economía e Industria, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea.

A realización das accións formativas do convenio foi o motivo da denuncia ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación ao terse constancia de varias irregularidades na súa xestión dos fondos realizada pola Cámara Mineira Oficial de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26058
Data envío: 21/05/2025 15:45:38,254

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Iniciou formalmente o Goberno galego o expediente de reintegro da subvención á Cámara mineira de Galicia por importe de 192.150 euros dunha axuda que lle concedeu a Xunta de Galicia no ano 2023?
2. Cal é a causa legal prevista na lei de subvencións para iniciarse o procedemento de reintegro?

Santiago de Compostela, a 21 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/05/2025 15:33:10

Paloma Castro Rey na data 21/05/2025 15:33:19

Lara Méndez López na data 21/05/2025 15:33:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86178

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pasado 19 de maio de 2025 publicouse unha noticia en distintos medios de comunicación, na que se asegura que a Cámara Mineira de Galicia debe devolver 192.150 euros dunha axuda que lle concedeu a Xunta de Galicia no ano 2023.

En concreto, indícase que a Cámara Mineira foi requirida para reintegrar o importe da subvención de forma inmediata por non presentar a documentación solicitada e ao non xustificar o cumprimento das condicións requiridas.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia obtivo en 2023 financiamento a través da firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, presidida por entón pola actual conselleira de Economía e Industria, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea.

A realización das accións formativas do convenio foi o motivo da denuncia ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación ao terse constancia de varias irregularidades na súa xestión dos fondos realizada pola Cámara Mineira Oficial de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26059
Data envío: 21/05/2025 15:45:54.160

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Iniciou formalmente o Goberno galego o expediente de reintegro da subvención á Cámara mineira de Galicia por importe de 192.150 euros dunha axuda que lle concedeu a Xunta de Galicia no ano 2023?
2. Cal é a causa legal prevista na lei de subvencións para iniciarse o procedemento de reintegro?

Santiago de Compostela, a 21 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/05/2025 15:33:37

Paloma Castro Rey na data 21/05/2025 15:33:45

Lara Méndez López na data 21/05/2025 15:33:52





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A vila de Betanzos que conta con máis de 13.500 habitantes, conta co CEIP Francisco Vales Villamarín. Un dos centros de Galicia coa maior matrícula de alumnos.

Xa fai algún tempo, no centro fixéronse arranxos solicitados quedando un segundo bloque que continua a padecer deficiencias que precisan dunha reforma integral que non da chegado.

Profesores e alumnos padecen a cotío as deficiencias por todos coñecidas: pingueiras, filtracións, perdas térmicas, problemas de iluminación, etc.. Filtracións que tamén prodúcense no pavillón polideportivo que son subsanadas polo Concello de Betanzos pero que precisan dunha inversión que afronte unha reforma integral. A falta desa reformar propicia que non poidan levarse a cabo adestramentos e competicións federadas realizadas polos clubs deportivos que fan uso das instalacións.

Outra problemática deste edificio é a falta de espazo para as nenas e nenos que acoden ao comedor escolar. Servicio xestionado polo Concello de Betanzos e que facilita a conciliación familiar e laboral. Este espazo está reducido polo que vense obrigados a usar o espazo no salón de actos, quedando este último inutilizado para a práctica á que foi destinado.





A Consellería de Educación segue amosando un desleixo á hora de dar resposta ás peticións do Concello e mesmo da comunidade educativa. Aínda cando en vésperas das eleccións municipais do ano 2023, a candidata do Partido Popular de Betanzos anunciou unha “inminente licitación” da que nunca máis se soubo.

O exemplo do Vales Villamarín é parello ao que sucede no IES Francisco Aguiar, onde impártese educación secundaria obrigatoria, bacharelato así como dous ciclos de ensinanza superior como é de xestión de vendas e espazos comerciais e o de marketing e publicidade. Un centro que conta con 693 alumnos tanto de Betanzos como de concellos limítrofes.

O terceiro exemplo é o IES As Mariñas; un centro no que impártese ESO, Bacharelato, bacharelato para adultos e tres familias profesionais de ciclos formativos, cun total de 9 ciclos. Ademais, desde este curso, o centro foi incluído na rede de capacitación dixital, capacitándoo coma un dos centros para a nosa comunidade en cursos de formación dixital. Neste centro a situación dos tellados é lamentable, con filtrado de humidades, cuberta de uralitas (con amianto) e mal illamento térmico.

Por estes motivos, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é o motivo polo que a Consellería de Educación non afronta ás peticións máis que xustificadas sobre á reforma integral das infraestruturas educativas en Betanzos?

Santiago de Compostela, a 21 de maio do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26064
Data envío: 21/05/2025 15:46:58,660

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 21/05/2025 15:41:04

Julio Abalde Alonso na data 21/05/2025 15:41:11

CSV: BOPGDSPG-cjWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86183

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o retorno económico e xeración de coñecemento e emprego das subvencións en I+D+i ás empresas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do marco de subvencións que executa o Goberno Galego, as referidas ao I+D+i, no concreto a aquelas que son destinadas ás empresas co obxectivo se articular proxectos neste eido, son de grande importancia.

Ben é certo que o Goberno Galego non ten manifestado un gran esforzo no que atinxe ao investimento en I+D+i, xa que o último informe socioeconómico do CES reconece un esforzo neste sentido do 1,06% do PIB, moi lonxe do esforzo de outros territorios na nosa contorna e do conxunto do estado.

Para este ano 2025 a Consellería de Economía e Industria a través dos actuais orzamentos destina ao programa 561A. Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica algo máis de 40 millóns e medio de euros o cal, sumado á perda de control da Axencia Galega de Innovación, supón unha redución do control directo de máis de 100 millóns de euros en materia de I+D+i respecto do ano 2024 para a consellería.

No caso concreto do programa 741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial o pasado 2024 quedaron sen executar preto de 20 millóns de euros, o que demostra a mala planificación orzamentaria da consellería.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así e todo, pode constatarase como diferentes liñas de axudas e subvencións en materia de innovación e transformación tecnolóxica en moitas ocasións acaban por xerar coñecemento que se implanta fóra de Galiza e fortalecendo o tecido produtivo doutras coordenadas lonxe do país.

Un caso recente é o da plataforma da K9 eléctrica conveniada con Stellantis e cunha subvención pública de máis de 4 millóns de euros que finalmente será utilizada en Turquía. Na propia memoria do proxecto a empresa declaraba: “Coa realización e execución deste proxecto, Groupe PSA vai centrar todos os seus esforzos en levar a cabo actividades de I+D que permitan o desenvolvemento dos novos procesos e equipos que permitan a fabricación do novo vehículo e-K9 na planta de Vigo” o que agrava a falta de retorno efectivo para os sectores produtivos galegos a través de subvencións públicas.

Sumado a isto, está a perda de galeguidade do coñecemento en sectores estratéxicos así como a perda de patentes propias que fan que os sectores produtivos galegos, na súa rama industrial, perderan referencialidade nos últimos anos.

Polo tanto faise preciso artellar ferramentas normativas que blinden que as subvencións públicas en materia de I+D+i ás empresas realmente teñan unha contrapartida na xeración de emprego a longo prazo, e non unicamente durante o desenvolvemento dos proxectos, e que o resultado innovador sexa implantado no tecido produtivo galego e non en territorios que exercen unha clara competencia con sectores económicos galegos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno Galego que fai un esforzo suficiente no investimento en I+D en Galiza?

- Como pensa o Goberno Galego garantir o retorno para os nosos sectores produtivos da inversión en I+D+i nas empresas en termos de emprego de calidade, xeración de coñecemento e creación de patentes propias?

- Como pensa o Goberno Galego garantir que se manteña o emprego a longo prazo derivado dos investimentos en I+D+i nas empresas?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/05/2025 16:03:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/05/2025 16:03:16





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:45:01
Nº Rexistro: 26075
Data envío: 21/05/2025 16:45:01.334

Asinado o día 21/05/2025 ás 16:28
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

O Porto de Lorbé é a única zona de Oleiros que aínda mantén a actividade mariñeira nese Concello. Son famosos os mexillóns de Lorbé pero ademais son a día de hoxe unha próspera industria. E quen non coñece a festa da centola de Lorbé, cada ano mais concorrida, e coincidindo sempre ca época de maior colleita dese marisco.

Portos de Galicia leva anunciado dende o ano 2023, cando estaban previstas as eleccións autonómicas, o proxecto para ampliar o dique de Lorbé e facer ademais uns pantaláns, por acordo coa cofradía. Portos de Galicia mantivo reunións con membros da Cofradía de Pescadores de Lorbé, pero hoxe, dous anos despois e xa celebradas aquelas eleccións segue sen realizarse nin proxecto, nin ampliación, nin dique, nin pantalán. Portos segue sen concretar cantos metros vaise prolongar o dique e nos tememos que esa obra o mellor esa promesa, tamén careza, aínda de hoxe de orzamento. Unha actuación tan anunciada e tan oportunamente prometida, só era fume. Fume electoral, iso si.

A espera desta ampliación, a situación esta agravada polo feito de que unha parte importante do dique actual non é operativo para as embarcacións pesqueiras debido a perda de calado por acumulación de áridos e sedimentos limitando a operatividade do porto.

O dragado de este porto estaba previsto en unha obras realizadas fai tempo nas que se tiña previsto a eliminación de unha rocha presente no espazo do porto e o conseguinte dragaxe do porto. Sen embargo, a rocha eliminouse pero

Asinado o día 21/05/2025 ás 16:28
Por Carlos López Font

Asinado o día 21/05/2025 ás 16:28
Por Julio Abalde Alonso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

86187

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:45:01
Nº Rexistro: 26075
Data envío: 21/05/2025 16:45:01.334

non se realizou o dragado. Por tanto, na actualidade ese dragado é imprescindible para que a actividade da flota pesqueira do porto de Lorbé poida realizar de forma efectiva e plena o seu traballo en este porto.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Cando ten previsto a Xunta realizar os labores de dragado para facer que o calado do dique do porto de Lorbé poida ser operativo para a flota que opera en este porto?

Santiago de Compostela, a 21 de maio do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

86188

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-cjWFKSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 21/05/2025 16:28:23

Carlos López Font na data 21/05/2025 16:28:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/05/2025 16:28:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 16:45:01
Nº Rexistro: 26075
Data envío: 21/05/2025 16:45:01.334

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/05/2025 16:45:01

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o anuncio de 24 novas residencias feito polo presidente da Xunta de Galiza no debate de política xeral de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate de política xeral de 2025 o presidente da Xunta de Galiza anunciou a creación de 1.800 novas prazas en 24 novas residencias de maiores. Os centros situáranse, segundo informou, en concellos de menos de 50 mil habitantes. Porén, o anuncio non se concretou máis. Tanto é así que nin sequera se recolleu nestes termos nas propostas de resolución rexistradas e aprobadas polo Partido Popular no marco da segunda sesión do debate.

O que si avanzou o presidente da Xunta é que se impulsarán “man a man co sector” o que de facto é un anuncio do seu carácter privado ou da súa futura privatización ao igual que acontece coas residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cando, como, onde e de que maneira van construírse as 24 residencias de maiores anunciadas polo presidente da Xunta no debate de política xeral?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2025 16:39:05

Ariadna Fernández González na data 21/05/2025 16:39:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre plantacións de eucalipto que non respectan as distancias das infraestruturas viarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2012 de montes, reformada pola Lei 3/2018 de medidas fiscais e administrativas, estableceu as distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais.

Esta norma fixa as seguintes distancias mínimas:

-Con estradas, autoestradas e vías do ferrocarril: 2 metros para frondosas do anexo 1 e 10 metros para o resto das especies.

-Con pistas, asfaltadas ou non, de 5 metros de ancho e que contén con unha gabia: 2 metros para frondosas do anexo 1; 4 metros para o resto das especies; 6 metros para o resto das especies naqueles concellos declarados como zona de alto risco.

O establecemento destas distancias foi consecuencia directa do debate xurdido despois dos grandes incendios do outono de 2017, que tiveron consecuencias devastadoras e causaron numerosas vítimas mortais, moitas delas atrapadas en estradas cando fuxían das zonas afectadas polos lumes.

A xestión das faixas de protección das infraestruturas viarias constitúe polo tanto un elemento central da prevención das consecuencias dos lumes. Polo que resulta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

imprescindíbel que o goberno galego faga cumprir a lei e actúe tanto no caso da rede autonómica de estradas como no das infraestruturas que dependen doutras administracións.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Cal é o grao de cumprimento da normativa que regula as distancias das novas plantacións forestais con respecto á rede viaria?

Cantos expedientes incoou e resolveu o goberno galego en relación con esta materia?

Cantas sancións tramitou o goberno galego nesta materia?

Ten previsto a Xunta revisar esta normativa para incrementar as distancias no caso de plantacións forestais que poden ser máis problemáticas no caso de grandes incendios?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/05/2025 17:10:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/05/2025 17:10:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao actual desenvolvemento do sector da minaría en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia é o marco legal vixente para o desenvolvemento do sector mineiro.

Malia a contemplar a creación e desenvolvemento de mecanismos de planificación e control, a data de hoxe a Xunta de Galiza non foi quen de promover estes instrumentos fundamentais e necesarios para unha correcta xestión dos proxectos mineiros.

Unha lexislación vixente que permite técnicas mineiras propias do século pasado, que non se actualiza cara formas de extracción de minerais máis respectuosas co medio ambiente e cunhas garantías moi elevadas no tocante aos posibles accidentes que poidan suceder.

Unha lexislación vixente que aparta do control ás organizacións sociais de custodia do territorio, recortando prazos de exposición pública e ocultando a información dos proxectos para evitar a oposición social.

O desenvolvemento do sector mineiro na Galiza está cheo de luces e sombras. Sombras provocadas sobre todo polos proxectos de extracción de minerais. Estes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxectos, formulados a miúdo sobre antigas explotacións causan efectos nocivos sobre o medio ambiente e tamén sobre a vida das persoas próximas a estas explotacións.

O actual contexto económico e xeopolítico levou tanto á Comisión Europea como ao Consello de Europa a crear unha estratexia de auto abastecemento de materias primas, nas que determinados minerais son declarados estratéxicos pola incidencia que teñen nas industrias das enerxías renovables, telecomunicacións e moi especialmente no militar, onde os organismos europeos alentan unha vaga de rearme dos países membros que obedece a unha escalada militar sen precedentes.

A ansia do auto abastecemento promovido pola Comisión Europea, xunguida á falta de desenvolvemento normativo e ao desleixo do goberno da Xunta de Galiza provocan que os proxectos que aterran sobre o territorio non contén coas suficientes garantías e a miúdo provoquen rexeitamento social.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Ten previsto a Xunta da Galiza actualizar a Lei 3/2008 para adaptala á realidade tecnolóxica, social e ambiental do país?
2. Por que non se desenvolve o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza?
3. Cando está previsto someter a avaliación ambiental o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza?
4. Que previsión ten a Xunta de Galiza sobre a constitución do Consello da Minaría de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Que medidas vai desenvolver a Xunta de Galiza para garantir o peche dos ciclos industriais relativos á actividade mineira?

6. En que afecta a lei de beneficios aos proxectos mineiros?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 21/05/2025 17:54:12

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/05/2025 17:54:22

Luis Bará Torres na data 21/05/2025 17:54:35





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O proxecto do porto deportivo de Baiona ten unha longa traxectoria marcada pola falta de planificación urbanística, a opacidade institucional e unha clara orientación cara a intereses privados. As primeiras conversas comezaron entre 1991 e 1995, nun contexto político de colaboración entre a administración local, autonómica e estatal (todas gobernadas polo PP), o que favoreceu modelos de desenvolvemento intensivo sen os necesarios estudos de impacto urbanístico.

En 2001, Portos de Galicia concedeu a explotación do porto á empresa Ronáutica, que presentou o proxecto máis ambicioso entre os presentados. Executouse unha primeira fase (rematada en 2003) que incluíu 316 amarres e un recheo de 5.400 m². A segunda fase, prevista en 2007, non puido levarse a cabo por falta dun Plan Especial que lle dera cobertura legal, provocando o bloqueo da concesión e a frustración entre os usuarios.

Foi en 2015, se aprobou finalmente o Plan Especial para o porto deportivo. Esta aprobación foi polémica, ao non contar cos estudos ambientais actualizados nin co consenso político e social necesario.

Nos anos seguintes, Ronáutica cedeu a concesión a COPASA, que tampouco levou a cabo a ampliación prevista. A situación mudou en 2023, cando a empresa Nauplia Capital asumiu a concesión e obtivo unha prórroga de 23 anos por parte de Portos.





O informe do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, entre outras insta a adoptar medidas de precaución para evitar "afeccións significativas" en especies como a zosteria e algunhas aves acuáticas.

Os antecedentes que temos é que é un modelo que responde a intereses privados que, baixo unha concesión pública, avanza sen garantías ambientais nin urbanísticas, e sen transparencia.

Por todo elo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia facer pública a documentación relativa á prórroga da concesión outorgada a Nauplia Capital, incluíndo informes técnicos, xurídicos e ambientais?
2. Vai a Xunta de Galicia facer pública toda a documentación emitida polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, relativo a esta ampliación do porto deportivo de Baiona?
3. Vai a Xunta de Galicia encargar á Universidade de Vigo os estudos complementarios para cumprir as esixencias do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, relativas as obras de ampliación do porto deportivo de Baiona?
4. Vai a Xunta de Galicia facer públicos todos os resultados do seguimento das obras de ampliación do porto deportivo de Baiona?

Santiago de Compostela, a 21 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 21/05/2025 17:56:19





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 17:59:02
Nº Rexistro: 26106
Data envío: 21/05/2025 17:59:02.839

Paloma Castro Rey na data 21/05/2025 17:56:29

Carlos López Font na data 21/05/2025 17:56:36

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86201

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos/as nenos/as a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulino dependiente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non pode obviarse.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e conleva un tratamento esixente e intento. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

1Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2025 18:14:31
Nº Rexistro: 26112
Data envío: 21/05/2025 18:14:31.984

deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da administración autonómica.

Todo isto complícase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Está disposta a Xunta de Galicia ao cumprimento do lexislación vixente, no que afecta o coidado de fillos e fillas con diabetes en concreto á redución da xornada laboral?

Santiago de Compostela, a 21 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 21/05/2025 18:11:20

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/05/2025 18:11:27

Silvia Longueira Castro na data 21/05/2025 18:11:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86203

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherin Varel Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

A Xunta de Galicia investirá preto de 25 millóns de euros na construción e xestión da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles, que se localizará na Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda, e terá capacidade para procesar 3.000 toneladas anuais, coa posibilidade de ampliarse ata, aproximadamente, as 24.000 toneladas por ano.

A construción e a xestión integral da planta licitouse por 24.950.145,45€. A previsión do Goberno galego é que a nova planta, que constitúe un dos eixos do Plan estratéxico de Sogama para o período 2025-2030, poida estar rematada e lista para funcionar en xuño de 2026.

Esta nova instalación inclúese no proxecto estratéxico do Goberno autonómico para impulsar un hub ou polo téxtil, cunha rede de infraestruturas que axude a atraer investimentos, empresas e iniciativas relacionadas cun sector que, nos próximos anos, realizará unha forte aposta pola reciclaxe e a innovación.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles localizada no Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda?
- Que suporá a construción desta nova infraestrutura para Galicia?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 21/05/2025 20:40:49

Carmen Pomar Tojo na data 21/05/2025 20:41:52

José Luis Ferro Iglesias na data 21/05/2025 20:42:55

Cristina Campero Dorado na data 21/05/2025 20:43:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/05/2025 20:45:00

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/05/2025 20:46:06

Roberto Rodríguez Martínez na data 21/05/2025 20:47:06

Katherinie Varela Fernández na data 21/05/2025 20:47:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/05/2025 20:53:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26115
Data envío: 21/05/2025 20:53:00,090

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A accesibilidade ao transporte público regular por estrada é un servizo esencial que debe estar ao alcance de toda a cidadanía en condicións de igualdade. Neste contexto, o dereito á mobilidade das persoas con discapacidade ou mobilidade reducida constitúe un pilar fundamental para a construción dunha sociedade inclusiva e xusta.

Para ofrecer o servizo de transporte público regular de uso xeral por estrada, a Xunta de Galicia realizou 3 chamados a licitación entre o ano 2019 e o ano 2020, nos que se asinaron contratos de concesión do servizo para a totalidade das liñas, cunha duración de 10 anos, que son os contratos que están vixentes na actualidade. Esta información está dispoñible no Informe de fiscalización do programa de Ordenación e inspección do transporte para os exercicios 2019 e 2020, elaborado polo Consello de Contas, que foi aprobado na sesión do pleno de data 11 de outubro de 2023. Neste informe, menciónase que o 1 de xaneiro de 2020 entraron en vigor os contratos correspondentes ao expediente 1/2019 DGM, no que se adjudicou a concesión de 94 lotes para prestar este servizo, o 24 de febreiro de 2020 os contratos correspondentes ao expediente 2/2019 DGM, no que se adjudicaron 4 lotes e o 19 de setembro e 23 de decembro de 2020, os contratos correspondentes ao expediente 1/2020 DXM, no que se adjudicaron 29 lotes.



Nos pregos destas licitacións, a Xunta de Galicia establece os requisitos de accesibilidade, que deben cumprir os vehículos que presten servizos de transporte público regular de uso xeral por estrada, para garantir que as persoas con mobilidade reducida poidan acceder ao servizo. En específico menciónanse tres esixencias para as empresas:

- a) Establécese que deberán de cumprir as condicións esixidas no apartado 2 do epígrafe 2, referido ao material móbil, do Anexo IV, relativo ás condicións básicas de accesibilidade ao transporte por estrada, do Real Decreto 1544/2007, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos medios de transporte para persoas con discapacidade.
- b) Tamén se esixe unha porcentaxe para a prestación de circulacións diarias que se deben realizar con vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida, en relación ao total de circulacións do día. Esa porcentaxe fíxase nun mínimo do 10% das circulacións diarias.
- c) Ademais, esíxeselle ás empresas que deben informar publicamente e cunha antelación mínima de 24 horas, das circulacións que, en cada momento, vaian ser prestadas mediante vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 09:51:50
Nº Rexistro: 26121
Data envío: 22/05/2025 09:51:50,479

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se os prestadores do servizo de transporte público regular de uso xeral por estrada están a cumprir de maneira efectiva cos requisitos de accesibilidade que lles foron esixidos no prego de condicións que se presentou para a licitación do servizo?
2. Parécelle á Xunta de Galicia que a porcentaxe mínima do 10% de circulacións diarias con vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida é suficiente para garantir o acceso ao servizo destas persoas?
3. Que accións toma a Xunta de Galicia para garantir que os prestadores do servizo cumpran cos requisitos esixidos?

Santiago de Compostela, a 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 22/05/2025 09:49:00

Paloma Castro Rey na data 22/05/2025 09:49:08

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86209

@PSdeG





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a reunión que tivo lugar o pasado 14 de maio en Pontevedra para presentar unha serie de actuacións para reducir o risco de asolagamentos no río Léz.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de maio a conselleira de Medio Ambiente e o Director de Augas de Galicia reuníronse en Pontevedra co portavoz municipal do PP e un reducido grupo de veciñas e veciños da rúa Fernando Olmedo para presentar unha serie de propostas para reducir o risco de asolagamentos no río Léz.

O primeiro elemento que chama a atención deste encontro é o seu carácter partidista e a falta de respecto institucional que deixa entrever, xa que o goberno municipal non foi convidado ao mesmo.

En canto ao contido da xuntanza, segundo a información trasladada mediante unha nota de prensa, presentouse unha proposta elaborada por Augas de Galicia para “laminar os crecementos do caudal en caso de precipitacións intensas e minimizar o impacto dos desbordamentos nas proximidades do río Valdecorvos. Con ese fin, a creación desa área de recollida de auga iría acompañada doutras medidas de restauración fluvial e de retención da auga”.

Segundo fontes da Xunta, “a estimación é que esta actuación implique un investimento de arredor de 1,6 millóns de euros aínda que o orzamento concreto se coñecerá unha vez que se resolva o contrato que está en licitación na actualidade para

Asinado o día 22/05/2025 ás
10:19
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 22/05/2025 ás
10:19
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

adxudicar a redacción deste e doutros proxectos para a creación de zonas de inundación controlada na comunidade e se elabore o específico para Valdecorvos”.

Por outra parte, na nota informativa da xuntanza faise referencia a outras propostas de actuación na bacía do Lerez en Pontevedra: “Entre elas están a restauración fluvial do río Gafos, no barrio de Campolongo, e da Xunqueira de Alba, no rego de Granda, así como a ampliación da ponte baixo o paseo Domingo Fontán, neste mesmo rego. Tamén a ampliación dunha obra de drenaxe transversal no rego de Verducido, a restauración fluvial das marxes do río Lerez ou intervencións no río Gafos, entre a rúa Rosalía de Castro e a avenida Xeneral Antero Rubín, co fin de minimizar os asolagamentos na contorna”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón a Xunta non convidou a representantes do concello de Pontevedra á xuntanza coa veciñanza que tivo lugar o pasado 14 de maio no Estadio da Xuventude de Pontevedra para informar das “Propostas para reducir o risco de inundación no río Lerez, Pontevedra”?

Os criterios que se seguen na convocatoria destas xuntanzas é sempre o mesmo ou varía segundo os concellos?

Ten coñecemento a Xunta de que a relación entre institucións debe guiarse polos principios de cooperación e respecto institucional?

Que actuacións de restauración fluvial, drenaxe, restauración de cauces e prevención do risco de asolagamentos prevé desenvolver o goberno galego nos ríos Lerez, Valdecorvos, Gafos, río e xunqueira da Gándara e rego de Verducido (concello de Pontevedra)?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 22/05/2025 10:19:51

Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/05/2025 10:19:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 10:22:06
Nº Rexistro: 26127
Data envío: 22/05/2025 10:22:06.221

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 10:22:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 10:22:06
Nº Rexistro: 26127
Data envío: 22/05/2025 10:22:06.221

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A desestacionalización e diversificación turística son dúas facetas que ofrecen unha imaxe fiel das prioridades da Xunta de Galicia nos seus obxectivos de mellora do turismo na nosa comunidade e tamén do éxito das medidas levadas a cabo para logralo.

O turismo galego vén marcado fortemente pola propia forma de ser da sociedade galega, e así oferta un turismo tranquilo, de desfrute da nosa riqueza natural de litoral e montaña, de paseos polas distintas e múltiples rutas que temos, da admiración da riqueza patrimonial que hai por todo o territorio galego e, por suposto, da exquisitez e calidade da nosa gastronomía.

Estas numerosas calidades que Galicia ten para ofertar ao turista, permite que podamos atraer visitantes ao longo de todo o ano, como así o constatan os datos de peregrinos e visitantes obtidos durante estes últimos anos, onde se pode ver un incremento en meses fora da época estival.

Pero estas “enormes posibilidades”, requiren de crear novos produtos para diferenciarse do resto de territorios e por suposto dunha planificación que contemple a totalidade dos recursos turísticos, de xeito que se podan impulsar medidas que se adapten da mellor forma posible ao mantemento e mellora dos mesmos.

As nosas praias, fervenzas, faros, rutas, mosteiros, catedrais, festas, viños e especialidades gastronómicas, demandan medidas que fagan de todos estes espazos un lugar de visita obrigada durante todos os meses do ano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as medidas postas en marcha desde a Xunta de Galicia para o logro da desestacionalización do turismo galego?



Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 22/05/2025 11:15:10

Cristina Sanz Arias na data 22/05/2025 11:15:29

María Deza Martínez na data 22/05/2025 11:15:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2025 11:16:04

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/05/2025 11:16:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/05/2025 11:16:23

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/05/2025 11:16:37

Ángel Rodríguez Conde na data 22/05/2025 11:16:46

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/05/2025 11:16:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Có Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2020, que contou cunha dotación de 67M€, o Goberno galego buscou favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade, garantir a pervivencia da súa identidade, a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural, e tamén a súa sustentabilidade.

Ao abeiro deste plan leváronse a cabo actuacións de mantemento dos Camiños Xacobeos para garantir o seu óptimo estado para o paso dos peregrinos, mediante a execución das operacións de mantemento viario, sinalización e seguridade viaria do Camiño de Santiago.

Como continuidade ao anterior plan, a Xunta puxo en marcha o Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027, que se impulsa co obxectivo de analizar a situación actual destas rutas e definir as liñas estratéxicas e accións a aplicar neste novo período.

A sostibilidade é un dos obxectivos prioritarios en todos os plans e estratexias no modelo turístico da Xunta de Galicia e da folla de ruta do Camiño de Santiago.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que liñas contempla o Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027 para a consecución dun desenvolvemento sostible dos Camiños de Santiago?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 22/05/2025 11:19:21

Cristina Sanz Arias na data 22/05/2025 11:19:39



María Deza Martínez na data 22/05/2025 11:19:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2025 11:20:10

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/05/2025 11:20:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/05/2025 11:20:31

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/05/2025 11:20:51

Ángel Rodríguez Conde na data 22/05/2025 11:20:59

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/05/2025 11:21:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falta de cobertura da praza de pediatría no centro de saúde de Melide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crianzas de toda a comarca das Terras de Melide teñen a asistencia pediátrica unicamente no centro de saúde de Melide, pois os concellos de Toques e Santiso non contan con estas profesionais especialistas no seu cadro de persoal. Unha única pediatra para prestar asistencia ás máis de 1.100 crianzas que viven nestes tres concellos.

Desde hai anos as familias veñen sufrindo a falta de cobertura desta profesional cando se produce unha ausencia, ben por enfermidade ou ben por vacacións, nomeadamente no verán. Mais estas ausencias estivais, este ano chegan con adianto, pois desde comezos deste mes de maio, non contan co servizo de pediatría após terse producido o traslado desta profesional a outro centro sanitario. Deste xeito, a atención a crianzas de toda a comarca fica en suspenso supeditándose a seren atendidas polas médicas de familia deses centros de saúde ou a desprazáronse a outros concellos da área sanitaria.

Fartas desta situación, as familias de Melide, mais tamén de Santiso e Toques, veñen de manifestarse para demandar a cobertura da praza de pediatría de xeito estable cunha especialista que lle poida prestar unha asistencia de calidade a todas estas crianzas.

Asinado o día 22/05/2025 ás
12:27
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 22/05/2025 ás
12:26
Por María Montserrat Prado Cores





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Os problemas de cobertura das prazas de pediatría non é novidosa neste centro pero tampouco en concellos veciños coma o de Arzúa, onde tamén se teñen producido descubertos na praza de pediatría que obrigaron tamén a desprazamentos das crianzas e familias.

A política sanitaria da Xunta de Galiza co Partido Popular á fronte ten posto a Atención Primaria nunha situación límite, deixando concellos por todo o País coma o de Toques e Santiso, onde a asistencia pediátrica depende de desprazamentos a outras localidades, ata o punto de que son preto de 200 os concellos que non contan con estas especialistas e arredor de 11.000 crianzas sen pediatra asignada. Isto ademais no contexto dun grave envellecemento das profesionais en activo, o que provocará un número importante de xubilacións a curto e medio prazo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- É consciente o goberno galego da situación que están a denunciar as familias de Melide, Toques e Santiso?
- Cales son as medidas previstas para a cobertura da praza de pediatría do centro de saúde de Melide? Cando se vai producir esa cobertura estábel?
- Cales son as medidas previstas para garantir que non se volvan a producir descubertos desta praza mantidos no tempo?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2025 12:26:49

Iria Carreira Pazos na data 22/05/2025 12:27:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:29:23
Nº Rexistro: 26140
Data envío: 22/05/2025 12:29:23.842

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 12:29:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:29:23
Nº Rexistro: 26140
Data envío: 22/05/2025 12:29:23.842

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:40:35
Nº Rexistro: 26147
Data envío: 22/05/2025 12:40:35.115

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os últimos datos do INE lanzan unha nova alarma sobre a emerxencia demográfica en Galicia: a nosa Comunidade Autónoma rexistrou un total de 3.163 nacementos no primeiro trimestre de 2025, un 4,96 % menos que no mesmo período de 2024, o que supón a maior caída relativa do país.

Tal e como informa o INE, o descenso é superior ao 3,8 % de baixada que se anotan tanto Cantabria como Navarra ata marzo. O descenso da media española é do 0,5 %, cun total de 78.014 alumbramentos. España non supera os 30.000 nacementos mensuais desde outubro de 2021.

No tocante solo ao mes de marzo, os nacementos na comunidade galega foron 1.079, un 6,8 % menos que os 1.158 dun ano antes.

Por idades das nais, en marzo, o maior grupo é o de 35 a 39 anos (347), seguido de 30 a 34 anos (322). Houbo 164 proxenitoras de 40 ou máis anos, incluídas tres mulleres de 50 ou máis anos.

Isto supón un novo aviso, sen dúbida de máxima urxencia, do que está a acontecer en Galicia e dos nulos efectos da suposta política demográfica do Partido Popular ao fronte da Xunta de Galicia.

Galicia presenta, ademais, o peor saldo vexetativo de España: en 2024, houbo 19.333 falecementos máis que nacementos. E a idade media da poboación

Asinado o día 22/05/2025 ás
12:34
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 22/05/2025 ás
12:34
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

86223

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:40:35
Nº Rexistro: 26147
Data envío: 22/05/2025 12:40:35.115

acadou os 48,36 anos, e máis do 26 % dos galegos teñen máis de 65 anos, mentres que só o 15,4 por cento ten menos de 20 anos.

Ante estas cifras que asolan a nosa Comunidade Autónoma, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Como pensa afrontar o Goberno galego a política demográfica nos próximos tres anos de lexislatura de Alfonso Rueda?

Santiago de Compostela, a 22 de maio do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

86224

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 22/05/2025 12:34:32

Elena Espinosa Mangana na data 22/05/2025 12:34:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:40:35
Nº Rexistro: 26147
Data envío: 22/05/2025 12:40:35.115

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:40:35
Nº Rexistro: 26147
Data envío: 22/05/2025 12:40:35.115

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 12:40:35

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os rateos dos centros de saúde de Oleiros que establece o Plan Local de Saúde 2025-2028 para o Servizo de Atención Primaria de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Sanidade e o SERGAS definen as liñas estratéxicas para o Servizo de Atención Primaria de Oleiros para o período no Plan Local de Saúde para 2025 e 2028. Neste documento establécese un diagnóstico da situación actual do servizo, dos diferentes centros de saúde de Oleiros e do persoal, material e cotas de pacientes que atende cada profesional.

Porén, no caso de odontoloxía, o cadro referente ao persoal inclúe un erro grave, pois considera que os e as usuarias se reparten entre dúas profesionais que atenden no centro de saúde da Covada, mais unha delas é odontóloga e a outra é hixienista dental, polo que entre as dúas atenden as 36.000 persoas usuarias, a pesar de que reconece que os “valores óptimos establecidos” para estes servizos son de 15.000 usuarias.

O mesmo documento admite que “o cupo do equipo básico de AP en idade adulta non cumpre con ratios recomendados pola Consellaría de Sanidade (< 1.400 TIS/profesional sanitario), sendo significativo no caso de enfermaría de familia e comunitaria ao non dispoñer da ratio 1/1. Debe revisarse a adecuación dos cupos considerando a poboación > 65 anos asignada ao mesmo e os estratos de maior

Asinado o día 22/05/2025 ás
12:45
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 22/05/2025 ás
12:45
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complexidade (estrato 2 e 3). Durante a reunión inicial indícase a necesidade de dispor dunha praza adicional de medicina de familia e comunitaria”.

Ademais disto, o Plan Local de Saúde para o Servizo de Atención Primaria de Oleiros destaca outras eivas, como a limitación de espazos nos centros de saúde ou a falta dalgúns procedementos diagnósticos terapéuticos (concretamente, ecografías e retinografías) por falta de dispoñibilidade de formación para os e as profesionais.

Oleiros é un concello que concentra un importante aumento da poboación, e é preciso tamén ter en conta o incremento que se produce nos meses de verán, polo que consideramos que resulta urxente atender estas eivas reflectidas no Plan Local de Saúde emitido pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza e polo Servizo Galego de Saúde.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- O goberno galego é coñecedor da escaseza actual de persoal na atención sanitaria en Oleiros, nomeadamente nos servizos relacionados coa saúde bucodental, nos que supera máis do dobre do establecido nas cotas recomendadas?
- O goberno galego ten previsto corrixir as eivas de persoal nos Centros de Saúde de Oleiros?
- En que prazo o vai facer?
- O goberno galego ten previsto aumentar os profesionais de atención bucodental dos centros sanitarios de Oleiros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/05/2025 12:45:20

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2025 12:45:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 26150
Data envío: 22/05/2025 12:50:11.905

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 12:50:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 26150
Data envío: 22/05/2025 12:50:11.905

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKsV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26166
Data envío: 22/05/2025 15:36:28,946

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público en Galicia é un dereito fundamental para garantir o libre desprazamento da cidadanía, o acceso aos servizos esenciais e a igualdade de oportunidades, especialmente nas comarcas rurais e periféricas. Ademais de ser clave para o desenvolvemento territorial das zonas rurais, o transporte público contribúe á loita contra o cambio climático, á seguridade viaria e á inclusión social de persoas maiores, mozas ou con dificultade de desprazamento. A existencia dun transporte público eficaz e accesible determina en boa medida o acceso real á sanidade, á educación ou ao emprego, especialmente ás persoas que non poden ter acceso a un modo de transporte privado.

Na comarca do Baixo Miño, a situación do transporte público é preocupante, sendo totalmente insuficiente e ineficaz. A pesar de tratarse dunha zona cun número importante de habitantes, cerca de 50.000, e cun volume elevado de desprazamentos diarios cara a Vigo, sendo de vital importancia os desprazamentos cara o Hospital Álvaro Cunqueiro, o Hospital Meixoeiro e a Universidade de Vigo, a oferta de transporte público resulta a todas luces escasa, irregular e cunha comunicación totalmente desastrosa.





A problemática do transporte no Baixo Miño revela unha realidade compartida por varios concellos da comarca que afecta directamente ao acceso a servizos esenciais como a universidade e os dous hospitais de referencia: o Álvaro Cunqueiro e o Meixoeiro.

No caso de A Guarda, o transporte público ten unha importancia vital para a mobilidade da súa poboación, especialmente os sectores máis vulnerables como a mocidade, as persoas maiores ou os cidadáns sen acceso a vehículo propio, evidenciando unha forte dependencia deste servizo por parte da poboación local para poder desprazarse a centros sanitarios e educativos. Con todo, o tempo medio en transporte público dende A Guarda ao hospital Álvaro Cunqueiro pode superar as dúas horas, e, como tamén sucede en moitos outros concellos, no caso do Hospital Meixoeiro non existen conexións directas e os itinerarios dispoñibles implican varios transbordos e tempos de desprazamento desproporcionados.

En Oia estase a demandar unha maior regularidade nas liñas de transporte, o que indica que as frecuencias actuais non son suficientes para cubrir as necesidades dos usuarios, especialmente en traxectos que requiren puntualidade e conexión con servizos clave.

En O Rosal, a preocupación céntrase na comunicación deficiente co Hospital Álvaro Cunqueiro, onde os tempos roldan tamén as dúas horas, incluíndo transbordos e longos tempos de espera, e tamén cun servizo moi mellorable co Meixoeiro.

No caso de Tui e Tomiño, destacou que o transporte universitario non cobre as necesidades reais do estudantado. O número de prazas é insuficiente nos





horarios de entrada e saída das clases, as rutas non pasan por todos os núcleos de poboación. Todo isto está a repercutir en aspectos clave coma a igualdade de oportunidades no acceso á educación superior, obrigando a moitos estudantes a desprazarse en coche ou a buscar alternativas residenciais.

En conxunto, no Baixo Miño comparten unha problemática común de infraestruturas e servizos de transporte insuficientes para garantir o acceso eficaz á Universidade de Vigo e aos hospitais de referencia na Área Sanitaria de Vigo. Esta situación demanda unha planificación coordinada e unha mellora urxente do transporte interurbano, especialmente en termos de frecuencia, rutas directas e conexións adaptadas aos horarios sanitarios e académicos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como ten pensado abordar a Xunta de Galicia a mellora do transporte público no Baixo Miño para garantir conexións máis directas, frecuentes e adaptadas ás necesidades da poboación e dos centros educativos e sanitarios?
2. Que medidas concretas vai adoptar a Xunta de Galicia para reducir os tempos de desprazamento?
3. Vai establecer a Xunta de Galicia máis liñas directas ao Hospital Álvaro Cunqueiro e ao Meixoeiro??
4. Vai establecer a Xunta de Galicia máis liñas directas á Universidade de Vigo?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26166
Data envío: 22/05/2025 15:36:28,946

Santiago de Compostela, a 22 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 22/05/2025 15:32:17

Carlos López Font na data 22/05/2025 15:32:27

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

86235

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a deriva autoritaria e represora da Dirección do Hospital da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital da Mariña leva anos vendo como os e as mariñás teñen que desprazarse a Lugo constantemente ao seren derivados ao Hospital da capital da provincia. Tamén puideron ver como continuamente se foron perdendo e ofertando servizos que no pasado si que existían. Todo isto evidentemente, desde que o Partido Popular na Xunta de Galiza decidiu acabar coa Área Sanitaria da Mariña.

Mais mentres isto ocorría, a contestación social foi constante co decorrer dos anos, ben sexa no referido á Atención Primaria ben ao Hospital de Burela, pero se iso fose pouco, lamentablemente nos últimos meses puidemos observar como ao mesmo tempo que empeoraban os servizos deste Hospital aumentaba o carácter autoritario e represivo por parte da Dirección do Hospital.

Neste sentido, os mellores exemplos da deriva autoritaria témolos nas últimas semanas nas que vimos como desde a Dirección do Hospital se obrigaba a quitar unha faixa creada polo colectivo de artistas da Mariña, adicada ás e aos pacientes que seguen soportando grandes listas de agarda e cedida de xeito altruísta ao movemento en prol da sanidade pública da Mariña.

Este acto pouco democrático foi contestado cunha nova faixa de cor negra en repulsa a este tipo de comportamentos, que igualmente foi confiscada. Os propios traballadores e traballadoras denuncian que desde a Dirección levan días tomando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas para poñer atrancos á celebración das concentracións, algo que culminou coa vergonzante noticia de que a propia Directora do Hospital exixiu que se identificasen as persoas convocantes das concentracións no Hospital.

Todos estes comportamentos absolutamente impropios dunha dirección dun hospital público, mestúranse ademais co sectarismo que se puido ver ao participar a propia Directora do Hospital en actos do Partido Popular dedicados a intentar desmobilizar e atacar a toda a sociedade mariñá que se ía manifestar e que o vai seguir facendo contra a demolición da nosa sanidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Está a Xunta de Galiza de acordo cos comportamentos da Dirección do Hospital da Mariña?
- Vai garantir a Xunta de Galiza o dereito a manifestarse libremente?
- Considera aceptable a Xunta de Galiza que o Partido Popular realice actos de partido coa Directora do Hospital?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/05/2025 16:23:43

Iria Carreira Pazos na data 22/05/2025 16:23:48





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre posibles incumprimentos nas condicións da vivenda de protección autonómica. .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente calificación permanente dunha parte das vivendas protexidas é unha medida positiva, aínda que no cubre a totalidade da VPA. Ademais, os efectos desta medida non son para agora, senón que terán que pasar varias décadas para apreciar ese cambio. O certo é que a vivenda protexida que hoxe está operando no mercado galego carece na súa práctica totalidade desa protección permanente.

A realidade da Vivenda de Protección Autonómica que hoxe está no mercado, é que unha vez finaliza o período de protección, recupera o seu prezo de mercado pondo fin ao retorno social dos investimentos realizados pola Administración Pública. Por iso é fundamental que a Xunta, cando menos, garanta o cumprimento dese fin social no período de protección en que estas vivendas deben cumprir unha serie de condicións como, por exemplo, ser destinada para residencia habitual, acollerse a un réxime de prezos ou estar sometidas a unhas restricións na venda. Porén os medios de comunicación estanse facendo eco do incumprimento destas condicións, reportando casos de vendas por enriba do prezo taxado con pagos en negro ou fraudes no aluguer e na venda a persoas que non cumpren os requisitos establecidos.

Asinado o día 22/05/2025 ás
16:33
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 22/05/2025 ás
16:33
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Xunta de Galiza debe exercer un control estrito das condicións nas que se aluga e compra esa Vivenda de Protección Autonómica para garantir que cumpre cos obxectivos polo cales se lles outorgou unha serie de apoios e recursos públicos na súa promoción ou adquisición.

A lexislación xa prevé un réxime sancionador neste caso, con faltas que van dende infraccións leves, graves ou moi graves cuxa competencia sancionadora recae nas xefaturas territoriais. Por tanto a Xunta de Galiza é a responsable de velar polo cumprimento das condicións establecidas na normativa para garantir os obxectivos da Vivenda de Protección Autonómica.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas sancións se impuxeron por non visar ante o IGVS os contratos de compravenda das segundas e sucesivas transmisións de vivendas protexidas dende 2020?
- Cantas destas se impuxeron en 2024?
- Cantas sancións se impuxeron no caso de primeiras transmisións?
- Cantas sancións se impuxeron por non ocupar a vivenda protexida no prazo establecido regramentariamente sen xusta causa dende 2020?
- Cantas destas se impuxeron en 2024?
- Cantas sancións se impuxeron por non incluír no contrato de compravenda ou arrendamento da vivenda protexidas as cláusulas obrigatorias dende 2020?
- Cantas sancións se impuxeron por non destinar a vivenda protexida a domicilio habitual ou permanente dende 2020?
- Cantas sancións houbo en 2024?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Cantas sancións se impuxeron pola venda de vivendas protexidas promovidas para o aluguer sen autorización administrativa dende 2020?

- Cantas sancións se impuxeron polo establecemento de prezos de venda e renda das vivendas protexidas superiores aos fixados pola Xunta dende 2020?

- Cantas destas en 2024?

- Cantas sancións se estableceron pola percepción de sobrepresos ou primas por riba do prezo máximo establecido na transmisión e arrendamento de vivendas protexidas dende 2009?

- Cantas destas se realizaron dende 2020?

- Cantas en 2024?

- Que medidas ten en marcha a Xunta para evitar o incumprimento das condicións establecidas na vivenda protexida na súa venda ou arrendamento?

- Cal é o número total de sancións impostas pola Xunta polo incumprimento de calquera outra normativa de aplicación na VPA e a súa caracterización durante 2010-2025?

- Cales son as actuacións realizadas polo IGVS dende 2020 para garantir o cumprimento da normativa relativa á VPA?

- Con que mecanismos conta o IGVS para a detección de posibles incumprimentos da normativa aplicable á VPA?

- Cree que están funcionando?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/05/2025 16:33:20

Luis Bará Torres na data 22/05/2025 16:33:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:36:13
Nº Rexistro: 26177
Data envío: 22/05/2025 16:36:13.103

CSV: BOPGDSPG-c1jWFKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:36:13
Nº Rexistro: 26177
Data envío: 22/05/2025 16:36:13.103

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 16:36:13

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre posibles incumprimentos nas condicións da vivenda de protección autonómica. .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente calificación permanente dunha parte das vivendas protexidas é unha medida positiva, aínda que no cubre a totalidade da VPA. Ademais, os efectos desta medida non son para agora, senón que terán que pasar varias décadas para apreciar ese cambio. O certo é que a vivenda protexida que hoxe está operando no mercado galego carece na súa práctica totalidade desa protección permanente.

A realidade da Vivenda de Protección Autonómica que hoxe está no mercado, é que unha vez finaliza o período de protección, recupera o seu prezo de mercado pondo fin ao retorno social dos investimentos realizados pola Administración Pública. Por iso é fundamental que a Xunta, cando menos, garanta o cumprimento dese fin social no período de protección en que estas vivendas deben cumprir unha serie de condicións como, por exemplo, ser destinada para residencia habitual, acollerse a un réxime de prezos ou estar sometidas a unhas restricións na venda. Porén os medios de comunicación estanse facendo eco do incumprimento destas condicións, reportando casos de vendas por enriba do prezo taxado con pagos en negro ou fraudes no aluguer e na venda a persoas que non cumpren os requisitos establecidos.

Asinado o día 22/05/2025 ás
16:34
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 22/05/2025 ás
16:34
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Xunta de Galiza debe exercer un control estrito das condicións nas que se aluga e compra esa Vivenda de Protección Autonómica para garantir que cumpre cos obxectivos polo cales se lles outorgou unha serie de apoios e recursos públicos na súa promoción ou adquisición.

A lexislación xa prevé un réxime sancionador neste caso, con faltas que van dende infraccións leves, graves ou moi graves cuxa competencia sancionadora recae nas xefaturas territoriais. Por tanto a Xunta de Galiza é a responsable de velar polo cumprimento das condicións establecidas na normativa para garantir os obxectivos da Vivenda de Protección Autonómica.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é o número total de VPA sometidas a réxime de protección en cada anualidade do período 2010-2025?
- Cal é o número de VPA sometida a réxime de protección na actualidade desagregada por tipo de promotor e concello?
- Cales son as duracións máximas do réxime de protección das VPAs actualmente sometidas a réxime de protección?
- Cal é o número total de VPA que foron transmitidas en segundas transmisións e sucesivas en cada anualidade para o período 2010-2025?
- Cal é o número total de VPA que foron arrendadas en cada anualidade para o período 2010-2025?
- Cal é o número total de VPA que foi adquirida polo IGVS no exercicio do seu dereito de tanteo e retracto en cada anualidade para o período 2010-2025?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Cal é o número total de sancións impostas pola Xunta polo incumprimento da normativa na transmisión de vivendas de protección autonómica e a súa caracterización en cada anualidade para o período 2010-2025?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/05/2025 16:34:04

Luis Bará Torres na data 22/05/2025 16:34:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:37:13
Nº Rexistro: 26180
Data envío: 22/05/2025 16:37:13.634

CSV: BOPGDSPG-cjWFKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:37:13
Nº Rexistro: 26180
Data envío: 22/05/2025 16:37:13.634

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 16:37:14

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta tomar medidas para mudar o modelo educativo actual por outro que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística desde o vindeiro curso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos do último informe do IGE foron contundentes: a perda de galegofalantes acelérase a respecto do uso e agora tamén en relación á competencia: 1 de cada 4 menores de 14 anos recoñece que non sabe falar nada ou case nada en galego.

Desde xeito conclúse que o goberno da Xunta non está a cumprir co mandato da Lei de normalización lingüística que regula a obriga de conseguir competencia en galego e castelán no fin da escolaridade obrigatoria.

As causas son diversas, mais todas as fontes autorizadas apuntan a un elemento común: a función desgaleguizadora da escola desde a imposición unilateral do Decreto 79/2010 do plurilingüismo que, 15 anos despois, cumpriu os seus obxectivos políticos contrarios á función normalizadora: avanzar no proceso de substitución lingüística do galego e, consecuentemente, no monolingüismo en castelán.

A Real Academia Galega fixo pública unha declaración institucional após estudar con detalle a enquisa do IGE. As conclusións son contundentes: “Estas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto chamado do plurilingüismo de 2010 e en xeral do abandono das políticas de protección do galego: incremento do





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

monolingüismo en castelán e diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso”.

A RAG tamén expón que este “proceso de substitución lingüística gañou un ímpeto extraordinario ao longo do presente século (...) un feito obxectivo que pon en grave risco a continuidade do idioma”.

Consonte os resultados de diferentes estudos elaborados pola RAG ao longo dos últimos anos que xa viñan concluíndo o efecto desgaleguizador do ensino, de novo a máxima institución do estudo da lingua ratifica que “o modelo educativo actual non está cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística” a respecto da consecución da dobre competencia en galego e castelán ao final da escolaridade obrigatoria.

Finalmente, malia toda a sociedade galega ser responsábel da situación lingüística actual, a RAG sinala que o responsábel fundamental “é quen detén o goberno e dispón, xa que logo dos mecanismos de actuación e planificación, A primeira responsabilidade é, por tanto, do goberno galego”.

Asemade, a primeira sesión do foro participativo Un país coa súa lingua que está desenvolvendo o Consello da Cultura Galega, centrado na educación e na socialización, concluíu que é preciso un cambio no modelo educativo que coloque o galego como lingua vehicular, conforme outros modelos e experiencias de éxito contrastado.

Un cambio de rumbo na política lingüística aplicada ao ensino que tamén están a demandar as múltiples entidades sociais que conforman a plataforma Queremos Galego, tal e como veu reclamando tamén o Comité de Expertos do Consello de Europa en sucesivos informes.

Transcorridos sete meses desde a publicación do informe do IGE, e após a celebración de dúas novas manifestacións históricas, convocadas pola plataforma Queremos Galego, que volven demostrar que a maioría social galega lle quere á súa lingua





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

e quere que teña futuro, o goberno segue sen deseñar un plan de actuacións no curto prazo co obxectivo de reverter a situación lingüística que colocou o galego nos peores datos da historia.

Desde o BNG partillamos a preocupación social e institucional por un futuro vivo e pleno para o galego, porque tamén entendemos que é hora de recuperar o consenso que rompeu o PP en 2010 e activar propostas a favor do galego sen máis demora.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas está a impulsar a Xunta, de cara ao curso 2025-2026, para mudar o modelo educativo actual por outro que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/05/2025 16:53:26

Iria Taibo Corsanego na data 22/05/2025 16:53:34

Daniel Castro García na data 22/05/2025 16:53:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:55:59
Nº Rexistro: 26183
Data envío: 22/05/2025 16:55:59.135

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 16:55:59
Nº Rexistro: 26183
Data envío: 22/05/2025 16:55:59.135

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/05/2025 16:55:59

CSV: BOPGDSPG-c1jWfKtSV-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Goberno de España convocou para o vindeiro 6 de xuño, en Barcelona, a Conferencia de Presidentes na que, unha vez máis, non inclúe entre os asuntos a debater a financiación autonómica. Iso é así a pesar de que moitos presidentes autonómicos, entre eles o de Galicia, consideran prioritario abordar a reforma do sistema de financiamento autonómico.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego sobre a Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 22/05/2025 17:35:31

Alberto Pazos Couñago na data 22/05/2025 17:35:57

Julio García Comesaña na data 22/05/2025 17:36:19

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/05/2025 17:36:34

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/05/2025 17:36:42

Paula Mouzo Mas na data 22/05/2025 17:37:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 17:42:34
Nº Rexistro: 26191
Data envío: 22/05/2025 17:42:34.130

Carmen Pomar Tojo na data 22/05/2025 17:37:22

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/05/2025 17:37:52

Katherinie Varela Fernández na data 22/05/2025 17:38:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-c1jWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para mellorar os servizos de transporte público por estrada no Concello de Arzúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Transporte Público de Galiza, aprobado pola Xunta en 2018 e modificado en 2021, establece como obxectivo garantir a mobilidade da poboación en termos de igualdade, seguridade e eficiencia, especialmente no ámbito rural, mediante servizos axeitados e adaptados ás necesidades da cidadanía.

Porén, a realidade que vive Arzúa dista moito destes principios. A día de hoxe, a veciñanza carece dunha conexión directa e regular cos hospitais públicos de Santiago de Compostela, dificultando o acceso á sanidade pública para pacientes, acompañantes e traballadoras e traballadores. Esta situación motivou que os Concellos de Arzúa, Melide e Santiso solicitaran formalmente á Xunta de Galiza a creación dunha liña de autobús con tres frecuencias diarias para facilitar estes desprazamentos.

Ademais, as actuais liñas de transporte interurbano que pasan por Arzúa, como a XG802001 (Arzúa-Santiago), presentan unha frecuencia insuficiente, con só dúas viaxes nos tramos de mañá e tarde durante os días laborais, e sen servizo os domingos. Esta escaseza de servizos limita a mobilidade da veciñanza, obrigando a moitas persoas a depender do vehículo privado para acceder a servizos básicos, traballo ou estudos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación agrávase co novo mapa concesional do transporte por estrada promovido pola Xunta de Galiza, que podería illar aínda máis a Arzúa e outros concellos da comarca.

Todo o antes exposto contradí os principios de equidade e vertebración territorial que deben rexer as políticas públicas, e que formalmente pretende o Plan de Transportes da Xunta de Galiza. Debido a isto é necesario que as diferentes liñas e concesións sexan revisadas e adaptadas ás necesidades xerais das persoas que habitan ao territorio, que deben desprazarse para motivos tan diversos como os de asistir a aulas, a citas médicas, a postos de traballo ou para desfrutar do seu ocio.

A Xunta de Galiza debe atender estas necesidades da poboación e non só os intereses das grandes concesionarias, cuns servizos inzados de incumprimentos tales como a falta de puntualidade, a eliminación de servizos, o cambio inxustificado de itinerarios ou, nalgúns casos o mal estado dos vehículos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Está a Xunta de Galiza a garantir un servizo de transporte adaptado ás necesidades xerais da veciñanza do Concello de Arzúa?

. Valora a Xunta de Galiza a creación dunha nova liña regular entre o Concello de Arzúa e os seus centros hospitalarios de referencia?

. Vai ampliar a Xunta de Galiza a cobertura de bonificacións no servizo de transporte público por estrada no Concello de Arzúa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/05/2025 17:43:50

Iria Carreira Pazos na data 22/05/2025 17:45:51



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Plan Corresponsables non se trata dun simple programa de axudas, senón dunha ferramenta clave para transformar o modelo de coidados, recoñecendo, dignificando e profesionalizando o traballo de coidados, tradicionalmente invisibilizado e feminizado, e facilitando a conciliación real para as familias.

Este plan contou cun investimento inicial de máis de 190 millóns de euros desde 2021, o que permitiu a súa implantación a pesar das dificultades derivadas da pandemia. Con todo, a execución das axudas sufriu unha serie de obstáculos por parte do Goberno central: convocatorias tardías, cambios constantes nos criterios técnicos, duplicidades entre anualidades e falta de previsión orzamentaria que puxeron en xaque a continuidade e estabilidade dos servizos ofrecidos polos concellos.

A pesar destas dificultades, as comunidades e cidades autónomas, en particular a Xunta de Galicia, foron sacando os programas adiante facilitando a conciliación das familias e sensibilizando en materia de corresponsabilidade.

Pero o verdadeiramente preocupante é a situación actual en 2025. O Ministerio de Igualdade, pretende recortar ata nun 25% de orzamento con respecto a anos anteriores, poñendo como condición que, para recibir o diñeiro as comunidades autónomas deben obrigatoriamente cofinanciar o diñeiro que deixa de achegar o Goberno.

Está situación resulta inadmisíbel posto que nos atopamos no segundo trimestre do exercicio económico 2025, con programas xa iniciados, contratos xa comprometidos e familias con expectativas de solucionar os seus posibles problemas de conciliación grazas a estes recursos.

É irresponsable efectuar así un recorte sen precedentes, e que se comunique ás comunidades autónomas e destas aos concellos implicados, co exercicio orzamentario executado en case un 50%, que en consecuencia quedan sen capacidade de implementar partidas económicas para atender as necesidades das familias en materia de conciliación.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Ademais, é inxustificable que, con orzamentos prorrogados en 2025, o Goberno de España recorte, sen previo aviso, partidas que en anteriores exercicios viñeron destinando o mesmo orzamento. En concreto, 190 millóns de euros desde a súa posta en marcha en 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 30.02.232B.451 do Ministerio de Igualdade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o recorte no orzamento previsto polo Goberno de España para o Plan Corresponsables a través do que se impulsan diversas iniciativas no ámbito da conciliación e dos coidados?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 22/05/2025 17:52:31

Noelia Pérez López na data 22/05/2025 17:53:01

Ethel Vázquez Mourelle na data 22/05/2025 17:55:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2025 17:56:02

Víctor Baladrón Lamas na data 22/05/2025 17:56:06

Nicole Grueira Fernández na data 22/05/2025 17:56:32

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/05/2025 17:56:37

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/05/2025 17:57:28

Maria Magdalena Perez Millares na data 22/05/2025 17:57:31



Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

A multinacional do aluminio Alcoa trasladou aos seus traballadores que non avanzará no proceso de rearranque de cubas para o complexo industrial de San Cibrao, na Mariña lucense, por "causa de forza maior" debido ao apagamento do 28 de abril.

A prolongada interrupción da subministración eléctrica que afectou a toda España deu como resultado que das 41 cubas que estaban operativas nese momento na planta só se puideran salvar 14 e, nestas circunstancias, alegan que non é posible cumprir os compromisos asinados no acordo de viabilidade.

Alcoa tiña o compromiso de completar o rearranque do 100% das cubas de electrólise para o 1 de outubro do ano en curso ou, polo menos garantir unha produción mínima do 75% da capacidade total da planta ata o 31 de decembro de 2026.

A empresa condiciona a posibilidade de retomar o arranque, a que o Goberno de España aclare dunha vez por todas as causas do apagamento, así como ás medidas tomadas para garantir que non se volva a producir e, no seu caso, as compensacións para mitigar o impacto producido.

A falta de respostas do Goberno de España xera dúbidas importantes sobre a estabilidade da infraestrutura, xeración e transporte de electricidade no noso país e as consecuencias que un feito destas características, de repetirse, podería ter na industria electrointensiva.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego do impacto que a prolongada interrupción do subministro enerxético acontecida o 28 de abril provocou na industria electrointensiva Alcoa, na Mariña lucense?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2025 18:12:30
Nº Rexistro: 26202
Data envío: 22/05/2025 18:12:30.982

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/05/2025 18:08:34

Elena Candia López na data 22/05/2025 18:08:54

Cristina Sanz Arias na data 22/05/2025 18:08:57

María Deza Martínez na data 22/05/2025 18:09:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2025 18:10:02

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/05/2025 18:10:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/05/2025 18:10:28

Ángel Rodríguez Conde na data 22/05/2025 18:10:58

Borja Vereza Fraiz na data 22/05/2025 18:11:03

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 22/05/2025 18:11:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-cjWFKSY-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

